



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 37

Sesión plenaria
25 de maio de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Lexislativo

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 13722, 11/PL-000009)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 137, do 10.05.2021

Punto 2. Comparecencia

2.1 14407 (11/CPP-000051)

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar do avance das negociacións e da postura de Galicia cara ao desenvolvemento da futura PAC 2023-2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

Punto 3. Mocións

3.1 16204 (11/MOC-000043)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14498, publicada no BOPG núm. 130, do 28.04.2021, e debatida na sesión plenaria do día 11 de maio de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

3.2 16235 (11/MOC-000044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14298, publicada no BOPG núm. 126, do 21.04.2021, e debatida na sesión plenaria do 11 de maio de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

3.3 16236 (11/MOC-000045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5204, publicada no BOPG doc. núm. 49, do 19.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 11 de maio de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 8059 (11/PNP-000830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento e aprobación dun novo Plan sectorial eólico para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

4.2 12623 (11/PNP-001240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e catro deputados/as máis

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

4.3 15327 (11/PNP-001481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como respecto da elaboración dun plan específico de loita contra a pobreza infantil en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

4.4 15635 (11/PNP-001505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto da intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

4.5 15692 (11/PNP-001510)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno central que a devolución do IVE de novembro se faga extensiva a todos os concellos e deputacións galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

4.6 15817 (11/PNP-001525)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover e dinamizar o sector da eólica mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021



Punto 5. Interpelacións

5.1 5617 (11/INT-000380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

5.2 15700 (11/INT-000891)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da paridade na composición dos órganos de toma de decisión do Consello de Administración da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

5.3 15829 (11/INT-000901)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a política do Goberno galego en materia de enerxía eólica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 16209 (11/POPX-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co fortalecemento dos Servizos públicos galegos como garantía fronte á crise sanitaria, económica e social da covid

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

6.2 16210 (11/POPX-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención primaria fronte ao impacto da pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 8193 (11/POP-001129)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións, detalladas por provincias, da Xunta de Galicia nas que se investiron os 105 millóns de euros do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 28.01.2021



7.2 15842 (11/POP-002077)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre os motivos da Xunta de Galicia para efectuar as convocatorias de «manifestación de interese» aos fondos *Next Generation* despois de remitirse a Bruxelas o Plan nacional de recuperación e resiliencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

7.3 15759 (11/POP-002066)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións do Goberno galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

7.4 16207 (11/PUP-000180)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e dezanove deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa folla de ruta que deberán seguir as distintas administracións públicas de cara a garantir o mantemento do emprego e produción en ENCE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

7.5 14142 (11/POP-001915)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre os avances producidos respecto da dotación de novas tecnoloxías destinadas á diagnose e á mellora tecnolóxica dos bloques cirúrxicos no Sistema galego de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

7.6 15555 (11/POP-002042)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e trece deputados/as máis**

Sobre as melloras realizadas nas infraestruturas sanitarias e os servizos implantados nos centros hospitalarios da provincia de Lugo desde o ano 2010

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.7 15882 (11/POP-002082)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dunha unidade de desordes alimentarias en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021



7.8 16201 (11/PUP-000179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a reforma lexislativa que evite a incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia co ingreso mínimo vital

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

7.9 7672 (11/POP-000998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as medidas de actuación do Goberno galego en relación coa fixación do prezo do leite

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Isaura Abelairas Rodríguez (S). (Páx. 11.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.
(Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 11.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución, e de posicionamento respecto do proxecto de lei: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 14.), Sr. Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 19.) e Sr. Rodeiro Tato (P). (Páx. 23.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 28.) e Sr. Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 30.)

Votación das emendas á totalidade, de devolución, presentadas ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia

Votación das emendas á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, presentadas ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia: rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 31.)

Votación das emendas á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, presentadas ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia: rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 32.)



Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar do avance das negociacións e da postura de Galicia cara ao desenvolvemento da futura PAC 2023-2027. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 32.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 40.), *Sra. Aira Díaz (BNG)* (Páx. 43.) e *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 47.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 50.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 55.) *Nesta rolda interveñen o señor Seco García (S)* (Páx. 55.), *a señora Aira Díaz (BNG)* (Páx. 57.), *a señora Candia López (P)* (Páx. 59.) e *o Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 60.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 63.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 64.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 67.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 70.)

A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 73.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta minutos da mañá e retómase ás catro da tarde.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 79.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 81.)

Nova intervención do señor Ríos Santomé (BNG). (Páx. 84.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 87.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 90.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 93.)

A señora Queixas Zas (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 96.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade: *rexeitada por 30 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil: *rexeitada por 30 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino: *rexeitada por 30 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento e aprobación dun novo Plan sectorial eólico para Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 103.) *e Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 107.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 111.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e catro deputados/as máis, sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 115.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 117)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Rey Varela (P).* (Páx. 120.)

O señor Arangüena Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 124.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como respecto da elaboración dun plan específico de loita contra a pobreza infantil en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 126.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 129.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 132.)

Nova intervención da señora Ortega Otero (S). (Páx. 136.)

Suspéndese a sesión ás sete e media do serán.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a este pleno a deputada dona Isaura Abelairas Rodríguez.

E sen máis entramos na orde do día. Primeiro punto.

Debate de totalidade do proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta lei presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

No ano 1989 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de ordenación do sistema universitario de Galicia, que transformou por completo o panorama do ensino superior da nosa comunidade. Algo máis de tres décadas despois, esta Cámara afronta un novo reto, xa que ten en tramitación e debe decidir sobre o Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por primeira vez, o legislativo galego debe —debemos— valorar e tomar decisións sobre un proxecto de lei para a creación dunha universidade privada en Galicia. Unha universidade que debe complementar as tres universidades públicas do SUG, asunto que, por outra banda, outras comunidades autónomas teñen afrontado xa con anterioridade. De feito, a primeira universidade privada non vinculada á Igrexa foi aprobada polas Cortes no ano 1993, en concreto a Alfonso X El Sabio.

Non podemos esquecer cal é o marco normativo de partida para a existencia de universidades en España. Estas son entidades públicas ou privadas con personalidade xurídica de seu, dotadas de autonomía, polo artigo 27.10 da Constitución española.

As lexislacións específicas, tanto a nivel estatal como as autonómicas, posibilitan a apertura de universidades privadas. No ámbito estatal, as referencias ao marco normativo fíxanse no ano 1983, coa Lei de reforma universitaria, aprobada neste caso polo Partido Socialista. No ano 2001, a LOU, a Lei de universidades, aprobada polo PP, mantén a posibilidade de ter universidades privadas, e o decreto posterior —a modificación, neste caso, do Goberno do Partido Socialista— non altera as condicións previstas na propia LOU para a creación de universidades privadas.



No ámbito galego, en Galicia, a publicación da lei do ano 2013, da Lei 6/2013, do SUG, que foi consensuada coas tres universidades públicas galegas, regulou polo miúdo a posible aparición en Galicia de universidades privadas.

É unha lei exixente, exixía máis que a vixente no ámbito estatal, e, dende logo, foi e é unha peza de referencia en España no ámbito da regulación das universidades privadas.

Hoxe en día, e ata a publicación do futuro decreto estatal anunciado polo ministro Castells, en Galicia estase a exixir, para a creación dunha universidade privada, dúas ramas de coñecemento, experiencia en xestión universitaria, programas de investigación e doutoramento, creación de bolsas para o alumnado ou tamén a viabilidade financeira acreditada, entre outros aspectos.

Froito desta normativa galega, máis estrita en xeral que a normativa autonómica, houbo, ao longo dos últimos anos, arredor dunha ducia de proxectos iniciais de universidades privadas, pero ningunha delas chegou a presentar formalmente a solicitude ao coñecer as exixencias mínimas que se solicitaban.

A tramitación deste proxecto de lei ten orixe no ano 2018, cando Afundación presenta formalmente a solicitude, seguindo, por suposto, todos os trámites preceptivos que establece o marco xurídico vixente. Neste contexto, a Xunta inicia o procedemento, xa que, de non facelo, se estaría incumprindo a lei.

Outro dato de interese é que, no conxunto do Estado, nos tres últimos anos, se presentaron ante o Ministerio de Universidades 17 solicitudes de informes para universidades privadas. Unha vez analizadas, obtiveron saldo favorable tres, entre elas a de Afundación.

Na elaboración desta petición cúmprense todos os preceptos legais. A proposta presentada someteuse a consulta pública previa e a información pública o anteproxecto de lei. Estivo exposta no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia e solicitaronse todos os informes necesarios, da Secretaría Xeral de Universidades, do Servizo Técnico-Xurídico, da Asesoría Xurídica,... moitos informes. E é significativo o informe positivo da Conferencia General de Política Universitaria, do Ministerio de Universidades, que se pronunciou ao respecto no ano 2020. Tamén, por suposto, o informe de legalidade metido pola Secretaria Xeral Técnica de Universidades e o ditame do Consello Económico e Social.

Unha vez atendidas e plasmadas no anteproxecto as suxestións, reservas e requirimentos dos diferentes axentes actuantes, o texto para a futura lei foi aprobado no Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo. O dito texto remítese ao Parlamento para a súa tramitación xa que a solicitude cumpre con toda a lexislación vixente. Visto o procedemento legal, paso a continuación a explicar o proxecto de lei.

O 31 de marzo entra nesta cámara o proxecto de lei para a súa tramitación polos grupos parlamentarios, comezando polas emendas á totalidade presentadas polo Partido Socialista de Galicia e polo BNG, que dan pé, precisamente, a este debate.



O proxecto parte do Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa, o IESIDE, centro adscrito á Universidade de Vigo, onde se imparten os estudos oficiais de grao en Administración e Dirección de Empresas, e tamén un máster co mesmo nome, ademais de títulos propios.

A constitución da Universidad Intercontinental de la Empresa como universidade privada de servizo público e responsabilidade social está especializada no eido da empresa e terá carácter internacional. Prevé centrar a súa actividade académica en dúas áreas de coñecemento: ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura.

Respecto á estrutura e aos aspectos relevantes do texto normativo, temos que dicir que este proxecto de lei se estrutura en oito artigos: o primeiro, de recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa; o segundo, estrutura e organización académica; o terceiro, inicio e cesamento da actividade; o cuarto, requisitos de acceso; o quinto, garantir a actividade; o sexto, inspección e control; o sétimo, transmisión ou cesión da titularidade; e o oitavo, a incidencia orzamentaria.

Ten dúas disposicións transitorias, referidas ao proceso de integración do Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa e á caducidade do recoñecemento, e outras dúas disposicións derradeiras, sobre o desenvolvemento normativo e a súa propia entrada en vigor.

Tamén inclúe o texto un anexo no que se citan centros e tamén a oferta docente inicialmente prevista.

Estamos ante un texto normativo breve e que cumpriu co procedemento, incluíndo o informe favorable do Ministerio de Universidades, acordado a finais de novembro do ano 2020, é dicir, que esta universidade privada conta co aval positivo do actual Goberno de España e respecta a legalidade vixente.

Impartirá ensinanzas en modalidades presencial e semipresencial para títulos oficiais. De aprobarse este proxecto, aportará un sistema propio de bolsas e axudas ao estudo en consideración ao expediente académico do estudante e das súas circunstancias persoais e familiares. Destinará a este fin o 15 % dos ingresos totais obtidos anualmente. A sede establécese en Santiago de Compostela, con dous campus académicos, na Coruña e en Vigo, operando cun sistema de intercampus en rede. As clases impartiranse nas seguintes estruturas docentes: a Facultade de Administración de Empresas e Dereito, a Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial e a Facultade de Investigación.

Inicialmente impartirá catro graos, catro másters universitarios e dous programas de doutoramento. As denominacións de todo isto aparecen no anexo do proxecto de lei.

En materia de titulacións, axústase á normativa vixente, ademais de ter en conta a doutrina do Tribunal Constitucional e o conxunto da xurisprudencia de referencia. E merece a pena resaltar que respecta o previsto na Lei do SUG, que nos di literalmente: «O catálogo de titulacións ofertadas deberá ser complementario e non reiterativo respecto das titulacións preexistentes ou consolidadas no SUG. E valorarase especialmente a súa conexión con novas ramas xurdidas no campo científico e con novas necesidades profesionais».



A actividade organízase en áreas académicas de coñecemento; cada unha farase cargo dunha oferta docente estruturada en programas e fomentará a actividade investigadora, por medio de estudos de grao, másters universitarios e programas de doutoramento.

De conformidade coa lexislación autonómica, o inicio das súas actividades deberá ser autorizado por decreto do Consello da Xunta, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legais exixidos pola normativa estatal e autonómica vixente.

Ademais, quero deixar moi claro que a execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia ningunha na dotación orzamentaria prevista no Plan galego de financiamento universitario. Esta nova universidade autofinanciarase dun xeito absolutamente privado, non interferindo nas liñas de financiamento público. Polo tanto, non se debería trasladar á cidadanía a falsa idea de que este proxecto vai en contra do apoio da Xunta á universidade pública.

En moitas comunidades de España, na inmensa maioría das comunidades españolas, nas últimas décadas creáronse universidades privadas, con gobernos autonómicos e estatais de diferente cor política. Estamos, en definitiva, ante un proxecto universitario financiado por unha institución privada, unha fundación sen ánimo de lucro, que aposta polo ensino superior e que ten unha vocación de ser útil e de diversificar a oferta educativa de Galicia, sen menoscabo, por suposto, do bo facer das tres actuais universidades galegas, sendo, ademais, plenamente compatible, incrementando a oferta dun xeito complementario.

Señorías, esta Cámara ten que decidir, como xa fixo no ano 1989, sobre a evolución do sistema universitario, e debe facelo dende o respecto, por suposto, ás normas, en especial a Constitución e a lexislación universitaria estatal e autonómica. E tamén ao exercicio da liberdade, para que as persoas conten con opcións para escoller a súa formación de educación superior, e non só noutros puntos de España, onde as universidades privadas son —podemos dicir así— normais, non só noutros lugares de España, noutras comunidades autónomas de España, senón tamén dentro tamén da nosa propia comunidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución, e de posicionamento respecto do proxecto de lei. Grupo Parlamentario Socialista, señora Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Nós queremos comezar este debate tal e como comezamos a nosa emenda á totalidade, *(Interrupcións.)*, que penso que é moi clara. Ao noso modo de entender, non queda acreditada a necesidade dunha lei que recoñeza a primeira universidade privada de Galicia. ¡Moito lle



gusta a este Goberno falar sempre da primeira, auspicia a primeira, somos os primeiros,... e compararnos, ademais, con outros territorios!

Dende logo, non queda acreditada a necesidade desta universidade, toda vez que as tres universidades públicas que conforman o Sistema universitario galego cobren xa a demanda dos estudos de ensino superior no noso país, e ademais con estándares de calidade debidamente avaliados e certificados. Non é certo, nin correcto, que co recoñecemento desta universidade se amplíe a oferta de formación, dado que a maioría dos títulos proxectados xa existen en Galicia como tales, xa existen, digan vostedes o que queiran, pero xa existen, e despois explicaremos que nalgúns casos en varios campus.

Non, señores e señoras do PP, non, conselleiro, non estamos en contra da iniciativa privada, o PSdeG non está en contra, non empreguen ese argumento. Pero é que, ademais, xa lles digo, fíxense, mesmo se estivésemos en contra da iniciativa privada, que non é o caso, pero mesmo se estivésemos en contra non nos faría falta empregar esta liña discursiva, porque o proxecto —repito— que hoxe debatemos aquí e que explicaremos agora ben é o dunha universidade que presenta os títulos mínimos exixidos por lei para ser universidade, que a maior parte deles, ademais, xa existen no noso sistema público.

Así que, señores Puy e Tellado, que foron os que fixeron declaracións aos medios acerca desta cuestión, deixen de apelar a argumentos incertos para xustificar a nosa oposición a un proxecto que non trae nada novo, absolutamente nada novo. Podería xustificarse se vén cubrir necesidades demandadas polo mercado ou polo alumando, pero é que non é o caso. Porque, como dicimos, as tres universidades públicas galegas xa cobren toda a demanda. E é mais, cobren esa demanda e fano con excelencia recoñecida e acreditada, e cunhas necesidades orzamentarias —e isto non é pouco importante— que superan en moito o achegado polo Goberno galego.

Apoien as iniciativas privadas que desexen, non temos ningún problema. Pero primeiro coíden o que é de todos e de todas. (*Aplausos.*) Incrementen o financiamento para o período 2022-2026 do SUG, sobre todo o estrutural, tal e como piden as propias universidades.

Fagan tamén, favorezan tamén, contratos estables de docentes e persoal investigador, e tamén de persoal de administración e servizos, para rexuenerar un cadro de persoal das universidades que está absolutamente envellecido. Incrementen as bolsas, melloren as posibilidades e condicións de contratación e estabilización do persoal investigador, e atendan tamén as sucesivas demandas infraestruturais que a universidade pública solicita.

Non compartimos tampouco, de ningunha maneira, a forma de proceder para a tramitación desta lei, pois incumpriría todos os estándares de transparencia e as obrigas de transparencia. Pero non, non, pensamos que isto adoeceu dun absoluto escurantismo, de falta de transparencia, de opacidade, e que mesmo foi denunciada, ademais, por todas as persoas ou entidades que quixeron emendar ou presentar alegacións. A nós mesmos, a este grupo resultoulle moi complicado, moi, moi complicado, tivemos que presentar aquí varias iniciativas para ter por fin nas nosas mans a propia memoria xustificativa deste proxecto.



Moi ao contrario, para a avaliación da súa pertinencia, tivemos que dar por veraces, máis ben por obxectivos, os diversos informes preceptivos oficiais, que nalgún caso, máis que limitarse a velar polo cumprimento da legalidade e a pertinencia deste proxecto, como era a súa obriga, por momentos parecían converterse en promotores da iniciativa. E este é o caso dos sucesivos informes da Secretaría Xeral de Universidades, que semellan máis panfletos publicitarios ou folletos de patrocinio que informes neutrais e obxectivos, que é o que deberían ser. Un auténtico despropósito. Os informes da Secretaría Xeral de Universidades son un auténtico despropósito.

E esa Secretaría Xeral insiste nos seus informes, nos sucesivos informes, en tres motivos que xustifican a oportunidade da nova universidade. E escoiten ben: un é a docencia mixta, presencial e interactiva, e a especialización na empresa, a tecnoloxía e o emprendemento —o señor conselleiro tamén hoxe falou disto—, a mellora da empregabilidade do alumando, baseado en que o proxecto supón, e cito textualmente, «un modelo de referencia internacional en innovación, tecnoloxía, enfoque empresarial, excedencia academia, carácter interaccional.» Quedo sen folgos xa só nomeando todas estas excelencias.

E o terceiro argumento é un forte impacto económico, xa que di que «atraerá estudantes doutros lugares, e aumentará a taxa de actividade emprendedora de Galicia».

¡Claro!, ao entender deste grupo parlamentario, do PSdeG, ningunha das tres razóns aducidas —por certo, aducidas pero non argumentadas— nes informes obedecen á realidade, en tanto que as universidades públicas galegas veñen de demostrar a súa extraordinaria resiliencia na capacidade para impartir docencia non presencial nestes tempos pasados da pandemia.

Non comprendemos, nin admitimos tampouco, que a formación que vai impartir a nova universidade digan vostedes que vai mellorar a empregabilidade. Consulten vostedes eses mesmos índices de empregabilidade que manexan os observatorios ocupacionais das universidades galegas e verán como lles sorprende. E menos aínda imos consentir que se poña en dúbida que a excelencia, a internacionalización, a innovación ou o enfoque empresarial non son claves no actual modelo do SUG. ¡Defendan o público, por favor!

Por último, descoñecemos os indicadores empregados para afirmar que os novos estudos favorecerán un aumento da taxa de actividade emprendedora. ¿En base a que fan esta afirmación? ¿En base a que? Esperemos que despois nolo poida contar.

Resulta abraiante, de todo abraiante, que a Xunta de Galicia, con competencias nesta materia e que leva sometendo as universidades públicas a unha asfixia orzamentaria, a pesar da cal manteñen o seu recoñecemento de excelencia, asuma que a mellora da empregabilidade e da taxa emprendedora no noso país virá da man da existencia dunha universidade privada. ¡Absolutamente abraiante!

O noso grupo parlamentario queremos facer nosos os argumentos das tres universidades públicas galegas, e tamén das forzas sindicais, cando falan —volvemos repetir, pero é que este é o argumento principal— de que coa súa oferta se cobre perfectamente a demanda



de estudos de educación superior do noso país. De feito, as prazas de estudo ofertadas de inicio o curso pasado superaron en mil o número de estudantes que aprobaron as probas de acceso á universidade. ¿Non está cuberto? ¿Non están cubertas as prazas? ¿Non está cuberta a demanda?

De aí, claro, imaxinamos que, con estes datos, deses mil, a Consellería leve anos argumentando que as prazas son suficientes e que por iso hai que pechar o cupo, mesmo ás veces tamén obrigando a reducir esas prazas.

Claro, pero agora resulta que lles parece unha boa idea que unha nova universidade privada, que incrementaría esas prazas que ata agora non eran necesarias, e repetimos, en estudos que xa existen, agora isto parécelles unha boa idea. Bueno, se alguén o comprende, que nolo explique, por favor, porque nós aínda non o entendemos. Porque as universidades do SUG levan tempo, moito tempo, reclamando a posibilidade de incrementar as prazas nalgúns dos seus títulos máis demandados, sen que esta solicitude lles fose en ningún momento aceptada.

Iso si, como dicimos, a Consellería xustifica como razoable crear unha nova universidade, que, evidentemente, si vai incrementar esas prazas. Onte mesmo asistíamos con estupor..., coñeciamos que para o vindeiro curso, e debido a unha —e cito textualmente, porque esta é unha nota de prensa da Xunta de Galicia, do gabinete de comunicación da Consellería— «a unha sobreoferta estrutural», se reducen prazas no título de Administración e Dirección de Empresas, o mesmo que vai ofertar esta universidade privada, e redúcense prazas. Non sabemos se é que se reducen prazas deste título para xa dar cobertura ás outras que van entrar coa universidade privada. Non o comprendemos. De verdade que non o comprendemos, e máis cando esas matrículas son de 7.500 euros por curso, por certo, a máis barata, a máis barata. Repito, se alguén o entende que nolo explique, porque a nós nos parece delirante.

Dito todo isto, o argumento fundamental e, ao noso entender, irrefutable —do que xa estamos falando dende o principio—, para solicitar a devolución deste proxecto é que a Universidade Intercontinental da Empresa —ou de la Empresa— non cumpre nin con moitos dos requisitos xerais exixidos no Decreto 222/2011, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais en Galicia —por certo, un decreto só mencionado no brevísimos informe da ACSUG, non hai ningunha outra mención en toda esa memoria— nin tampouco cos requisitos do artigo 13, apartado g, da Lei 6/2013, do SUG, que di, como xa expuxo o conselleiro pero quizais haxa que lela outra vez: «O catálogo de titulacións ofertadas deberá ser complementario e non reiterativo respecto das titulacións preexistentes e consolidadas no SUG.»

Bueno, isto que estamos dicindo nós tamén o dicía o Consello Económico e Social de Galicia no seu informe —por certo, negativo, pero é igual, ¡que máis dará!— ao facer alusión ao propio informe tamén da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego —a ACSUG—, que indicaba que, «a teor da documentación presentada, non se cumpriría co disposto na lei mencionada.» O que, increíblemente, contradí o afirmado no proxecto de lei e nos informes, como digo, nesos informes publicitarios da Secretaria Xeral de Universidades, que falan de que si se amplía a oferta. ¿En que quedamos? ¿Amplíase, non se amplía? A propia ACSUG di que non se cumpre a lei. ¿En que quedamos?



Nós o que queremos aquí son datos obxectivos, e vostedes dirán se hai ou non hai duplicidade.

O grao en Administración e Dirección de Empresas, que tamén forma parte da oferta desta nova universidade privada, impártese en Galicia nas tres universidades galegas, nas tres. Pero é que, ademais, en cinco campus: Ourense, Vigo, Santiago, Lugo e A Coruña.

No de Lugo ofrécese, ademais, o grao en Empresa e Tecnoloxía. As tres universidades teñen tamén diversos estudos de grao en Sistemas de Información e TIC. Pero é que tamén existen en catro campus —Vigo, A Coruña, Santiago e Lugo— mestrados en Dirección e Administración de Empresas, exactamente os mesmos que propón esta nova universidade privada. Tamén en Enxeñería de Datos, así como, ademais, tamén hai doutoramentos en Economía e Empresa. Exactamente o mesmo título que oferta a universidade privada. E pasa exactamente o mesmo —e non me vou aquí estender— cos programas das supostas liñas de investigación propostas.

Ou sexa, as tres universidades públicas xa contemplan uns estudos da nova que se pretende crear, xa están adaptadas ás novas necesidades. Tamén falan de economía dixital, e tamén de emprendemento.

Por iso nos parece de todo non só inaceptable senón inaudito que neguen a maior e falen de que coa nova universidade haberá complementariedade, ¡non a hai!

Se ben este incumprimento evidente da lexislación podería ser o único argumento para solicitar a devolución do proxecto, hai moitas cuestións máis das que hoxe non me vai dar tempo de falar, pero bueno...

En relación coa investigación e a acreditación da experiencia investigadora do persoal que formará parte da UIE, o sistema público universitario do Estado saben que dispón dun sistema amplamente recoñecido, como é o sexenio, para acreditar a experiencia investigadora. Este é o instrumento e o indicador inequívoco que define a cualificación investigadora de calquera PDI. Bueno, pois a proposta de creación da UIE non aclara se o persoal cumpre ese requisito de contar cunha experiencia mínima en materia de investigación e, de feito, parécenos bastante complicado que o poida cumprir.

Tampouco se contemplan os ingresos previstos que permitan coñecer con detalle qué se vai destinar ao fomento da investigación.

Indo xa ao orzamento, pois vostede falou aquí de orzamento. Asegúrase que a UIE non terá incidencia ningunha na dotación orzamentaria prevista no Plan galego de financiamento. Pero da etérea redacción do proxecto non somos capaces de desbotar a posibilidade de que vaia existir algunha outra achega de recursos por parte do Goberno galego. Porque na dotación non, pero ¿que pasa coa repartición?, ¿tampouco no seu fondo do Plan xeral de financiamento dedicado a I+D de transferencia, que no actual plan supón entre un 12 e un 15 do plan vixente, que ascende a cerca de 60 millóns de euros?, ¿tampouco aí?

Nós, desculpe que desconfiemos, pero é que nos preocupa que o Goberno galego non emendase o que a empresa promotora aduce, sen ningún tipo de reparo, na memoria presentada,



como é que a nova universidade —di textualmente— «será beneficiosa para Galicia polo seu impacto económico, xa que a atención supón un aforro no gasto público en educación, sobre todo en posgrao.». ¡Aforro no gasto público en educación! Nós descoñecemos se a Xunta de Galicia dá por boa esta afirmación, o que suporía, en efecto, o inicio do desmantelamento da educación superior pública en Galicia.

É tamén preocupante a indefinición do que se alerta tamén nalgún dos informes acerca da metodoloxía educativa, ou da contratación do profesorado, a que se refire coa forte orientación interaccional, e, dende logo, parécenos moi insuficiente o dedicado a bolsas.

Por último, apreciamos certa laxitude —e isto preocúpanos moito— nos prazos de inicio e cesamento de actividade. E hai un total desinterese nas tarefas de avaliación, inspección e control. Non se fai mención ás sancións en caso de incumprimento, o que quede dicir que a súa aplicación carece de efectividade legal. Alén, ademais, da inexistencia de mención ningunha ao uso da lingua galega ou o cumprimento da igualdade entre homes e mulleres, tal e como establece a legalidade vixente.

Por todo isto, que, como entenderán, foi un sintético resumo das múltiples razóns que atopamos para non recoñecer a creación desta nova universidade, non imos apoiar este proxecto. Temos un sistema universitario público de excelencia acreditada que cobre toda a demanda existente no noso país, cun profesorado tamén acreditado baixo os máximos estándares de calidade. Cunha investigación punteira no conxunto do Estado en moitísimos ámbitos, concretamente nestes da nova universidade, tal e como queda recollido nos sucesivos *rankings* que se elaboran cada ano. E todo isto cun plan de financiamento absolutamente insuficiente, os datos son teimudos. Dende logo, na man do Goberno galego queda ou comprometerse no afianzamento do noso sistema universitario público —que, como dicimos, é máis que suficiente para cubrir a demanda do noso país— ou continuar coa estratexia seguida ata o de agora de asfixiar as nosas universidades públicas.

E nada máis polo de agora.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Antonio Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitas grazas, presidente.

Permítanme, antes de comezar, trasladar unha lembranza á familia de Xosé Represas, alcalde de Pontearreas, que vén de deixarnos no día de onte, (*Aplausos.*) e que dedicou tanto tempo da súa vida a traballar polo seu concello (*Aplausos.*) e polo seu país. (*Aplausos.*) ¡Pepe Represas, sempre connosco! (*Aplausos.*)



Reflexionaba nestes días un reitor dunha universidade galega —tamén o facía en termos semellantes un catedrático da USC—, nun acto de defensa da universidade pública, sobre unha idea que eu creo que dalgún xeito constitúe o cerne, o miolo, do debate que se abre con este proxecto de lei para a privatización da universidade galega. E esa afirmación xiraba ao redor da idea de que fixo máis a universidade pública galega coas súas tres universidades, cos seus sete campus despregados por todo o país, pola cohesión social, pola democratización do acceso á educación superior dos fillos dos traballadores e traballadoras que calquera política ambiciosa de becas ou financiamento universitario, que, por outra banda, nunca se produciu neste país. E dicimos que isto constitúe dalgún xeito o cerne do debate porque foi o carácter público da universidade galega o que permitiu que tantos fillos e fillas de traballadoras puidésemos ter ido á universidade. Foi o carácter público da universidade galega o que permitiu que as maiorías sociais deste país puidesen ter acceso á educación superior. Foi o carácter público da universidade galega o que contribuíu de forma intensa á cohesión social de tantas familias pobres. E é tamén este carácter público da universidade galega o que se lles atraganta a aqueles que conciben a educación das nosas fillas e fillos meramente como un negocio co que facer caixa. O que se lles atraganta a aqueles que pretenden converter dereitos en capital especulativo e o fan, ademais, con prezos absolutamente obscenos.

E por iso, é por esta cobiza desmedida de Abanca e por ese aliñamento do Partido Popular cos intereses do señor Escotet polo que hoxe estamos a debater neste Parlamento sobre este proxecto de lei para a creación dunha universidade privada. Unha universidade privada que —como aquí se dixo xa— é absolutamente innecesaria no noso país. Unha universidade privada que se constitúe co informe negativo do Consello Económico e Social. Unha universidade privada que se constitúe co posicionamento contrario da Universidade de Vigo, da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade da Coruña; co posicionamento contrario das organizacións sindicais e estudantís. E que reflicte, de xeito nidio e cristalino, unha dialéctica clara: por unha banda, o Partido Popular, aliñado cos intereses da Fundación Abanca; e, pola outra, a universidade pública galega, que se posiciona en defensa dun modelo público socialmente cohesionador e garante da igualdade de oportunidades.

Porque isto é do que estamos a falar, señor conselleiro. Nós agradecemoslle que veña aquí lernos a lexislación e explicarnos un procedemento administrativo que, tristemente, coñecemos. Non estaría de máis que, ademais de explicarnos esa lexislación, a cumprisen, e, ademais de explicarnos ese procedemento administrativo, pois tamén o tivesen cumprido. Porque do que aquí estamos a falar é de se por primeira vez neste país imos establecer que criterios de acceso á calidade do sistema universitario ou á investigación estean ao servizo do interese xeral desta sociedade ou ao servizo dos intereses de Abanca. Estamos ante un cambio de modelo da universidade galega no que por primeira vez tiñamos e estábamos ante un modelo intrinsecamente público, e ese modelo vai ser rachado en beneficio da universidade privada.

Dicía Boaventura de Sousa Santos, sociólogo portugués, *honoris causa* pola Universidade da Coruña, nun prólogo —que será o libro de Xosé Luís Armesto, reitor da Universidade da Coruña, universidade galega sempre pública— que o neoliberalismo empregou sempre tres factores para establecer e implementar na universidade os valores de mercado. E estes tres elementos veñen ser o financiamento, a concorrência desleal e o *ranking* e as cuantificacións



científicas. Tres elementos que se dan de maneira absolutamente transparente en todo o procedemento que vimos para a implementación dunha universidade privada no noso país.

Financiamento. Dende que governa o Partido Popular nunca se acadou o dato de financiamento do ano 2009 no programa de ensinanzas universitarias. A diferenza acumulada neste período 2010-2021 a respecto deses 385 millóns de euros do ano 2009 supera os 440 millóns de euros. 440 millóns de euros que teñen o seu correlato en precarización do persoal docente e investigador; na falta de estabilidade do persoal, nomeadamente, da investigación, tamén dos docentes; contratos precarios; precarización dos PAS; etc etc. etc.. E este era o caldo de cultivo necesario para abrir paso a este novo cambio de modelo da universidade galega, para abrir paso a unha universidade privada no noso país. Que, como vostede ben di, se dá en tantos outros lugares do Estado.

Mais a pregunta semella evidente: ¿é necesaria en Galiza unha universidade privada? ¿É necesaria cando vostede mesmo trae aquí exemplos, como o da Universidade Alfonso X o Sabio, que sabe perfectamente que foi vendida o ano pasado a CVC Capital Partners por 1.100 millóns de euros? ¿Para que fondos voitre especulen co futuro e coa educación dos nosos fillos? ¿Para que falemos, por exemplo, do que acontece coa Universidade Europea de Madrid, vendida ao Fondo Permira por 770 millóns de euros? E hoxe teñen 300 traballadores en ERTE e os estudantes na estacada. ¿Ese é o modelo, os exemplos que vostedes queren implementar no noso país? Polo tanto, señor conselleiro, señores do Partido Popular, o SUG non precisa unha universidade privada. O SUG precisa financiamento do sector público, (*Aplausos.*) financiamento da universidade pública. (*Aplausos.*)

E nós trasladamos aquí, simplemente, o que traslada alguén tan pouco sospeitoso de querer tomar o pazo de inverno como pode ser o Consello Económico e Social, como poden ser os consellos sociais das universidades galegas —por certo, papelón dos presidentes dos consellos sociais das universidades no Consello Galego de Universidades—. Ou como o trasladan, por exemplo, os reitores das universidades públicas galegas. O sistema universitario galego pode cubrir con calidade, con equidade, con eficiencia, toda a formación que está ofertando Abanca, porque estamos a todas luces ante ofertas reiterativas.

Estamos ante ofertas reiterativas e cunha universidade pública —como ben se dicía antes— na que se excedeu en case mil o número de alumnos que accederon este ano á universidade. E que a mesma Xunta de Galiza, que ten un cupo pechado para o sistema universitario galego, ¿dá barra libre á constitución de prazas en titulacións que están sendo ofertadas pola universidade pública a unha universidade privada?

E con isto, señor conselleiro e señores do Partido Popular, imos ao que foi todo este modelo de procedemento, que ten que ver con esa concorrencia desleal, que no caso galego vai moito máis alá. Non se pode cualificar de concorrencia desleal unicamente, estamos a falar dunha inmoralidade obscena, señor conselleiro, que a mesma entidade que foi rescatada con 8.000 millóns de euros públicos das galegas e dos galegos agora o Partido Popular pretenda agasallala tamén coa universidade galega. Esa é a gran contribución do señor Escotet ao noso país e á universidade galega: poñer prezos de matrícula de 10.000 euros para acceder á súa universidade privada.



É concorrencia desleal, señor conselleiro, porque estamos ante unha tramitación inzada dunha falta de transparencia na que non se gardaron nin as formas máis elementais. Fíxese que non o digo eu e non o di o BNG, é o propio informe da Universidade de Vigo e da Coruña o que di: «a omisión de informes e memorias...» —en todo o procedemento que vostede nos explicaba— «...xa constitúen de seu un incumprimento do disposto na normativa universitaria galega». Pero é que se pasamos —como aquí se dixo antes tamén— a analizar o informe de pertinencia socioeconómica da Secretaría Xeral de Universidades, señor conselleiro, estamos a falar dunha Secretaría Xeral de Universidades transformada nunha axencia de *marketing* de Abanca. (*Aplausos.*) Afirmacións como «un novo modelo innovador e de vangarda», «a alta especialización con prioridade da formación de posgraos», «campos virtuais vangardistas», «excelencia académica»... Todo isto, no informe do organismo que debería velar polo cumprimento e que, lonxe disto, ao que se dedica é a facer un panexírico digno dos trobadores medievais dunha universidade privada con prezos de matrículas desorbitados.

É concorrencia desleal porque, en definitiva —pódeno repetir as veces que o consideren necesario, señores do Partido Popular—, estamos duplicando titulacións existentes no SUG. As referencias ao artigo 13 da Lei 6/2013, do SUG, que establece que o catálogo de titulacións debe ter un carácter complementario e non reiterativo, non se cumpre. E non se cumpre sen gardar mesmo as formas. Pero —aquí díxose antes— é que somos perfectamente conscientes de que o grao EGADE en Administración e Dirección de Empresas se imparte nas tres universidades, nos cinco campus. ¿Como se pode xustificar, cando nin sequera no que ten a ver co nome da titulación se gardan as formas, que non estamos ante un título de carácter complementario? Pois ¿que é o que fai?, ¿cal é o equilibrio dialéctico do señor Escotet? Dicar que non ten carácter reiterativo porque ten unha alta especialización... porque o sistema universitario público galego semella que ten baixa especialización. Isto é o que vostedes dan por bo, señores do Partido Popular, para privatizar a universidade galega.

E outro tanto acontece cos programas de doutoramento —aquí díxose tamén—. É sabido que os requisitos para establecer un programa de doutoramento e investigación se establece en que o 60 % do profesorado tivese nos últimos anos un sexenio activo. E aquí concédense dous programas de doutoramento sen saber sequera que profesorado vai impartir eses programas de doutoramento. Polo tanto, a concorrencia xa non é que sexa desleal, é que se lle están poñendo paus nas rodas á universidade pública galega limitando programas de doutoramento por non cumprir este requisito e a esta universidade privada ofrécenselle, dán-selle, programas de doutoramento e permítenselle sen sequera saber cales van ser os profesores e cales van ser os seus currículos.

E xa no que ten a ver para achegarnos aos *rankings* e cualificacións científicas, señor Rodríguez, *rankings* ofrecendo produción e cohesión social, ¿vostede cre que se pode denominar de interese xeral que ao fillo dun traballador, señor Rodríguez, se lle poña como requisito para acceder a esta universidade 7.500 euros do primeiro ano e 8.250 do quinto ano? ¿É isto interese xeral? ¿É isto favorecedor da cohesión social? ¿É favorecedor que os prezos de matrícula para un programa de mestrado, señor conselleiro, oscilen entre os 10.500 e os 11.800? ¿Esta é a proposta de cohesión social do Partido Popular? Esta é a proposta de interese xeral do señor Escotet e de Abanca.



Aquelas familias de baixos recursos que, polo que fose, quixesen acceder a esta titulación, no suposto imaxinario de que non estivese reiterada, ¿estarían en igualdade de oportunidades? ¿Ou esa igualdade de oportunidades vén exclusivamente determinada polo número de ceros que teñan na conta bancaria?

Estamos tornando criterios como o da igualdade, mérito e capacidade por criterios económicos, señores do Partido Popular, e faise certamente —coincido con vostede, señor Rodríguez— co informe favorábel do Ministerio e co informe favorábel do que se dá en chamar o goberno máis progresista da historia. E chama a atención porque lle correspondería, tamén tivo nas súas mans modificar esta lexislación para evitar este tipo de universidades, nas que por, outra banda, a investigación fica absolutamente desaparecida. E fica desaparecida non porque o digamos nós, dino os propios informes da Universidade de Vigo. A única referencia que o anteproxecto reza da actividade investigadora é inexacta e incompatíbel coa normativa, referida aos estudos de grao, máster universitario, programas de doutoramento, e confunde de forma inexplicábel docencia con investigación. Isto é o que están dicindo as universidades públicas galegas, señor conselleiro, nin sequera o di o BNG. Estamos ante unha universidade que ten un nivel de apego no territorio de tal magnitude que non aparece nin unha soa liña para falar da lingua propia do noso país. Son internacionais agás cando se trata de establecer a lingua da nosa nación, do noso país, que esa fica absolutamente desaparecida.

Malamente poderán desenvolverse os sectores produtivos dun país, malamente unha universidade poderá desenvolver todo o potencial que pode ter un país, os nosos mozos, o noso potencial investigador, sen nin sequera contempla o lugar, as casuísticas, a cultura, a lingua do país no que pretende...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...asentarse.

Moi pola contra, estamos ante unha universidade que duplica as titulacións existentes, non pretende senón crear un *looby* para elites sociais que si poden pagar estes prezos de matrícula e, polo tanto, dende o BNG —non pode ser doutro xeito— opoñémonos e solicitamos a retirada deste proxecto de lei.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día. Moi bo día a todos.



A verdade é que dá a impresión de que do expediente desta universidade algúns membros desta Cámara tan só leron unha parte. E a verdade é que lles recomendo que lean con máis detalle e con máis profundidade o informe da Conferencia General de Política Universitaria do Estado.

A verdade é que a Xunta de Galicia respecta a autonomía universitaria e a responsabilidade de coordinación co Sistema universitario de Galicia. E o Goberno galego aposta pola universidade pública, unha aposta absoluta e total, xa que temos as taxas universitarias máis baixas de España e somos a terceira comunidade de España que máis financia a universidade pública.

Mire, Galicia dotouse dunha lei, a Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, e esta normativa ten máis garantías que a estatal, porque exige requisitos adicionais para a implantación de universidades privadas de calidade.

E o Goberno do Estado, como lle dicía ao principio cando empecei, emite o 25 de novembro do 2020 o informe favorable no procedemento de recoñecemento da Universidade Intercontinental da Empresa. E unha vez feita esta análise de legalidade completa e exhaustiva —e nós fiámonos, señor Lourenzo, dos funcionarios públicos da Secretaría Xeral de Universidades—, unha vez feita esa análise completa e exhaustiva, esta entidade cumpre todos os requisitos, e a Xunta de Galicia respecta as leis. E para dar cumprimento á lexislación, agora corresponde a esta Cámara continuar co procedemento.

A Xunta de Galicia aposta polas tres universidades públicas sen ningunha dúbida, e non é incompatible co feito de que Galicia consiga por primeira vez na súa historia unha universidade privada de servizo público no marco dunha fundación galega sen ánimo de lucro. Polo tanto, afirmar, como fai o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, que se esta lei sae adiante prexudicará as universidades públicas galegas é unha mentira absoluta, froito dunha postura ideolóxica ancorada no século XIX e produto dunha postura populista clásica do século XXI. (*Aplausos.*)

Convén situar este tema no contexto correspondente, e dicíao ao principio: o Goberno galego leva anos traballando e mantendo unha boa coordinación coas universidades que integran o sistema universitario. E, tal como manifestaron os reitores na Comisión de reactivación deste Parlamento, as políticas desenvolvidas pola Consellería a través dos plans plurianuais de financiamento —por certo, plans plurianuais de financiamento que se puxeron en marcha cos gobernos do PP— serviron para dar estabilidade ás universidades galegas e para apoiar os seus estudantes, asegurando a igualdade de oportunidades. Galicia aposta pola universidade pública, o que se acredita no investimento público por parte da Xunta de Galicia, que neste ano ascende a 451 millóns de euros, que supón un récord histórico de investimento e de transferencias ás universidades. En Galicia mantéñense conxeladas por décimo ano consecutivo as taxas universitarias, o que supón un aforro ás familias de 21 millóns de euros por ano, o que representa, dende a conxelación das taxas, señor Lourenzo, 200 millóns de euros de aforro ás familias galegas. ¡Se mesmo o ministro de Universidades instaba a máis de dez comunidades autónomas a que baixaran o prezo das matrículas universitarias como fixo Galicia!



O gasto no Sistema universitario galego en relación co seu produto interior bruto é do 0,78 %. Supoño que esta asfixia, a que dicía a señora Díaz, asfixia orzamentaria ás universidades, 0,78 % en Galicia, moi por riba da media española, que se sitúa no 0,50 %.

E durante a crise económica as achegas da Xunta ás universidades estiveron garantidas. País Vasco e Galicia foron as dúas únicas comunidades autónomas que garantiron con plans plurianuais de financiamento para darlles garantía ás universidades. Non correron esta sorte outras comunidades autónomas como Cataluña ou Valencia, onde os seus gobernos rebaixaron drasticamente o financiamento universitario.

O prezo medio por crédito universitario en Cataluña é de 22,69 euros. O prezo medio universitario do crédito en Galicia é de 11,78. Eu creo que esta é a diferenza co resto de España, señor Lourenzo. Cando vostede fala dos recortes case había que citar os 2.000 millóns de euros de pufo que deixou o bipartito a pagar ás seguintes xeracións. Polo tanto, creo que hai que ser serios á hora de defender a universidade pública como está facendo a Xunta de Galicia.

E está traballando no novo plan de financiamento, señora Díaz, para o período 2022-2026, e está planificando a incorporación de 15 novas titulacións de máster e 10 novos graos para axustar a oferta dos títulos aos novos perfís profesionais da vindeira década.

A Xunta de Galicia respecta tanto a Lei de universidades do Estado como a Lei de universidades de Galicia. Non como fan os partidos políticos nesta Cámara. Dicíao ao principio: Galicia dotouse dunha boa regulación a través dunha propia lei de universidades, que é moito máis rigorosa, estrita e exixente que a lei estatal, porque o obxectivo é o de garantir proxectos de calidade, porque a prioridade da Xunta de Galicia foi sempre ter a mellor regulación posible que aposte pola calidade académica e pola excelencia na ensinanza e na investigación.

En España hai preto de 40 universidades privadas e en Galicia, ata este momento, ningunha. Somos a única comunidade de España con máis dunha universidade pública que non conta aínda con ningunha universidade privada. E foron moitas as iniciativas —dicíao aquí o conselleiro—, iniciativas de universidades privadas plantexadas en Galicia que non conseguiron pasar o trámite rigoroso da lexislación galega ao non contar ningún proxecto con todas as garantías legais e de solvencia necesaria ata este momento. A Xunta de Galicia recibe, como se expuxo aquí, a petición da Universidade Intercontinental da Empresa amparada na lexislación vixente e procedeu á súa longa tramitación.

Este expediente foi revisado, valorado e informado ata once veces por once organismos distintos, que emitiron os ditames correspondentes, entre eles os informes favorables da Conferencia General de Política Universitaria do Estado e do Consello Galego de Universidades.

Pois ben, rematados estes trámites que prevé a normativa, como expuxo aquí o conselleiro, que conta con todos os informes, corresponde a esta Cámara ter a decisión final de aprobar definitivamente a creación da primeira universidade privada de servizo público da nosa historia.

Falamos dun centro sen ánimo de lucro e en forma de fundación de interese galego. Unha entidade cen por cento galega que inviste en educación superior, que vai crear emprego de



calidade e vai ampliar a oferta no eido da educación universitaria. Que non vai representar gasto público e, polo tanto, non vai subtraer nin un só euro do financiamento das universidades públicas de Galicia. Repito, non vai subtraer nin un só euro das universidades públicas galegas. Unha iniciativa que incrementa a liberdade de elixir Galicia para moitos estudantes, xa que non hai que esquecer que en España 1 de cada 6 estudantes de grao elixen a universidade privada, elixen libremente a universidade privada. E onde 1 de cada 3 estudantes de máster elixen tamén a universidade privada.

A verdade é que os grupos da oposición pasaron moitos anos criticando a fuga de talento, pero cando aparece unha oportunidade de mantelo aquí e xerar sinerxías tampouco están de acordo. É máis, con esta oportunidade non só os estudantes galegos poden quedar aquí, senón que podemos atraer tamén estudantes doutras latitudes.

E gustaríame poñer en valor algo que garante esta lei: que o 15 % dos ingresos desta universidade se van dedicar a becas para os estudantes. E o 3,5 % dos ingresos vanse destinar á investigación universitaria. A verdade é que sorprende que haxa oposición a un investimento importante, moi importante, en educación superior.

A oposición pon nesta Cámara emenda esta lei amparándose nunha suposta duplicidade de titulacións. Non poden pretender vir aquí confundir e manipular porque saben perfectamente que a Escola de Negocios de Vigo Abanca —por certo, que leva desenvolvendo un importante labor no ámbito empresarial— promove e financia dende hai anos a titulación de grao e máster en Dirección e Administración de Empresas e tamén grao e máster adscritas á Universidade de Vigo. Esa mesma titulación tamén se imparte de forma directa pola propia Universidade de Vigo, polo tanto, non se duplica nada porque xa existen neste momento e desde hai anos os dous graos e os dous másteres que se están impartindo en Abanca e tamén na Universidade de Vigo. Pero, en todo caso, digan vostedes que artigo da lei di que non se poden duplicar as titulacións, no segundo turno digan en que artigo da lei non se poden duplicar as titulacións. Ademais, quero dicirlles que hai unha sentenza que lles recomendo que lean, porque é moi importante que a lean: a Sentenza 74/2019, do 22 de maio, do Tribunal Constitucional. Esta sentenza aclara totalmente todas as imprecisións que vostedes utilizan para xustificar a emenda á totalidade e bota por terra todo o seu argumentario. A sentenza indica que non se lles pode prohibir por lei ás universidades impartir titulacións xa existentes, o recoñecemento que nos demos todos, a autonomía para as universidades públicas e privadas, non se pode prohibir a impartición dunha titulación. Quero dicir que, en definitiva, ben podíamos aforrar este debate á totalidade porque a sentenza do Tribunal Constitucional di moi claro que o que vostedes piden aquí é totalmente ilegal.

Polo tanto, da lei hai complementariedade, que é o que hai que buscar, e é no que está traballando a Xunta de Galicia, como acaba de facer coa implantación do grao de máster interuniversitario en Intelixencia Artificial, coordinando este traballo coas tres universidades públicas.

Pero, en todo caso, o Bloque Nacionalista Galego rexeita esta proposta porque xa recoñece abertamente que está en contra por ideoloxía. O que diga a lei, o que digan as sentenzas do Tribunal Constitucional, o que diga o informe do Consello de Universidades tampouco lles



preocupa demasiado. Si me chama esa atención o Grupo Socialista, porque tanto a nivel autonómico como estatal, efectivamente, exercen ou teñen exercido responsabilidades de goberno e tamén afrontaron varias tramitacións semellantes. Dende logo, habería que preguntarlles se comparten ou non as decisións do Partido Socialista de Andalucía, que creou tres universidades privadas, ¿ou é que en Andalucía se pode e en Galicia non? Eu non sei se vostedes respectan a Constitución —e aquí o deixo, señora Otero—, non sei se están de acordo coa etapa de Rodríguez Zapatero, na que se aprobaron unha avalancha de universidades privadas, ou agora co propio presidente Sánchez —que é doutorado e docente dunha delas— que vén de validar as tres universidades, de 17 presentadas, entre elas a galega. E non sei se están de acordo coas manifestacións do propio ministro de Universidades. Non sei se están de acordo con el, onde di textualmente: «La política del Ministerio es favorable a la creación de universidades privadas.» Dío o voso goberno, señor Lourenzo, dío un goberno que vostedes apoiaron, un ministro que vostedes fixeron ministro. Polo tanto, vostedes aquí din unha cousa, ao ministro non lle din nada, en Madrid quedan calados e aquí soltan ese discurso. *(Aplausos.)*

Non sei que cambiou tamén dende o último debate do Estado da autonomía, onde o anterior portavoz do Partido Socialista dixo nesta cámara, textualmente, que a universidade privada está na lexislación, que hai universidades privadas en moitos lados, non pasa nada, que o que hai que garantir é que esta oferta non vaia en contra das universidades públicas que existen hoxe. E vostede, señora Díaz, tamén o dixo, pero tamén dixo nesta cámara que non están en contra das universidades privadas pero que atendan á legalidade. Palabras textuais súas da Comisión 4ª de hai un mes. Pois que esta lei atende a legalidade xa llo din os informes da Conferencia Xeral de Política Universitaria do Estado. ¿Ou é que agora vostedes non se fían do seu goberno, non se fían dos informes do Estado? Pero, por se fose pouco, os representantes do Partido Socialista no padroado de Abanca pois tamén votaron, votaron vostedes a favor de constituír, no marco desta fundación sen ánimo de lucro, unha universidade.

Por certo, os representantes da Xunta de Galicia abstivéronse. Pero tamén lle digo que o Concello de Vigo, nese padroado, tamén votou a favor de constituíla. E, señor Lourenzo, a Deputación de Lugo e a Deputación da Coruña, onde vostedes cogobernan, tamén votaron a favor de constituír esa entidade.

Non sei que é o que cambiou, pero en todo caso, señor Lourenzo, vostede falou aquí do ditame do Consello Económico e Social, e, efectivamente, hai votos particulares. E hai votos particulares que din exactamente o contrario do que vostede expuxo aquí. Polo tanto, pode falar tamén dos outros votos particulares, xa sei que non convén, ¡claro!. E tamén lle digo máis, señor Lourenzo: é unha mentira en toda regra dicir que se tes cartos xa tes acceso á universidade privada. É unha mentira en toda regra porque para acceder á universidade privada hai que ter superada a ABAU e tamén outras probas complementarias. *(Risos.)* Non, pódense rir, ¡claro, claro!, é que vostedes o que pretenden é enganar a xente. Veñen aquí co discurso da confusión. Si, si, si, e ademais saben que están mentindo a propósito, e non lles importa.

Pero, miren, a gran aportación que fai o Bloque Nacionalista, dende logo, a este debate é un chamamento a incumprir a lei. Xa sei que non lle gusta esta lei pero, miren, isto non depende



dos gustos políticos, nin depende da ideoloxía, non, non, non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Depende da lei, depende da lei.

Miren, remato xa, señor presidente. Galicia ten blindadas as necesidades de todos os nosos fillos que accedan á universidade pública. E Galicia aposta polas tres universidades públicas. De feito, estudar na universidade pública galega é moito máis barato que en calquera outro lugar de España, e este grupo parlamentario vai prestar o seu apoio a esta lei, porque respectamos a lexislación, porque aumenta a oferta educativa e porque estamos coa liberdade educativa e co dereito das familias a escoller o modelo educativo para os seus fillos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, grupos emendantes. Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Señor Rodeiro, tranquilízamos moitísimo saber que para acceder a unha universidade pública é preciso ter as probas de acceso á universidade, (*Aplausos.*) de verdade que nos tranquiliza moitísimo. ¡Iamos pensar que aí había barra libre!

O que xa non nos tranquiliza tanto é que vostede asuma que cunha universidade privada imos atraer talento. Iso é que nós, dende logo, non entendemos ese razoamento. ¿Que indicadores manexan para asegurar que a pública non o atrae? ¿Non se dan conta de que cos seus discursos o que están facendo sempre, e de que dos seus discursos subxace sempre unha cada vez menor quenenza polo público? E iso é moi preocupante por parte do partido que sustenta o Goberno, (*Aplausos.*) moi preocupante.

Miren, se ven a creación... Por certo, teño que dicirle que eu non falei dunha universidade privada naquela comisión, falaba da iniciativa. En Galicia non é precisa unha universidade privada, acabamos de expoñelo. Os grupos da oposición acabamos de expoñelo, non é precisa unha universidade privada porque está absolutamente completa xa toda a demanda que se necesita.

Se ben a creación dunha universidade privada está contemplada no ordenamento xurídico e é certo que o regula o Sistema universitario de Galicia, así como as normas xerais do Estado,... agradecemos moitísimo, señor conselleiro, que viñese aquí para lembralo, xa sabiamos ler, xa o tiñamos lido, ademais, moitas veces, asegúrolle que esta memoria, este proxecto de lei, xunto coa memoria xustificativa, está máis que lida por este grupo parlamentario e que, ademais, non debera haber inconveniente na creación dunha universidade privada se cumprise todos os requisitos da lei. Sorprende, aínda así, que se propoña esta nova universidade porque incumpre, e volvémoslo dicir, as normas básicas que xa expuxemos. Lamentamos que vostede diga que artigo incumpre porque xa o leu o propio conselleiro, eu



tamén o lin pero vólvollo ler, e di: «O catálogo de titulacións ofertadas deberá ser complementario e non reiterativo respecto das titulacións preexistente e consolidadas no SUG». Vostede vén aquí botar un discurso de 15 minutos pero, aínda así, aínda non sabemos onde vostedes non ven esa duplicidade que para nós é o argumento fundamental. Non o entendemos. Acabamos de dar, tanto o Grupo do BNG coma nós, acabamos de expoñer aquí, facer unha comparativa dos títulos que se ofertan. Entón, non entendemos esa evidencia, como poden negar esa evidencia. A nós sorpréndenos que se limite o acceso ás universidades públicas e á vez que se xustifique como razoable crear unha nova universidade que incrementa o número de prazas ofertadas —repetimos— en estudos que xa existen e, ademais, que duplican exponencialmente o prezo desas matrículas. A afirmación reiterada de que o proxecto vén completar a oferta normativa e investigadora non se deduce ou conclúe da información achegada. Dende logo, non se deduce, o que fai que as alegacións das universidades, dos sindicatos e do propio Consello Económico e Social, señores, sexan, máis que pertinentes, irrefutables, irrefutables.

O proxecto cumprirá as leis, nós cremos que non, pero cumprirá as leis, as normas e as disposicións legais. Pero iso non debera concederlle carta branca, cumpre coa forma, segundo vostedes cumpre coa forma, pero semella moi dubidoso que nalgún momento poida cumprir co fondo. E iso é o que nos preocupa, e así, o que estamos facendo hoxe, ou o que van facer vostedes hoxe, é abrir a espita para calquera proxecto que apareza. E saben que hai bastantes máis á cola. E, lamentablemente, probablemente nesta lexislatura teñamos que vir aquí debater outros proxectos. A ver agora con que argumentos, a ver agora con que argumentos din que non a algúns proxectos que queren presentar.

A realidade é... Por certo, tamén quería facer mención aquí..., non sei se vostedes o saben, dende logo, creo que non é para nada sospeitoso de progresismo, saben vostedes que a lista Forbes acaba de incluír entre as 20 universidades públicas e privadas de España algunhas do Sistema universitario galego, que están no *top ten*, non só no *top ten*, están no podio, por riba de moitas outras universidades privadas. O que quere dicir que as nosas universidades teñen xa o estándar de excelencia necesario para continuar, para admitir, para que poidamos admitir que aquí non fai falla ningún outro experimento máis.

A realidade é que durante a crise e anos posteriores os gobernos do PP rebaixaron o gasto en educación, que aínda non se recuperou. Por iso non parece de recibo aprobar unha universidade privada cando o Goberno da Xunta desatende as súas obrigas coa universidade pública e coa mocidade galega. Advírtese que a proposta de creación desta universidade non achega evidencia nova que permita concluír que suple carencias que poidan darse neste sistema universitario público de Galicia. Fronte a esta evidencia dun proxecto que se solapa co que xa oferta o sistema público, que pode poñelo en risco e debilitalo, cómpre priorizar as tres universidades que hoxe conforman o Sistema universitario de Galicia e que teñen demostrado e acreditado sobradamente a súa excelencia de calidade docente e investigadora e a súa capacidade para satisfacer as demandas do alumnado e tamén do tecido produtivo. Para iso —insistimos— é preciso e urxente reforzar e ampliar o plan de financiamento, ese sobre que se está agora traballando, e outorgar unha maior flexibilidade ás universidades públicas, para, tal e como exixen, adaptarse ás novas necesidades sociais e económicas.



E remato xa, presidente, reiterando o noso compromiso, o de todo o PSdeG, cunha universidade pública e de calidade, coa que, por certo, o Goberno galego debera contar para saír dunha situación de crise como a que nos atopamos.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

Señor Rodeiro, é recomendábel e necesario ter a ABAU, o bacharelato tamén, a ESO... É recomendábel saber ler e escribir tamén, e se, ademais diso, señor Rodeiro, ten vostede cambiados 11.800 euros por ano poderá acceder a un mestrado deste chiringuito do PP e de Escotet. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza coa universidade pública. Pero, ¡claro!, seica defender cohesión social, igualdade de oportunidades, equidade no acceso ao sistema universitario é propio do século XIX e, ademais, esta privatización seica vén avalada tamén pola interpretación que o Partido Popular fai do propio Tribunal Constitucional. Ergo, os reitores das universidades públicas galegas, anticonstitucionais.; o informe da Universidade de Vigo, anticonstitucional; o informe da Universidade da Coruña, do século XIX; ou o informe da Universidade de Santiago, anticonstitucional; o voto particular das organizacións sindicais, tres cuartas partes do mesmo; o posicionamento dos colectivos estudantís, exactamente o mesmo. Aquí todo é absolutamente anticonstitucional, agás o aliñamento Partido Popular-Escotet para privatizar a universidade. *(Aplausos.)* Este é o debate e o marco nos que nos queren introducir. *(Aplausos.)*

E, claro, falamos de novos perfís profesionais que ten a universidade, pero semella como abraiante, señores do Partido Popular, que veñen de anunciar unha ampliacións de perfís profesionais aos que, supostamente, a universidade pública non pode ter acceso. E, curiosamente, a esta universidade privada si que se lle concede a exclusiva destes perfís profesionais. E, cando fala da oferta de mestrado, señor Rodeiro, por favor, fágao mirando á cara aos centos de estudantes do mestrado de Educación, de ensino, que teñen que marchar a universidades privadas españolas, ¿por que? porque o sistema público galego os expulsa. *(Aplausos.)* Fágao mirando aos ollos a esta universidade. ¿E cal é a alternativa que lles dan? ¿Fortalecer os mestrados no ensino público? Non. Poñer universidades privadas e antepoñer 11.800 euros para quen queira optar a unha praza destes mestrados.

E, de verdade, que despois, cando din, ¡claro!, que se o goberno no que nós participamos, acompañamos —xa non se sabe moi ben cal é este argumento— ..., en efecto, foi o goberno ao que lle demos un apoio de investidura, pero, ¡claro!, señor Rodeiro e señores do Partido Popular, é que a alternativa que vostedes nos dan é un Partido Popular regalándolle consellerías de Educación a Vox. *(Aplausos.)* Polo tanto, créanos que non temos moitas dúbidas a ese respecto.



E veñen aquí falar dun procedemento administrativo, veñen falar dun procedemento administrativo cando fan a interpretación da lei, xa o digo, señor Rodeiro, porque parece e xa llo dixo a señora Díaz, artigo 13 g da Lei 6/2013, do SUG, no que se establece que as titulacións deben ter carácter complementario e non reiterativo. E ata onde eu sei, Administración e Dirección de Empresas na universidade privada e Administración e Dirección de Empresas na universidade pública, se non é reiterativo, paréceselle bastante, señores do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Falan de procedemento administrativo cando estamos a falar dun 60 % de doutores que teñen que ter o sexenio activo para impartir programas de doutoramento na universidade pública, e, pola contra, á universidade privada permítenlle programas de doutoramento sen ningún tipo de requisito. Presupónselles, como o valor na mili, que dicían os clásicos.

E cando vostedes falan dos informes da Secretaría Xeral de Universidade, cunha, digamos, terminoloxía absolutamente impropia dun organismo que teña que velar polo rigor e pola solvencia dun sistema universitario, vostedes veñen presentar un informe desta Secretaría Xeral de Universidades —non dos funcionarios, señores do Partido Popular, está avalado polo secretario xeral de Universidades— que se dedica a facer un panexírico da universidade privada. Os mesmos que, por certo, impiden a ampliación de prazas na universidade pública, os mesmos que, por certo, impiden que se amplíen titulacións na universidade pública.

E cando vostedes, señores do Partido Popular, queren investir de interese xeral, xa non que se teñan prezos de matrícula de 8.000 euros por ano para calquera fillo de traballador que queira optar a estas universidades, ¿u-la igualdade de oportunidades? ¿U-la igualdade de oportunidades cando se piden 11.500 euros para un título dun mestrado? Pero é que, ademais, o que é absolutamente inmoral e indecente, señores do Partido Popular, é que isto o faga a mesma empresa á que lle regalamos 8.000 millóns de euros dos galegos e das galegas *(Aplausos.)*, á que lle regalamos o aforro galego, á que, por certo, lle están regalando a xestión dos *Next Generation*, e á que, por certo, pretenden agasallar coa universidade privada. Porque a educación é un dereito e non un negocio, opoñémonos a este proxecto de lei, e solicitamos a súa retirada.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Lourenzo Sobral.

Rematado o debate, procedemos á votación das emendas á totalidade e devolución presentadas ao este proxecto de lei.

Votación das emendas á totalidade, de devolución, presentadas ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia

Votamos en primeiro lugar as emendas de devolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Votamos.

Votación das emendas á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, presentadas ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación das emendas á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, presentadas ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativa..

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas á totalidade presentadas, e este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Rematou aquí a votación.

Continuamos co punto 2 da orde do día, que é o de comparencias.

Comparencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar do avance das negociacións e da postura de Galicia cara ao desenvolvemento da futura PAC 2023-2027

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

Perdoe un momento. ¿Que pasou aí? ¿Que pasou, por favor, está mal? ¿Está mareada? Bueno, entón avisamos ao servizo médico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, acaba de doar sangue.

Podedes mover a silla, movede a silla para fóra... a silla, a silla podédela mover.

(Pausa prolongada.)

Bueno, dinnos que parece que xa está mellor e entón imos reanudar a sesión. En todo caso, eu sigo insistindo, a silla pódese mover, e pódese atender mellor. ¿Quen non quere? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, non quere ela pero convencémola de que está mellor fóra ao mellor. Que non queira ela, pero convencémola, non pasa nada. Está mellor atendida nos servizos médicos, home, digo eu. Eu é polo ben dela, vámolala convencer.



Reanudamos a sesión coa comparecencia do conselleiro do Medio Rural. Ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidente, señorías.

Moi bo día a todos e a todas.

Eu quero comezar esta primeira intervención facendo fincapé nunha das vontades que máis levo reiterado precisamente aquí, no Parlamento de Galicia, a vontade de comparecer e informar, por suposto, pero tamén de escoitar a posición dos demais, e, sobre todo, a vontade de dialogar.

Eu penso que é importante que todos teñamos claro que na negociación da vindeira PAC, da política agraria comunitaria, e do que vai vir para Galicia, todos debemos partir dun consenso, ou da posibilidade de obter ese consenso. Un consenso que se reflicte na posición conxunta que tomamos as comunidades da cornixa cantábrica, Asturias, Cantabria, País Vasco e Galicia —hoxe mesmo eu estarei outra vez cos conselleiros—, e que debería reflectirse, tamén polo ben dos nosos agricultores e gandeiros, neste Parlamento. Pero un consenso tamén que se mantén coas organizacións agrarias, que están puntualmente informadas de todo o que vai acontecendo na negociación, e tamén coas cooperativas galegas.

Xa me escoitaron noutras ocasións facer alusión á importancia do parlamentarismo e hoxe, dende logo, quérome reiterar, porque penso que, no que atinxe a PAC, é preciso xuntar esforzos, todos os esforzos posibles. Penso, ademais, que todos coincidiremos, e seguro que os portavoces que teñen que ver co medio rural, en que estamos fronte a unha cuestión transcendental. De feito, só na campaña deste ano, que comezaba oficialmente o pasado 29 de xaneiro, o orzamento previsto da PAC elévase aos 205 millóns de euros, dos cales 170 millóns correspóndense cos pagamentos directos da PAC, co primeiro piar da PAC, e 35 millóns de euros coas medidas de desenvolvemento rural.

Neste sentido, e antes de comezar a miña exposición sobre a posición negociadora e sobre como está a cuestión, non quixera deixar pasar a oportunidade, dada esta pretensión de ser informativo, de incidir na actual campaña, cuxas cifras son máis que significativas da importancia que posúen estes incentivos europeos para manter e mellorar a actividade agraria na nosa comunidade.

E quixera, ao abeiro disto, destacar a introdución dunha serie de melloras este ano, para garantir unha maior axilidade no proceso da tramitación das axudas da PAC, melloras coas que, ademais, contaremos no futuro. Por primeira vez, empregamos ferramentas electrónicas para realizar consultas, tanto xerais como particulares, respecto das solicitudes de axuda.

En segundo lugar, habilitamos unha nova ferramenta na aplicación SIXPAC para facilitar aos propietarios de terreo resultantes de concentración parcelaria a localización dos seus predios.

E, ademais, avanzamos no control das superficies declaradas mediante imaxes por satélite, coa monitorización este ano de 24 concellos.



Desde a Xunta traballamos polo presente dos nosos gandeiros e agricultores pero, sobre todo, polo seu futuro, e nesta liña, e centrándome na cuestión que nos trae hoxe aquí comparecer para informar sobre a negociación da PAC, sobre o modelo da PAC para o próximo período de execución 2021-2027, é necesario, antes de entrar na análise das cuestións específicas, facer un relato cronolóxico do que leva acontecido ata o día de hoxe.

Dende a comparecencia a petición propia de Ánxeles Vázquez en abril do 2018, a vontade da Xunta non cambiou, segue sendo fundamental conseguir o máximo consenso para reforzar tanto como se poida a postura de Galicia diante da reforma da PAC. Por iso, nese mesmo ano 2018 asinabamos un primeiro documento que foi subscrito por representantes de Unións Agrarias, da Asociación Agraria de Galicia de Cooperativas Lácteas Unidas —CLUN— e tamén da Asociación Agraria Galega de Cooperativas Agroalimentarias —AGACA—. Un documento de consenso no que propuñamos naquel momento un decálogo de medidas para unha PAC coherente e verdadeiramente común —boa parte desas medidas séguense mantendo aínda na posición de Galicia— pero tamén unha posición da que non partimos sos. Por iso, a finais do 2018 xa se ía bosquejando a postura común das comunidades da cornixa cantábrica: Asturias, Cantabria, País Vasco e Galicia. Unha postura que nestes dous anos non fixo máis que consolidarse e para a cal contamos, ademais, coa comunidade académica. Porque no ano 2019 comezamos a xuntar máis esforzos cun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para elaborar o Plan estratéxico da PAC para Galicia e facer desta unha política agrícola que realmente recolla as particularidades de Galicia e defenda os intereses dos nosos agricultores e gandeiros. E eu quero recoller aquí, nesta sede parlamentaria, a satisfacción que ten o Goberno galego do traballo que está a facer o equipo da Universidade de Santiago de Compostela na defensa dos intereses de Galicia e na negociación da PAC.

Pero tamén foi a postura esta que mantivo o conselleiro nas máis de quince reunións técnicas en total que tiveron lugar en Madrid —e, por descontado, vía telemática— no avance das negociacións doutras cuestións entre consellos consultivos e conferencias sectoriais. Por remarcar algunha delas, quero facer referencia a unha reunión bilateral do pasado mes de abril na que tiven a oportunidade de defender os intereses de Galicia diante do ministro. Exiximos, ao carón das demais comunidades da España húmida, que se teñan en conta as nosas peculiaridades no deseño e aplicación da futura PAC, reafirmando aínda máis a postura común defendida pola cornixa cantábrica.

Ese tratamento equitativo, señorías, tamén foi exixido o pasado xoves no último Consello Consultivo, reclamando a equidade na definición das superficies con dereito ao cobro da PAC respecto da revisión destas políticas europeas. Logo explicarei polo miúdo estas cuestións técnicas.

Quero deixar claro que en toda esta negociación Galicia parte da lealdade institucional ao Goberno de España pero coa máxima firmeza na defensa dos intereses dos nosos agricultores e gandeiros, que son para a Xunta —para este conselleiro e estou seguro de para todos vostedes— o máis importante. Unha postura que, ademais, como dicía antes, é conxunta ás demais comunidades da cornixa cantábrica e que representa a nosa folla de ruta no debate do deseño e/ou aplicación da vindeira PAC. Continuamos e continuaremos poñendo de manifesto que os nosos territorios —os da España húmida— teñen en común unhas características particulares e específicas. E eu resalto dúas: o tamaño pequeno ou mediano da maioría



de explotacións de carácter profesional, pero ademais tamén eminentemente familiares. E, ademais, unha clara orientación produtiva cara a sectores gandeiros, como o lácteo ou a gandaría de carne en extensivo, que nos diferencia doutras zonas en España e nos pon de manifesto que temos unha agricultura e gandaría con base territorial que tamén fai custodia do territorio. Peculiaridades que deben ser tidas en conta tanto no deseño da aplicación da próxima PAC como na súa propia aplicación.

Esta é, por descontado, a nosa principal exixencia desde a posición —repito— construtiva e leal que mantivemos e seguiremos mantendo. E desde esta mesma posición é desde onde chamamos a atención do Goberno central dalgúns cuestións que nos preocupan especialmente e que trasladarei agora nesta comparecencia.

Miren, os fondos —como dicía antes, 205 millóns de euros— están chegando cada ano a preto de 26.000 agricultores e gandeiros galegos. E eu voume referir, en primeiro lugar, aos aspectos que atinxen o primeiro piar, porque o segundo piar —que sería o desenvolvemento rural— aínda non é obxecto de negociación en Madrid. É dicir, no mes de xuño imos pechar a negociación do primeiro piar. No tocante ás axudas directas, son 170 millóns de euros cada ano, sendo fundamentais para o sostemento de sectores esenciais para o noso agro, como pode ser a gandaría de carne ou de leite.

Vou dar un dato, señorías, que penso que é importante para o debate posterior e que reflicte claramente o perfil dos perceptores galegos da PAC. Do arredor de 26.000 perceptores, só 74 solicitudes superan o importe de 60.000 euros anuais de axudas directas, que sería o límite do que logo falaremos de *capping*, ou de axudas que pode percibir cada explotación. Polo tanto, de 26.000, só 74 en Galicia pasan de 60.000 euros.

E vou falar de varias cuestións técnicas. E por centrar, en primeiro lugar falaremos do que se refire ao EVO; ao posicionamento da superficie con dereito a cobro da axuda básica da renda aos agricultores; a definición de agricultor xenuíno; os dereitos históricos e a cuestión da converxencia intrarrexional; as axudas asociadas; o *capping* ou limitación das axudas por explotación; a degresividade e o pago redistributivo —cuestión esta importantísima para Galicia, como logo veremos—; e os ecoesquemas.

E comezo referíndome ao dereito a cobro, quen ten dereito ou que superficie de Galicia ten dereito ao cobro da axuda básica de renda aos agricultores. Como saben todos vostedes, o cobro desta axuda básica parte da asignación duns dereitos de pago a unha superficie determinada en cada comunidade autónoma. Pois ben, ata o de agora nas negociacións que houbo anteriormente da PAC non se tiña proposto ampliar esta superficie no conxunto do territorio nacional a novos cultivos; cousa que si está encima da mesa agora e, se non cambia, dende logo, vaise producir. Vanse ampliar os dereitos de cobro ás superficies de cultivos de viñedos, froitas e hortalizas, que se localizan, fundamentalmente, polo número de hectáreas no sueste español. Para Galicia esta cuestión supón un agravio intolerable na medida en que nestes momentos somos, señorías, a comunidade autónoma que menos superficie admisible para o cobro da PAC ten entre as principais rexións agrarias de España. Temos moitos gandeiros que non cobran PAC por parte da superficie que forma parte da súa base territorial, ata unha cantidade de hectáreas que nestes momentos estamos a estimar coa colaboración da univer-



sidade; pero que, en todo caso —xa llelo advirto—, supón unha cantidade moi relevante de superficie e cartos para os nosos operadores. Polo tanto, queremos que se teña en conta que Galicia —como o resto das comunidades do noroeste, en menor medida; Galicia é a principalmente afectada— posúe unha superficie con dereitos de pago moi inferior á media Española, un desequilibrio que debe corrixirse como paso previo a unha eventual transición cara a un sistema de pago por superficie ou a apertura de novos cultivos.

Polo tanto, para nós, como Galicia, como Comunidade Autónoma galega, é inaceptable —e isto púxoselle xa de manifesto ao Ministerio— que se propoña a incorporación de superficies de viñado, froitas e hortalizas, zonas ou cultivos que ata agora estaban excluídos, e que prexudica claramente, pola superficie, o noroeste, facendo desta PAC unha PAC de marcado carácter mediterráneo. En todo caso, é inasumible que se faga esta apertura a novas superficies sen antes regularizar a situación de Galicia, que ten —como dixeran— un déficit de superficie computable a efectos da PAC.

Por outra banda, non pode ser que se dificulte a entrada de superficies doutros usos ou sistemas produtivos como, por exemplo, os pastos arbustivos, que son moi importantes para Galicia e que nós demandamos que se poidan incorporar a través da reserva nacional. Ademais, algo que é preciso e que demandamos en varias ocasións é ser coñecedores da proposta do Ministerio sobre a delimitación das denominadas rexións da PAC, as rexións agronómicas; e, en particular, daquelas nas que estarán as explotacións galegas. É dicir, sabemos, temos máis ou menos a idea de que van baixar o número de rexións agronómicas, pero non temos a súa composición. E sen esa información é imposible facer ningún cálculo nin valoración tanto en relación a esta como a outras cuestións acerca do deseño da futura PAC; non obstante, esta é unha petición que polo de agora está desatendida. É imprescindible —e así o evidenciamos— que se reflectan a nivel de toda España as diferentes realidades existentes no plano agronómico e socioeconómico. Como mínimo, deben terse en conta as diferenzas existentes entre as dimensións económicas das distintas explotacións e as diferenzas existentes entre as distintas orientacións produtivas dos distintos territorios.

Ademais, é necesario —tamén no que atinxe á superficie— prever outras cuestións como a dotación e funcionamento da Reserva Nacional á hora de asignar dereitos a novas superficies. Novas superficies nas que —acabamos de o aprobar— imos tratar de que se desenvolva a actividade agraria coa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Señorías, se a PAC non serve para recuperar a actividade agraria en terreos abandonados, eu entendo pouco xa para que pode servir a PAC. Polo tanto, nós demandamos que se poidan abrir dereitos de cobro da PAC a novas superficies se recuperamos en Galicia superficie abandonada para facer esa actividade agraria e, en definitiva, para incrementar a superficie agraria.

A segunda das cuestións técnicas relevantes neste ámbito é a definición de agricultor xenuíno, que, en principio, sería o receptor de axudas da PAC. Aquí apoiamos a proposta, tamén defendida polo Ministerio, de definir a figura do agricultor xenuíno en base a unha porcentaxe dos ingresos agrarios sobre os ingresos totais; pero incluíndo —e esta foi unha demanda de Galicia e está acollida polo Ministerio— as persoas afiliadas á Seguridade Social como traballadores por conta propia no sector agrario. En canto a esa porcentaxe en ingresos agrarios respecto aos ingresos totais —que é a xente que se dedica á agricultura e ganaría



de xeito máis profesional—, nós pediamos un mínimo do 30 %, aínda que na negociación con outras comunidades autónomas vai quedar no 25 %, postura que nós tamén entendemos que se pode aceptar. Pero o que non nos resulta aceptable é que, establecida esta definición de agricultor xenuíno, o Ministerio propoña eximir desa obriga de ter unha porcentaxe mínima de ingresos agrarios os perceptores que cobren menos de 5.000 euros, ou a cantidade que se determine —aínda que se está falando de 5.000 euros de axudas directas—, que serán automaticamente considerados como agricultores xenuínos —repito— aínda que non teñan ingresos agrarios. Na opinión de Galicia, na opinión da Consellería, isto supoñería desnaturalizar por completo a definición de agricultor xenuíno e non se xustifica por ningún argumento técnico, máis que non sexa o de mantemento dunha aplicación da PAC en España continuísta do actual *statu quo*.

Outra cuestión importante —e que ten que ver cun tema, dixeramos, de moita importancia para Galicia— son os dereitos históricos e a cuestión da converxencia intrarrexional. É dicir, nós mantemos a defensa dos nosos agricultores e gandeiros pola vía duns dereitos por hectárea superiores a outras comunidades autónomas. É certo que dende Europa nos están pedindo unha converxencia intrarrexional, pero mentres que na posición inicial esa converxencia intrarrexional ía ser do 100 %, agora mesmo o Ministerio defende —e nós estamos tamén aí de acordo— unha converxencia de carácter gradual e progresivo que chegue ata un 85 % neste período executivo. Pero, en todo caso, estamos totalmente posicionadas as comunidades da cornixa cantábrica en contra dunha tarifa plana por hectárea, que era a pretensión doutras comunidades autónomas do centro-sur peninsular. E eu fixen constar nalgunha conferencia sectorial que non pode ser o mesmo —dende logo, non o é— unha hectárea de pasto na montaña lucense que na meseta de Castela-A Mancha, por poñer un exemplo. Polo tanto, non podemos ir a unha tarifa plana por hectárea. Polo tanto, aquí continuamos a reafirmar a necesidade de ter en conta todas as realidades coexistentes para que esta converxencia se adapte ás mesmas de tal modo que non resulte desprezativa en relación aos intereses dos nosos agricultores e gandeiros. Por certo, o ministro ten dito moitas veces que o modelo que lle gusta de agricultura e gandaría en España é, precisamente, o noso, de pequenas e medianas explotacións familiares e que ademais teñen base territorial.

Outro punto que me interesa hoxe tratar con todos vostedes e informarlles de como está son as axudas asociadas. É dicir, máis alá do pago básico, temos unhas axudas destinadas a determinados tipos de orientacións tanto de cultivo como de gandaría. Para Galicia as axudas asociadas é moi importante que se manteñan no nivel actual porque, fundamentalmente, van destinadas ao vacún de leite, de carne e de ovino e caprino. Aquí tamén temos o compromiso do Ministerio —e agradecémolo— de manter o nivel de axudas asociadas no 13 % dos fondos dispoñibles para axudas directas do primeiro pilar. Miren, non estamos de acordo —e así llo dixemos ao ministro— en que se detraía unha cantidade dos fondos para un novo programa sectorial para a oliveira tradicional. Eu non teño ningún inconveniente en que se defenda a oliveira tradicional pero en Galicia non hai esa oliveira tradicional. E o que si lle pedimos é que, se había a defensa da oliveira tradicional, que aquí queríamos axudas directas para a recuperación dos soutos de castaños tradicionais de Galicia. E imos seguir facendo esa mesma defensa porque é unha cantidade importante que se vai destinar ás oliveiras e debería destinarse unha cantidade similar á recuperación dun ecosistema tan importante para Galicia como son os soutos tradicionais.



Outra cuestión á que me referín é o *capping*, é dicir, a limitación de axudas por explotación. Parece lóxico que as axudas a partir dun determinado volume de actividade se limiten por explotación. A degresividade, é dicir, que os cartos que non lle corresponden a esa explotación demasiado grande vaian a onde correspondan; e, neste sentido, o pago redistributivo, que sería que eses cartos foran ás pequenas e medianas explotacións. Nós entendemos que neste ámbito do *capping* e da degresividade do pago redistributivo as formulacións que mantén o Ministerio —xunto coa definición do agricultor xenuíno, como lles dixeran antes— mostran a opción polo mantemento dunha aplicación continuísta da PAC en España, que non aposta por unha redistribución das axudas cara aos agricultores e profesionais, agricultura familiar, en definitiva, as pequenas e medianas explotacións. E aquí —enténdame, señorías— esta é unha defensa que nós facemos de forma acendida porque son as explotacións galegas.

E, neste sentido, Galicia e todas as comunidades da cornixa cantábrica reafirmámonos nas propostas xa realizadas sobre o *capping*, a degresividade das axudas e o pago redistributivo. Podemos ceder en parte destas propostas pero demandamos que o acordo final recolla, como mínimo, os seguintes puntos:

A aplicación do *capping* e a degresividade das porcentaxes de redución das axudas aos maiores perceptores ten que ser no ámbito máximo que permita o Regulamento europeo finalmente aprobado, aínda que parece que imos ir á aplicación mínima. Para a aplicación deses mecanismos non deben restarse da facturación desas explotacións, supostamente grandes, os custos laborais ou os pagos a empresas externas, porque se non estamos facendo un pouco trampa respecto desa aplicación do *capping*. Por aí dixeramos que vai a postura neste momento do Ministerio de poder deducir os custos laborais e tamén os pagos a empresas externas.

Damos por suposto e entendemos —aínda que non nos aclarou que así será— que o destino dos fondos que saian dese *capping* se van aplicar a nivel nacional e non dentro de cada rexión agronómica. Este é un tema, señorías —e eu recabo a súa atención sobre a importancia que ten isto—, porque se o pago redistributivo vai por rexións non nos vai beneficiar nada. A nós beneficiáanos —e esta é outra das demandas que facemos— que o pago redistributivo se faga a nivel nacional, é dicir, en función da superficie agraria útil media de toda España, porque nós estamos na metade desa superficie agraria útil. Polo tanto, ese pago redistributivo debería favorecer fundamentalmente as explotacións gandeiras da cornixa cantábrica, sinaladamente a Galicia, nese ámbito.

En todo caso, o que pedimos é que o Ministerio nos diga cales son as súas propostas de xeito claro antes de poder tomar unha decisión. Pero dígolles e trasládolles que nestes momentos vemos que o Ministerio ten controversias máis que tanxibles respecto ao pago redistributivo. Ten moitas presións —eu enténdoo—, xa dixo o ministro que isto era un sudoku, que era difícil combinar todo e ten moitas presións das comunidades autónomas, efectivamente, nas que hai preceptores de moita cantidade das axudas da PAC.

Teño que facer fincapé en que resulta imprescindible —díxeno antes— coñecer as delimitacións das que serán novas rexións da PAC. É dicir, se antes tiñamos 51 e agora imos baixar



o número, temos que saber exactamente cal é a súa composición co fin de poder tomar decisións. Porque é certo que o Goberno central nos di que Galicia non vai saír mal, vai saír favorecida, pero desde a Xunta entendemos que temos que ter todo o coñecemento dos datos para poder tomar as nosas decisións ou, polo menos, podelas trasladar tamén con claridade.

Remato xa en canto ás cuestións técnicas cos ecoesquemas, que, como saben, é tamén un mecanismo que pretende ligar a PAC coa política verde da Unión Europea.

Aquí tamén temos unha certa preocupación. Estamos de acordo en que haxa unha porcentaxe importante dos cartos para pagos directos aos ecoesquemas, basicamente porque os nosos agricultores e gandeiros cumpren en boa medida con esas prácticas sostibles, pero lamentamos que eses ecoesquemas, polo que estamos vendo ata o de agora, aborden problemáticas e realidades produtivas características principalmente do centro e sur peninsulares. É dicir, se imos ao deseño dos ecoesquemas —e logo, se queren, podemos entrar nisto—, vemos claramente que atinxen máis ao ámbito do centro e sur peninsular que á España húmida. Esta é unha posición común de toda a cornixa cantábrica, non é que o diga só o conselleiro, senón que o dicimos as catro consellerías da cornixa cantábrica.

¿E que é o que estamos facendo nós aquí? Demandamos —penso que todos poderemos chegar a un acordo— que se engadan ecoesquemas que contemplan a nosa realidade. Unha demanda que, polo de agora —teño que dicir— está totalmente obviada polo ministerio. Pero, ademais, queremos que en todos os ecoesquemas se introduzan de xeito transversal. En primeiro lugar, que non se limiten as superficies que contan hoxe con dereitos de pago básico, se se pode recuperar terra agraria tamén con prácticas sostibles. Que se aplique a todos os ecoesquemas, e esta é unha cuestión fundamental tamén para Galicia, un complemento vinculado á prevención de incendios. É dicir, se os nosos agricultores e gandeiros co seu traballo recuperan terra agraria e ademais esa base territorial axuda á prevención de incendios, debería de haber tamén un premio a través dos ecoesquemas para pagarlles a eses agricultores e gandeiros.

Pedimos tamén que se estenda o complemento previsto para superficies en Rede Natura ás zonas con limitacións naturais, que é unha parte importante de Galicia. E pedimos, demandamos tamén, que nos ecoesquemas haxa unha modulación de axudas por extractos de tamaño, de xeito que os máis pequenos cobren máis.

E, finalmente, simplemente lles fago unha mención ao segundo pilar. Xa saben, o primeiro pilar son as axudas directas, o segundo pilar é o desenvolvemento rural. Aquí nós —aínda que isto vai cara a final de ano e probablemente poderíamos ter novas comparecencias para falar do segundo pilar—, nós, polo de agora, reclamamos un incremento das asignacións do Feader, do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural, de, polo menos, o 5 % para as comunidades da cornixa cantábrica, tendo en conta as necesidades inherentes ás mesmas.

Ademais, en relación ao cofinanciamento, demandamos tamén que se recupere o equilibrio entre as achegas da Administración central e das comunidades autónomas, que se rompeu no anterior período executivo. E tamén consideramos, e para nós isto é importante, que o deseño das intervencións deste segundo pilar debe ser realizado por cada comunidade autó-



noma en función das realidades e necesidades específicas do seu medio rural; partindo do establecemento duns elementos comúns a nivel nacional é preciso, e así o demandamos, un enfoque que teña en conta, como coa propia PAC en xeral, a todas e cada unha das autonomías. En definitiva, que os plans estratéxicos vaian de abaixo arriba, das comunidades autónomas ao Goberno central.

Eu finalizo xa como comecei, tamén incidindo nesa vontade de diálogo que espero ver agora no debate, nunha vontade da Xunta de chegar entre todos nós a un punto común, a unha posición estratéxica resultante da suma de todos os esforzos, que, sen lugar a dúbidas e de cara á negociación dunha cuestión fundamental como a próxima PAC, é totalmente necesaria.

Penso, ademais, que en negociacións deste estilo, non soamente a nivel español senón tamén a nivel europeo, é fundamental partir dun consenso. Señorías, consenso que xa ten a Consellería de Medio Rural, a Xunta de Galicia, coa cornixa cantábrica, coas organizacións agrarias, que están, como digo, puntualmente informadas de todos os avances da negociación, e coa Asociación de Cooperativas Galegas en tanto e en canto representa unha parte importante dos operadores, dos agricultores e gandeiros galegos.

E hoxe tamén aquí fago unha petición de consenso. Logo desta comparecencia, tendo unha ou as reunións que sexan necesarias cos grupos parlamentarios, propoño que poidamos avanzar xuntos, deixando de lado cores políticas ou cuestións meramente ideolóxicas, de cara a establecer un consenso tamén no ámbito parlamentario, que será a nosa estratexia, un bo punto de partida para a nosa Defensa —en maiúscula— dos intereses de agricultores e gandeiros galegos.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios. En representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, de verdade que parece unha tomadura de pelo que a 15 días de que se peche a negociación —ou de que se está falando de 15 días para pechar a negociación—, vostede diga que a partir de agora abramos unha negociación aquí e que falemos aquí ¿de que?, se aínda nin sequera tiveron o valor de presentarnos o documento que elaboraron na Xunta de Galicia ou o que pactaron coas comunidades da cornixa cantábrica. (*Aplausos.*) Por parte da Xunta de Galicia non temos ningún tipo de información.

Para avaliar cal é a situación galega dende a entrada na Unión Europea, que creo que é oportuna, e a xestión dos sucesivos gobernos do Partido Popular dos millónarios fondos que chegaron a Galicia en comparación con outros territorios, cómpre comezar por dicir que na



década do ano 1990 ao ano 2000 a caída da renda agraria en Galicia foi do 25 %; que dende a entrada na Unión Europea desapareceron 9 de cada 10 explotacións que existían en Galicia; que nos próximos 10 anos se xubilarán máis da metade dos nosos agricultores e gandeiros e que o noso país ten un notable desequilibrio, cun 20 % dos concellos que teñen o 80 % da produción agraria en Galicia e só Mazaricos ten máis vacas de leite que todo Ourense e boa parte de Pontevedra. E todo isto ten responsables, señor González Vázquez: vostedes, o Partido Popular, que desmantelou os sectores produtivos agrarios durante 34 dos 40 anos de goberno en Galicia. (Aplausos.)

Deixamos dous sectores dos máis importantes en Galicia nesta materia: o forestal, por exemplo, que supón o 50 % da produción de madeira de toda España, pero só aporta o 13 % da renda estatal e unha porcentaxe similar do emprego en toda España; ou o sector lácteo, que supón o 40 % da produción estatal pero só aporta o 11,3 % da facturación estatal e o 7,2 % do emprego en toda España. Ese é o balance da falla de orientación e a aposta dos seus gobernos, señor conselleiro.

Mentres na década do ano 1990 ao 2000 en Galicia baixamos, como dicía antes, o 25 % da renda agraria, Andalucía duplicou esa renda. Vostede non representa nada novo, é o fiel representante daqueles que teñen a responsabilidade deses datos.

Outro dato a ter en conta. Nos anos sesenta e setenta a provincia de Almería tiña unha situación agraria como a que tiña a peor das provincias galegas. A día de hoxe o valor da produción agraria en Almería é de 3.000 millóns de euros anuais, mentres en Galicia os propietarios de forestal reciben ao ano uns 300 millóns de euros. É dicir, 2/3 da superficie galega producen 10 veces menos que a provincia de Almería, uns datos que deberan facelo reflexionar.

En 2015 Galicia viuse na obriga de devolver ao orzamento comunitario 55 millóns de euros de fondos do PDR de 2007 ao 2013, destinados por Bruxelas aos gandeiros e labregos galegos, por non ser a Xunta de Galicia quen de xestionalos en prazo.

Galicia aprobou o seu programa de desenvolvemento rural para o período 2014-2020 con máis dun ano de atraso, no furgón de cola non só das comunidades autónomas en España, senón en toda Europa. O Goberno do Partido Popular en España no 2009 —vostede falaba antes diso— herdou un PDR para Galicia con máis de 1.500 millóns aprobados por un Goberno socialista, no que a Administración xeral do Estado se comprometía a achegar máis de 320 millóns de euros. En 2012 esa aportación do Estado comprometida reduciuse en máis de 134 millóns de euros, cun Feijóo que estaba caladiño. Na seguinte negociación, en 2015, entre os dous gobernos do Partido Popular a achega do Estado reduciuse preto doutros 100 millóns de euros. E Feijóo seguía caladiño. Resulta paradoxal que agora a Xunta de Galicia exixa ao estado que recupere o equilibrio entre as achegas da Administración xeral do Estado e da Xunta de Galicia.

¿Señor conselleiro, podería dicirme as sancións aboadas por Galicia por incumprimentos na correcta execución dos seus fondos da PAC en Galicia? ¿Pode ser vostede o conselleiro co maior número de incumprimentos e correccións financeiras na historia da comunidade autónoma?



A xestión dos fondos da PAC en Galicia — máis de 300 millóns de euros anuais — viuse caracterizada por continuos incumprimentos. A Xunta de Galicia tivo que facer fronte ás maiores correccións financeiras por defectos na xestión que en ningún outro momento da historia da autonomía, polos atrasos inxustificables na xestión e polo desvío de fondos da Política Agraria Común en Galicia a xestores e beneficiarios alleos á Consellería do Medio Rural.

En Galicia fomos pioneiros en destinar fondos da PAC a actuacións que no resto de España se financian con fondos Feder ou con fondos autonómicos, subtraendo fondos dos gandeiros e dos labregos galegos para levar a banda ancha a polígonos industriais, pistas rurais que non levan a ningures, parques infantís financiados con fondos da PAC en concellos que non contan cunha soa hectárea de superficie agrícola, rehabilitación de edificios públicos, ata o punto que o principal beneficiario da PAC en Galicia é unha empresa transnacional con sede en Madrid.

Unha das principais novidades da nova PAC do 23 ao 27 é a obriga establecida por primeira vez de elaboración en cada estado membro dun plan estratéxico nacional, onde se contemplan as intervencións e todas as accións postas en marcha a nivel de Estado membro nos dous piares da PAC: axudas directas e desenvolvemento rural.

Defínese unha nova PAC que se nutre dun traballo de diagnóstico e de consultas sen precedentes. En España tivo o seu reflexo no proceso de elaboración do Plan estratéxico para España para a PAC post 2020, un proceso de participación que deu voz á sociedade civil, xornadas de debate estruturadas, congresos, interrelación continua cos interlocutores económicos e sociais e organismos que representan a sociedade civil; unha páxina web específica, un buzón de participación, etc. etc. etc. ¿Cal foi o proceso en Galicia, señor conselleiro?

Poderíamos velo reflexado nas sedes electrónicas da Consellería de Medio Rural e do organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia: meros enlaces á normativa comunitaria sen ningún tipo de información ou expectativa de creación de procesos de participación pasiva, e xa non digamos activa ou colaborativa, por parte do medio rural galego na definición da posición e país en relación coa PAC en Galicia.

A definición da posición de Galicia saíu a base de contratos menores con fundacións privadas, mentres en Europa se plantexa un proceso de participación. Gustaríame saber se vostedes falan algunha vez cos gandeiros e do que necesitan.

¿Señor conselleiro, como se explica que a día de hoxe Galicia estea 10 puntos por debaixo da execución dos pagamentos das axudas directas do primeiro piar que Castela-León, por exemplo?

Os socialistas de Galicia cremos nun modelo froito da deliberación, dunha análise estratéxica do pasado e das decisións que se adoptaron no pasado para minimizar as perdas por incumprimentos, maximizando o valor dos dereitos por hectáreas, e, sobre todo, un modelo consensuado co propio sector rural. Apostamos por unha PAC que plantexe o ADN da agricultura de Galicia en torno á calidade do produto, calidade que ten un custo e que se debe remunerar de forma xusta, consolidando a achega do primeiro piar da PAC á renda agraria en Galicia.



Nese senso, valoramos moi positivamente o conxunto polo Ministerio no recente acordo de Luxemburgo, para garantir a sostibilidade social e ambiental do medio rural galego, de traspasar os importes non aboados dos ecoesquemas ao pago básico, de forma que ao 60 % das axudas directas se poderían engadir en 2023 e 2024 ata un 20 % dos ecoesquemas.

Requírese de análises rigorosas e técnicas sobre os efectos de incremento de superficies nos importes medios de pago básico e os efectos dos pagamentos redistributivos, máis alá de titulares en prensa de curto alcance.

¿Cal é a postura de Galicia en relación coa transición agroecolóxica, señor conselleiro? A integración das exixencias do pagamento verde coa condicionalidade ¿como afectará a Galicia? ¿Teñen feito estudos das reducións da condicionalidade en Galicia? Avogamos por un gran acordo de país, máis alá dos titulares que tanto lle gustan, señor conselleiro.

¿Poderían indicarme os estudos efectuados polos centros de investigación da consellería para a PAC 2023-2027?

Nós cremos no papel de definición do agricultor xenuíno, no pagamento redistributivo para as primeiras hectáreas como medida de protección das pequenas e medianas explotacións, co reforzamento do peso dos ingresos agrarios no cálculo, no mantemento do nivel das axudas acopladas para a gandaría galega, nos pagos compensatorios polas desvantaxes naturais, especialmente nas zonas de montaña de Galicia. Creamos en ecoesquemas simples e accesibles a todos, en certificacións en agricultura ecolóxica e alto valor medioambiental que sirvan de alicerce para que a agricultura sirva para o futuro de Galicia. Creamos no carácter imprescindible do asesoramento, o coñecemento, a innovación e dixitalización e a importancia de reforzar o sistema de asesoramento en Galicia, que acumulou anos de atraso na aplicación dos ecoesquemas, buscando aproveitar as sinerxías coas medidas agroambientais e climáticas do segundo pilar. Neste esquema de asesoramento, gustaríanos —e dígollo de corazón— que se contara cos centros de investigación públicos de Galicia, como son o CIAM ou o CIF de Lourizán, que acabamos de ver publicados onte como se segue a precarizar a súa situación.

Señor conselleiro, o seu modelo pasa pola precarización das relacións laborais dos investigadores públicos en Galicia (*Aplausos.*), fronte a contratos estables de persoal investigador e unha escala propia de persoal investigador como se fixera no ano 2008. Optan polas listas de contratación temporal de persoal investigador, de usar e tirar, e nese camiño, señor conselleiro, non nos atopará.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Aira Díaz.

A señora AIRA DÍAZ: Bos días.



Grazas, señor presidente.

Teño que comezar dicindo que xa ía sendo moita hora de falar da PAC neste Parlamento, que tamén é a cámara de representación das nosas labregas e labregos.

É simpático que apele ao consenso cando isto está case rematando, e temos que afearlle a falta de información sobre este particular que houbo ata o momento neste hemiciclo, por ser a política agraria común fundamental para a pervivencia do rural galego, pero tamén porque é fundamental para nós, para que poidamos garantir o noso abastecemento alimentar. A incerteza do sector agropecuario está máis que xustificada. Hai unha serie de aspectos dentro deste novo período que cambian con respecto á PAC anterior e poden ser vitais para garantir, como mínimo, as condicións que temos agora.

Permítanos, señor conselleiro, que desde o BNG dubidemos de que este novo período vaia atender as particularidades galegas, por moito que nos fale da súa pelexa. Isto non vai ser só responsabilidade do Goberno de España, que tamén, pero vai ser, sobre todo, a súa e da súa consellería.

Di que é moi activo na defensa dunha PAC axeitada para Galicia, pero témome moito que non chega con mimetizarse coa cornixa cantábrica, aínda que non negaremos que está ben asesorado. A PAC está lonxe de ser simple ou de ter ansias de simplificacións. As exixencias son moi elevadas e para Galiza moi difíciles de cumprir en moitos casos, e sen dúbida moitas delas pouco acaídas ao caso galego, como relatou tamén o señor conselleiro. Con respecto a isto, si que non hai incertidume. El di que van axilizar e que van facer as cousas máis sinxelas pero hai demasiada dixitalización nesa sinxeleza para o noso rural galego e para as nosas conexións a Internet.

Comezo polo pagamento básico para ir degrañando un pouco por que dixen todo isto.

Galiza vén sendo historicamente discriminada por esta axuda, pois recibimos menos do 3 % dos fondos do actual pagamento básico, e anteriormente do pagamento único. Gobernarse o PP ou o PSOE en Madrid, isto non cambiou, ¿vai mellorar esta situación no novo período, de verdade?

Galiza é das comunidades autónomas do Estado que ten unha menor superficie agraria cuberta por axudas directas da PAC a pesar de termos unha superficie agraria útil relativamente baixa. ¿Realmente as medidas que propoñen van corrixir isto?

Outra cuestión que preocupa é a definición de agricultor xenuíno. Corresponde ao Estado español definir os requisitos, xa dixo que tomaran en conta a proposta da Consellería, pero ¿valoraron nalgún momento que é posible compatibilizar posturas máis exixentes coa definición, como as do Sindicato Labrego Galego ou FUGA, que exclúen a máis agricultores non profesionais de percibir as axudas da PAC pero que poderían ser perfectamente compensados con outras axudas da Xunta de Galiza, xa que a súa contribución ao rural é innegable? Acaba de dicirnos que se presentaron propostas concretas para mellorar os ecoesquemas do Ministerio, porque, como ben sabe, céntranse moito na agricultura e pouco na gandaría, cues-



tión prexudicial para Galiza. Non sabemos se van ser incentivadores ou compensatorios ou ambos; se pode, díganolo despois.

Falando dos ecoesquemas, aproveito para dicir agora que disporía, ou tivera disposto, dunha oportunidade sen precedentes para compensar a gandaría extensiva galega na súa convivencia cos grandes carnívoros, o lobo e o oso, fundamentalmente, e de protexer un modelo sostible de coexistencia mediante un ecoesquema específico para este fin. No actual PDR non se destinou ningunha cantidade e é público o malestar que hai provocado nos gandeiros pola falta de apoio.

O Miteco, por certo, está explorando novas liñas de axudas compensatorias pero, dende logo, non parece que o faga a instancias da súa consellería.

Os poucos esquemas que nos son de aplicación, como o do pastoreo, poden chegar a contar cunhas inversións e unhas exixencias para a súa xustificación que os fagan inútiles: véxase o caderno electrónico ou o gasto para ter o gando xeolocalizado, nesta terra con ilusión do 5.G. (*Aplausos.*) Por certo, entendo que coñece a reivindicación da gandaría extensiva para que unha mesma superficie poida beneficiarse de máis dun ecoesquema cando acolle distintos usos. Pregúntome se o fixo valer dalgún xeito.

Ademais, é imperativo que o coeficiente de admisibilidade de pastos arbustivos e baixo arboredo se mellore, porque é a peza clave que regula a superficie neta final pola que se pode cobrar e a súa mellora supón un bo incentivo para a gandaría en extensivo e, por extensión, como vostede dixo nalgún momento, para previr os incendios, que por fin serían uns cartos para prohibir os incendios investidos con sentido. (*Aplausos.*)

O *capping* que Galicia defendía xa parecía ben permisivo, pero é algo que podía ser inferior, por exemplo, non sei se valoraron esa inferioridade —dixo que afectaba a 74 explotacións nada máis, co cal tampouco arreglamos moito— para ter diñeiro para outras cousas, co sobranter.

É fundamental que se aposte seriamente por este pago redistributivo. Pode ser que se fagan trampas como destinalles poucos fondos ou aplícalo dun xeito inadecuado, esperemos que non. Ata onde teño coñecemento, ata esas alturas históricas nin o PSOE nin o PP centraron os seus esforzos neste pago redistributivo, esperemos que agora mude, xa que o di. E parece que non pode concretar como van quedar as rexións de pago base. Sabemos pola prensa que poderán ser 18, bastante máis das previstas inicialmente, pero non sabemos como se van construír nin se habrá unha única específica para a cornixa cantábrica.

Unha cuestión ben importante sería avaliar as consecuencias da converxencia interna das rexións da PAC por parte do Ministerio, a súa afectación ás explotacións, e isto non se fixo. Tampouco se coñece unha estimación por parte da Xunta do impacto que pode ter na agricultura galega, igual que tampouco coñecemos unha avaliación da Consellería do prexuízo que causa a converxencia neste período transitorio 2021-2022. As organizacións de produtores coinciden en que o prexuízo é claro para a nosa agricultura. Sen embargo, non nos consta que a Consellería de Medio Rural adoptase medidas para corrixilo.



As producións vexetais, en explotacións que na Galiza teñen escasa superficie —viño, horta...—, non semella que vaian poder contar con axudas que consideren o seu peso no emprego. Iso si, pode que se introduzan as axudas por superficie que unha vez máis afonden na discriminación do agro galego. Preguntamos que se fixo ao respecto. Porque ata o de agora os programas de axuda ao sector vitivinícola non foron nada satisfactorios para Galiza, como vemos, porque o ano pasado recibimos o 2,05 % dos fondos do PASVE. Hai que corri-xilo, claro.

Eu creo que o consenso se demostra andando. Isto está rematando pero quedalle a oportunidade de falar a tempo do segundo piar da PAC.

Se falamos disto cómpre falar de decisións da Consellería, e que medidas vai destinar Galiza aos fondos procedentes do Feader, se nolo vai explicar con detalle. Como non me vai dar tempo vou ir adiantando. Preocúpannos que estes fondos, que deberían servir para o desenvolvemento do rural, se destinen ao financiamento dunha lei —a Lei de recuperación de terra agraria— e aos intereses de certos grupos empresariais. Dicía vostede que o ministro alababa o noso modelo e nós estamos cambiando o modelo ao do latifundio, porque di a propia Lei de recuperación de terras (*Aplausos.*) que aspiramos á mensura media das explotacións de España.

Entón, tamén resulta alarmante que se pretendan utilizar os GDR para executar algúns aspectos desta norma, un proceder que incrementa a carga de traballo do persoal destes grupos e viola por completo o espírito da estratexia Leader. Vostede reclama, de abaixo a arriba, ao Ministerio de Madrid e aquí aplica a Consellería, de arriba a abaixo, as instrucións para os GDR, sen contar coas necesidades reais. (*Aplausos.*)

Pídolle que reconeza que as propostas que se puideron levar ao MAPA non contaron con participación social, ou, polo menos, así o di a xente coa que eu falo. Non permitiu que as asociacións, as organizacións, as persoas particulares construíran estas propostas. Pasalas por un comité ou contárllelas ás organizacións non é negociarlas, é ensinalas, son cousas distintas. (*Aplausos.*)

Son fundamentais campañas para a dignificación das profesións agrícolas, non poden perder valor os apoios ás novas incorporacións. É imprescindible facer seguimento máis alá dos cinco anos de permanencia obrigatoria. Primeiro, para saber se gastamos ben os cartos europeos e se as incorporacións non só se incorporan senón que son empresas viables a futuro, cousa que non se fai. Habería que garantir fondos para isto.

E, para rematar —non por última é unha cousa menor—, houbo queixas xustificadas do Sindicato Labrego Galego sobre a igualdade na PAC. De feito, ata onde eu sei, dirixíronlle carta ao Ministerio para que corrixa estes desvíos, que remarcan a desigualdade. Este grupo parlamentar ten rexistrada unha iniciativa ao respecto. Prégolle que a lea, alí explica o BNG como esta desigualdade vai dende a linguaxe sexista ata a consideración da incorporación das mulleres en igualdade coa de mozas e mozos considerándoas como seres sen bagaxe, pasando polas menores axudas ás explotacións que teñen titularidade feminina, sen que iso sexa unha casualidade, cousa esta —iso que digo— que non é inocente. Como, de segundo,



non caera nesta cuestión, prégoles que a anote como prioritaria e a reivindique no Ministerio como se a idea fose súa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Aira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos.

Eu quería, como vicevoceira, en representación do Grupo Popular, sumarme, por suposto, ás condolencias aos veciños de Pontearreas, e familiares e amigos, e tamén estendelas aos veciños de Dozón, e o meu sentido pésame para familiares e amigos e veciños deste concello, que tamén perdían a un exalcalde no día de onte. Eu súmome, por suposto. *(Aplausos.)*

Centrando o debate, porque hai, como dicía o conselleiro, 26.000 gandeiros expectantes tamén polo que hoxe falamos aquí, e despois de sempre intentar minimizar a confrontación política nun asunto tan importante, é inevitable que centre ou, polo menos, clarifique algunhas cousas.

En primeiro lugar, sorpréndeme, a verdade, que protesten polo atraso de traer a debate este asunto, insisto, tan transcendente, cando ambos os grupos —os meus compañeiros non me deixarán mentir— incluso protestaron e fomentaron o seu atraso cando había previsión de introduci-lo na anterior sesión plenaria, porque, evidentemente, estabamos en plena negociación dun instrumento importantísimo que era a Lei da recuperación de terras, e pedían tempo para poder estudalo.

Iso —permítanme—, polo menos, evidencia unha importante incoherencia pola súa parte. Pero aínda me sorprende máis porque, dende que asumimos esta nova lexislatura, a única pregunta que se fixo en comisión sobre a política agraria común, que, evidentemente, foi atendida e contestada dunha maneira moi rigorosa e moi seria por parte, neste caso, do señor Balseiro, foi polo grupo que eu represento. É dicir, nin o Bloque Nacionalista Galego nin o Partido Socialista fixeron ningunha consulta ao respecto. Por iso, cando hoxe din que aquí se ocultou, que non teñen ningún tipo de información, pois, sinceramente, faltan á verdade. Eu non sei se ao mellor están máis pendentes de Almería, como dicía o señor Seco. Por certo, quedoume a dúbida de se, efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego tamén defendía ese modelo de xestión para Galicia. Se ese é o escenario do sector primario que lles gustaría ás forzas da oposición.

Hai tres ou catro cousas tamén, insisto, porque o importante é centrarme no debate do asunto transcendental, que é o posicionamento da política agraria común, do que están pendentes, como dicía, 26.000 familias.



Eu si lle fago un recordatorio ao voceiro do Partido Socialista, que sempre está apuntando que se a Consellería fai contratos menores, que se a Consellería traballa con empresas privadas. Mire, eu xa llo dixen nalgũa ocasión, pero é que, ademais, agora voulo dicir con máis cifras. Se hai algún Goberno que pode ser titular, polo número, en cantidade de contratos, en número de importe e en cantidade contratada en contratos menores, é, sen dúbida, a capital da miña provincia. E voulo explicar. Só no 2020, 1.343 contratos menores e case sete millóns de euros. Entón, eu creo que con ese debate vostede aquí non gaña nada. (*Aplausos.*) e probablemente tampouco lles preocupa neste momento aos gandeiros.

Eu vou intentar tamén non deixar ningún asunto dos máis importantes do BNG sen responder. Probablemente, o que máis me sorprende foi a reflexión da señora Aira sobre que iamos cara a un modelo de latifundio, díxoo así e presteille moita atención. Bueno, iso xa é..., despois do esperpento, da montaña rusa incomprendible que tiveron vostedes ao longo da negociación da Lei de recuperación de terra agraria, que é, probablemente, dos asuntos sobre os que non había ningún tipo de discusión, e que tiñamos que ter instrumentos para incrementar a base territorial das nosas explotacións, que o necesitaban para mellorar a súa sostibilidade, e que aí non houbo discusión, e incluso o concepto que se empregou, que foi tamén apoiado polas entidades sindicais e as organizacións sindicais, non había discusión, e agora resulta que ese obxectivo da Lei de recuperación de terra agraria é un problema e sácao a debate na política agraria común. Sinceramente, eu creo que tamén temos unha grande responsabilidade o grupo que represento, temos que ser capaces de sacarles a careta dese teatro que está facendo constantemente o Bloque Nacionalista Galego (*Aplausos.*) ¡Hai que sacar esa careta! Porque vostedes din unha cousa pola mañá, apláudense, vanaglóríanse, e despois firman a contraria pola tarde.

Sinceramente, sexamos serios. Hoxe queríamos aquí dicirlles aos 26.000 gandeiros e gandeiras que é importantísimo que este Parlamento — institución respectada e respectable e, dende logo, que nós constantemente poñemos en valor —, que é imprescindible lanzar unha posición común. ¡Home!, evidentemente, se nos escoitaron en Europa, probablemente a algún lle custaría aguantar a risa, pero o tema é serio. Creo que neste momento o futuro da política agraria común afecta na economía directamente das nosas explotacións, e iso obríganos a ser respetuosos e ser moi rigorosos. É importante mandar unha mensaxe unida, e é importante defender as peculiaridades, a idiosincrasia que teñen os nosos sectores primarios. Moi importante.

Eu recoñezo que tampouco foi moi acaído o momento, porque, ¡claro!, ese excesivo interese das forzas da oposición en aproveitar o debate para ter un pequeniño titular, ou unha crítica ao señor Feijóo, e dicir que atacou o sector primario, bueno, con 40.000 expresións aquí, dende logo, dende o meu punto de vista moi desacertadas, dous días despois de que o presidente do Goberno sae a presentar o plan dos concellos 2050 e, señores —atendan á expresión—, dille á poboación que hai que comer menos carne. A min gustaríame que agora os compañeiros do Partido Socialista visitaran os nosos gandeiros e as nosas gandarías de vacún de carne, a nosa IXP Ternera Galega, e lles dixeran: o presidente do Goberno di que non se pode comer carne. (*Aplausos.*) E vén vostede aquí, vén vostede aquí a dicir que o Goberno do Partido Popular...

Bueno, a ver, eu recoñezo que o momento é complicado, pero imos centrarnos. O que temos que decidir hoxe é o seguinte: ¿Están vostedes de acordo en que se evite a ampliación da su-



perficie con dereito a cobro da axuda básica da renda dos agricultores a aqueles cultivos localizados fundamentalmente no sueste español? ¿Están de acordo con iso? Porque aquí tamén, ao mellor, hai un interese político. ¿Están de acordo na necesidade de exixir ao Goberno central que aporte información sobre a delimitación das que serán as novas rexións da PAC, en particular aquelas nas que estarían as explotacións galegas, para poder avaliar as propostas do Ministerio? Nestas novas rexións deben quedar perfectamente reflectidas as diferentes realidades agroeconómicas e socioeconómicas. ¿Están vostedes de acordo coa proposta da definición de agricultor xenuíno? Aquí explicouse con moita claridade por parte da Consellería.

No tocante aos dereitos históricos e á cuestión da converxencia intrarrexional, ¿están vostedes de acordo en que se consiga unha converxencia gradual e progresiva? ¿Están vostedes de acordo en que é prioritario que se manteñan as axudas asociadas para os sectores do vacún de leite, de carne e ovino-caprino, cunha dotación polo menos similar ao período de execución 2014-2020? ¿Están de acordo en demandar que se destine o 13 % dos fondos dispoñibles para axudas directas do primeiro piar — máis do 2 % — para cultivos proteicos, e que non se detraia ese 0,62 % dos fondos para un novo programa sectorial?

É dicir, ¿están vostedes de acordo en demandar, en relación ao *capping*, a regresividade das axudas e o pago distributivo? Iso é o que realmente queren escoitar os nosos gandeiros. Iso é o que hoxe debería quedar perfectamente claro. ¿Están de acordo en que nos ecosistemas é necesario que se aborden as problemáticas e as realidades produtivas do norte peninsular, que están a ser obviadas e que, indubidablemente, queda a España húmida desatendida? ¿Están de acordo en destinar o 20 % dos importes dos pagamentos directos coa integración dos novos ecoesquemas, que atenden ás necesidades das comunidades da cornixa cantábrica? Iso é o que hoxe esperan os nosos gandeiros escoitar de nosoutros.

E miren, eu creo que, seguramente, de parte das cousas que aquí se explicaron tiñan coñecemento, non só porque o explicou o señor Balseiro, como dicía —e póño en valor— nunha comisión ante unha pregunta deste grupo que represento, senón porque parte destas reivindicacións que explicou con claridade o conselleiro están asinadas nun documento, de maneira conxunta, con absoluto respecto institucional, pero tamén con compromiso e contundencia nas reivindicacións que necesita o noso sector primario, asinado polo consejero de Desarrollo Rural, Ganadería, Pesca, Alimentación y Medio Ambiente del Gobierno de Cantabria, asinado polo consejero del Medio Rural del Gobierno de la Xunta de Galicia, asinado pola Consejería de Desarrollo Económico, Sostenibilidad y Medio Ambiente do Goberno vasco, e asinado polo consejero de Medio Rural e Cohesión Territorial do Principado de Asturias. Obviamente, de distintos partidos políticos. Creo que é unha política con altura de miras, pero, o máis importante, creo que é, sinceramente, a política que demandan os nosos gandeiros. Siga nesa liña, conselleiro, que creo que por iso, indubidablemente, o noso rural segue depositando a confianza no grupo ao que represento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Réplica, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Ben, podíamos dicir, no caso do Partido Socialista: hoxe máis do mesmo, señor Seco, no sentido —e téñollo que dicir— de que, de dez minutos que tiña de intervención, dedicou pouco menos dun minuto a dicir o posicionamento do Partido Socialista galego respecto da PAC, máis alá de falar de non sei cantos anos fai atrás. Pero si dixo unha cousa que non é correcta e que me gustaría que lle quedase clara. Cando fala de contratos menores —xa llo dixo a señora Candia—, para o asesoramento en toda a negociación da PAC está firmado un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, que, por certo, excede do importe dun contrato menor, e, ademais, as persoas que están nese equipo —e eu quero agradecer expresamente o traballo que están a facer— dan asesoramento tamén ao Consello Agrario, señora Aira, onde están as organizacións agrarias, e tense traballado tamén en toda a documentación que ten que ver co posicionamento común da cornixa cantábrica. Repito, nós temos a crenza de que nas universidades galegas está o mellor coñecemento posible. Hoxe mesmo, antes desta comparecencia, acabo de presentar o Inventario forestal continuo de Galicia cos dous reitores das universidades de Vigo e de Santiago de Compostela, e tamén se está facendo o traballo coas universidades de Galicia, precisamente para facer ese inventario forestal continuo. Polo tanto, falar aquí de empresas privadas e cuestións doutro tipo, cando estamos falando do traballo que se está facer por un equipo extraordinario da Universidade de Santiago de Compostela, permítame que lle diga que non é correcto o que vostede trasladou.

Miren, aquí houbo comparecencia dunha conselleira no ano 2018 —eu daquelas era voceiro— e, dende logo, atendín ás súas explicacións. Houbo firma dun primeiro decálogo de postura, de posicionamento de Galicia fronte á PAC, coas organizacións agrarias, por certo, non co Sindicato Labrego Galego, pero si con Unións Agrarias e coa Asociación de Cooperativas Galegas, no ano 2019, está publicado, é dicir, pódese ver. Dicir que non damos a documentación, tamén dicir que atrasamos isto cando, precisamente, se pediu por vostedes..., pero eu niso, dende logo, non quero entrar, porque lle vou tratar de explicar que estamos no momento perfecto para poder firmar un gran acordo entre todos os grupos parlamentarios de posicionamento da PAC, e que axude a este conselleiro a negociar mellor en Madrid na defensa dos nosos agricultores e gandeiros.

Como saben, a pandemia dificultou moito as negociacións, tanto a nivel nacional como tamén a nivel europeo, e é certo que esas negociacións se retomaron a principios deste ano. Eu quero facer referencia a unha reunión bilateral —porque eu teño aquí as notas todas— que tiveron o 7 de abril de 2021, que é, claramente, cando o Goberno español —e logo, señora Aira, falaremos das cuestións en que vostede si que entrou, no detalle das cuestións que nos interesan aquí hoxe nesta comparecencia—, digo que é no momento no que o Goberno central pon por primeira vez de manifesto cal é a súa posición. Nós, ata ese momento, tiñamos palabras, tiñamos traballo que se ía facendo nos grupos técnicos, cando fala desa participación pública, eu diríalle que o tema da PAC é un tema técnico, hai grupos de alto nivel, neses grupos de alto nivel participa a Consellería do Medio Rural, neste caso do Partido Popular,



do partido que goberna, e se estivera outro partido pois estaría, loxicamente, a Administración autonómica, asesorada sempre pola universidade, que está neses grupos de alto nivel, e con todo o persoal directivo, subdirectores e técnicos da Consellería, que, ¡home!, eu penso que son directivos e técnicos de todos os galegos e as galegas, que están defendendo perfectamente o seu traballo.

Fai falta, na negociación final, que é onde realmente entra un apunte político, fai falta un apoio á Consellería, que é o que vimos pedir hoxe aquí. Nós temos o apoio da cornixa cantábrica, é certo e non o obviamos, porque nos interesa moito, somos a principal rexión agrícola da cornixa cantábrica e, polo tanto, temos bastante que dicir. E, dende logo, se levamos o apoio, como dicía a señora Candia, doutras tres comunidades autónomas nas que gobernan diferentes partidos políticos, pódolle dicir que iso fixo bastante ruído de cara a mover algunhas cousas en Madrid, que non nos gustaban como estaban traballando.

Pero agora estamos no momento no que, logo desas reunións bilaterais —a última foi a semana pasada coa Secretaría Xeral técnica da Consellería—, si que podemos fixar unha posición e si que podemos levar unha postura na que eu poida trasladar, na negociación final, que iso é o que opinan todos os interesados en Galicia, as organizacións agrarias, as cooperativas galegas, a universidade, que nos está apoiando, e, se é posible, os grupos parlamentarios. E, se non, non pasa nada, iremos nós, que entendemos que temos capacidade suficiente para facer esa defensa, pero entendemos que nos dá moita forza ir con consenso parlamentario.

Por trasladarlles os tempos, repito que esta comparecencia, e eu non vou a entrar nese detalle, pero, evidentemente, falouse e acordou atrasala, precisamente porque estabamos falando doutras cuestións. En principio, haberá unha primeira reunión de peche, e xa veremos, e logo explícolle porque xa veremos, e tratarei de non estenderme tanto como na miña última comparecencia. Pero, vamos ver, o 11 de xuño nós poderemos ir alí con decisións tomadas en defensa dos nosos agricultores e gandeiros, se antes nos dan os datos.

Señora Aira, vostede falaba dunha cuestión, que eu a día de hoxe non teño con claridade, falaba de 18 rexións agronómicas. O que si sei de certo é que ata agora había 51, e sempre se nos dixo que se ían reducir substancialmente, pois falábase de 8 ou 9; agora vostede di 18 porque saíu na prensa, eu teño outro número. Pero o problema non é tanto o número de rexións —que é un problema—, o problema é non saber con quen imos estar en cada rexión, que é o que nos permitirá facer os nosos cálculos. E dicíndolle tamén, cando preguntaba sobre como nós podemos saber o impacto, ¡home!, eu diríalle que, se quere, lles poñemos unha charla a todos —non hai problema ningún— coa universidade, que é quen ten as ferramentas informáticas que nos permiten facer os cálculos para saber como poden cambiar as cousas en función do que nos diga Madrid. Pero primeiro tennos que dicir o Goberno central cales son as súas posicións, por iso nós demandabamos aquí, cando eu estaba intervindo, que necesitamos maior transparencia na negociación. Nós non podemos ir o 11 de xuño a tomar decisións en nome de todos os agricultores e gandeiros galegos se o Goberno central non nos di cal é a súa posición previa para poder facer os nosos cálculos.

Dentro daquilo ao que vostede dedicou un minuto, señor Seco, e despois se quere falar un pouquiño máis eu no turno de peche pódollo concretar, pero é probable que nos poidamos



poñer de acordo porque, polo que tomei eu aquí de notas, pasou moi de présa no que se refire ás axudas asociadas; estamos todos de acordo, tanto o Bloque coma vostedes. Tamén lles digo, para a tranquilidade, señora Aira e señor Seco, que en principio o Ministerio vai manter o nivel de axudas asociadas e os mesmos sectores; polo tanto, vacún de leite e vacún de carne en Galicia polo tema das axudas asociadas non vai ter problema. Pero nós dicimos que non é equitativo que se faga un programa sectorial para o oliveiral tradicional —que vai levar un volume importante de cartos— e, por exemplo, non se considere un sistema agroforestal tan importante en Galicia como son os soutos tradicionais. E cando digo agroforestal digo de posibilidade de uso nese sentido, e podemos traballar para recuperalo con axudas do primeiro piar. E se non tamén lle digo á Cámara que non se preocupen porque imos facer esa recuperación con axudas do segundo piar. Pero dicimos que, de xeito equitativo, se se contempla o oliveiral tradicional deberíanse contemplar, por exemplo, os soutos tradicionais. E houbo algunha outra comunidade autónoma que tamén nos apoiou nese ámbito.

Referíndome fundamentalmente á intervención da señora Aira, porque si falou das cuestións, e creo que entendín o posicionamento do Bloque, eu xa lle digo, aínda que lle pareza mentira, que é claramente o posicionamento do Partido Popular nesta negociación. Mire, indo primeiro ao *capping*, vostede falaba, señora Aira, de que só hai 74 perceptores dos 26.000 galegos que perciben máis de 60.000 euros por explotación e leva razón. Claro, se só aplicáramos o *capping* nos 74 de Galicia serían moi poucos cartos, pero nós o que estamos dicindo é que o *capping* ten que ser para toda España e o diñeiro dese *capping* ten que vir ás pequenas e medianas explotacións galegas. É dicir, se hai grandes explotacións en Andalucía ou en Castela-A Mancha que polo *capping* van deixar de cobrar eses cartos teñen que vir, pola redistribución, ás pequenas e medianas explotacións. Non hai que dicir galegas pero é que as pequenas e medianas explotacións no conxunto de España están na cornixa cantábrica, sinaladamente en Galicia. Polo tanto, hai outro tema no que eu lles pido apoio e digo que poderíamos ver, a través dos mecanismos parlamentarios, como podemos ter ese apoio e como podemos ter ese consenso, que é o pago redistributivo. Miren, isto do pago redistributivo, se non temos coidado, pode levarse a cada rexión agronómica. Poderíamos estar nunha rexión, señora Aira, na que as maiores explotacións foran as galegas; polo tanto, irían cartos de Galicia para fóra de Galicia. E nós dicimos que o pago redistributivo se ten que facer en función da superficie agraria útil media de todo o Estado español, porque aí saímos gañando nós, que temos a metade da superficie media do resto das explotacións do territorio nacional, e ademais é o que pretende Europa. Nós aí penso que, se temos o apoio de todos —o señor Seco e o Partido Socialista terán que ver, se iso non concorda coa posición do Goberno central, se están dispostos a apoialo—, pero se temos o acordo de todos no pago redistributivo, de que ten que ser no conxunto do territorio nacional, dende logo, señora Aira, eu diríalle que non empatamos. Cando dicía vostede o de garantir, melloraremos a posición dos nosos agricultores e gandeiros; polo tanto, penso que é probable, señorías, que aí podamos chegar a un acordo.

E eu estoulles pedindo, logo desta comparecencia, falar, porque estamos no momento da negociación no que se pode falar e ser capaces de traer ao Parlamento unha postura común, que podería ser perfectamente unha PNL compartida por todos nós, se entenden que lles pode corresponder ou que poden botar unha man a este conselleiro en defender os intereses dos agricultores e gandeiros galegos.



Pregúntame a min se podo concretar como quedarán as rexións. Neste momento non, pero tamén lle digo que igual non imos negociar se non nos dan antes as rexións. Isto xa se lle advertiu ao ministro dentro da postura de lealdade institucional, pero nós temos que facer os nosos cálculos. Eu non podoo crer —aínda que é unha persoa que me merece toda a confianza, que quede claro— aquí ao ministro de Agricultura se me está dicindo que Galicia vai saír ben. Eu quero os datos para ver se sae ben, entre outras cousas, porque —como digo— teño as ferramentas para poder calcular todo o que nos prexudica ou nos beneficia no que está a pasar. Déronnos algunha liña, é dicir, bueno, imos incrementar as axudas asociadas respecto da posición inicial; pero queremos ver fundamentalmente como quedan as rexións.

Falaba vostede tamén, señora Aira —e, xa lle digo, gustaríame tamén se o señor Seco ten a ben falar de todas estas cuestións, e tamén falar da postura do Partido Socialista—, dos novos cultivos. Esta é unha cuestión que era —dixeramos— intocable no que se refire á configuración da PAC, non se podía abrir ás novas superficies. Ben, de repente aparécennos nesta negociación dicindo que non se sostén por criterios técnicos —fíxense— que non cobren dereitos de PAC as hortalizas, os frutais e os viñedos; bueno, nós aceptamos ese criterio. ¿E cal é o criterio técnico para que haxa en Galicia explotacións gandeiras con parte da súa base territorial sen dereitos de PAC? Non hai tampouco ningún criterio técnico. E o que lle dicimos ao Ministerio é: antes de abrir novas superficies primeiro regularice a situación daqueles que non teñen recoñecida toda a súa superficie. Xa o dicía vostede, que Galicia é a terceira comunidade autónoma de toda España que ten menos superficie admisible a efectos de cobrar dereitos da PAC.

Pero, mire, as outras dúas, as que menos teñen, ¿saben cales son?: Murcia e Valencia. ¿E saben onde están todos os frutais aos que se abren agora novas superficies? En Murcia e en Valencia. Ou sexa, están resolvendo un problema do Levante español —por certo, os agricultores xenuínos aí hai que velos, a porcentaxe que teñen de ingresos agrarios— e están facéndoo á custa de todas as demais comunidades autónomas; e nós por aí non imos pasar. Porque, entre outras cousas tamén, señora Aira, se imos a unha converxencia —que o principio era pago por hectárea e iso parámolo nós coa postura da cornixa cantábrica—, nós aí dixémoslle que nin de broma entrabamos nun pago por hectárea, porque iso significaría que cobrara o mesmo unha hectárea de pasto en Castela-A Mancha que de pasto —e ademais, se houbera unha única rexión— na montaña de Lugo; e nós non o aceptabamos. Polo tanto, incidimos na postura do Ministerio para que de cara a Europa non asumira unha converxencia intrarrexional do 100 % neste período, senón que vai ser do 85 %. E aí agradecemos a postura, por suposto, do Ministerio. Pero digo que a nosa defensa ata o de agora por esa falta de superficie eran os dereitos históricos, pero é que os dereitos históricos van desaparecer coa converxencia intrarrexional. Polo tanto, nós, se imos perder os dereitos históricos por cuestións técnicas, tamén queremos por cuestións técnicas que haxa un recoñecemento da superficie que no seu día non se recoñeceu en Galicia. E estamos a falar dun número moi importante de hectáreas, que eu non son capaz neste momento de cuantificar pero seguro que nas conversacións previas á negociación poderíalle dicir ese número de hectáreas.

Polo tanto, primeiro, que entre nas novas superficies o déficit histórico que ten Galicia e outras comunidades da cornixa —pero fundamentalmente Galicia— por diferentes razóns que, dende logo, non son técnicas. A min dime ese equipo da universidade que no seu momento



houbo como unha certa transcendencia de que igual a xente transparentaba demasiado dicindo a superficie que tiña. O caso é que non se recoñeceu toda esa superficie. A nosa defensa —repito— eran os dereitos históricos e agora van desaparecer ou, polo menos, vanse atenuar pola vía da converxencia; polo tanto, necesitamos que nos recoñezan esa superficie.

Pero nós imos máis alá, e gustaríame tamén contar co seu apoio. Con independencia dese comentario da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, eu penso todos os que estamos aquí concordaremos en que é importante converter terra abandonada en terra traballada; e imos falar de agricultura e gandaría, é dicir, incrementar a superficie agraria. ¡Oia!, nós estámolle dicindo tamén ao Goberno central que ten que habilitar a posibilidade de que ese cambio de superficie abandonada a superficie agraria teña tamén dereitos da PAC e que, polo tanto, se poida abrir a esas novas superficies pola vía da reserva. Eu penso que aí tamén poderíamos, seguramente, chegar a un acordo, porque tamén isto, facendo referencia a unha das organizacións que vostede dixo, compárteo o Sindicato Labrego. Dos demais falarei despois desta comparecencia. Eu falei primeiro coas organizacións agrarias e logo falarei con todas as asociacións que teñan que ver con este tema tamén para mantelos informados.

¿En canto ao agricultor xenuíno? Tamén, señora Airas, estamos de acordo, a nós valíanos e pretendíamos unha definición de agricultor xenuíno que fora pola vía de ingresos agrarios, unha porcentaxe de ingresos agrarios respecto dos ingresos totais. Fíxese que nós eramos máis exixentes, puñamos o 30 %, aínda que vai quedar no 25 %; tamén nos vale no 25 %, tamén llo digo, porque, nos nosos cálculos, no 25 % ou no 30 % saímos favorecidos. O que non nos parece xa de recibo é que, logo de definir o agricultor xenuíno —e estamos todos de acordo en que debían ser aqueles que perciban ingresos agrarios—, aos pequenos perceptores non lles pidan esa obtención de ingresos agrarios. Podería suceder que alguén que non ten ingresos agrarios cobrara a PAC; de feito, xa está sucedendo e nós estamos dispostos a modificar esa situación. Pero esta é unha postura, señora Aira, que eu lle diría que en Galicia tería repercusión respecto dun certo número de perceptores; pero noutras comunidades autónomas —como pode ser Andalucía— pois tería un efecto moi importante. Non se olvide de que todos, ao final, temos que ir tratando de completar —como dixo o ministro— este Sudoku e é moi complicado facelo de acordo con todas as comunidades autónomas.

Falou tamén dunha cuestión, señora Aira, que me interesa especialmente e son os ecoesquemas. Nós apostamos —e tamén o preguntaba o señor Seco—, loxicamente, por unha sostibilidade da agricultura e gandaría. Por poñer un exemplo, as aldeas modelo van todas certificadas en ecolóxico por se hai quen quere desenvolver esa actividade en ecolóxico de agricultura e de gandaría. E é certo, ademais, que temos na estratexia Da Granxa á Mesa a necesidade de incrementar a nosa superficie. Polo tanto, os ecoesquemas deberían de ir orientados a un tipo de agricultura —díxoo vostede tamén—, están moi centrados na agricultura pero, sobre todo, nun tipo de gandaría que é a propia de Galicia, a que ten base territorial. Os ecoesquemas están pensados para que, a través da agricultura e a gandaría, custodiamos o territorio. E respecto diso é certo que, dentro das exixencias que lle poidamos poñer aos nosos agricultores e gandeiros, que xa o cumpren normalmente, é moi acaído no tipo de gandaría que temos en Galicia. Por certo, ademais, coa indicación xeográfica protexida de Ternera Gallega, que é a principal vendedora nestes momentos de carne de calidade de España.



E fixo unha referencia... que eu entendo que cando traen as súas intervencións pois, ao mellor, na miña foron moitos datos, pero eu falei tamén dos pastos arbustivos. É que nós queremos que se abra aos pastos arbustivos, porque esa é unha forma tradicional de facer aquí o pasto ou pastoreo e, polo tanto, nós defendemos que ademais se abriría a unha cantidade moi importante de superficie. Díximoslle ao Ministerio que o faga pola vía da reserva nacional.

Falou de gando xeolocalizado. ¡Home!, eu pediríalle aí, señora Aira,... a min tamén me superan ás veces todas estas cousas pero iso é falar de territorio intelixente, é falar do que nos está pedindo tamén a estratexia Da Granxa á Mesa, e é falar de moitos cartos que van vir a través dos fondos europeos, que temos que ser capaces de traer aquí a Galicia. E eu quero poñer en valor, dentro da estratexia do sector lácteo galego, a posta en marcha inmediata da marca da Xunta de Galicia Leite de pastoreo, que, dende logo, vai premiar a todos aqueles que fan ben o seu traballo; e, polo tanto, van vir pola vía da xeolocalización para evitar fraudes. Non me preocupa aquí en Galicia porque case ninguén dos nosos gandeiros facía fraude en relación con iso; pero, por suposto, imos tratar, en definitiva, de impulsar o pastoreo. Tamén é outra das exixencias ou outra das pretensións que ten a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, poder traballar nese pastoreo.

Penso que no que se refire aos aspectos técnicos da PAC non se me olvida nada. Eu saco desta primeira quenda, dende logo, a posibilidade de que na segunda o señor Seco precise un pouco máis sobre cal é a súa postura; e se quere esperar a ter unha reunión fóra do Parlamento eu tamén estou aberto a ela. Pero a señora Aira escoitou —estou seguro— con atención e temos moitos puntos de acordo.

E eu remato xa, como fixen na primeira quenda e como fixen ao principio da miña intervención, dicíndolles que, aínda que sexa por interese propio de vostedes e tamén daqueles que representan —porque todos os agricultores galegos terán diferente ideoloxía pero seguro que o que lles interesa a todos é que veña a maior cantidade de cartos posibles para Galicia— creo que é bo que teñamos unha postura común no Parlamento de Galicia para apoiar máis, se cabe, a posición da Xunta cando teña que asumir a negociación final. Nesa negociación final, dende logo, non teñan ningunha dúbida de que ir acompañados da cornixa cantábrica nos axuda, ir acompañados das organizacións agrarias nos axuda, ir acompañados das cooperativas nos axuda. Pero ir acompañados dun pronunciamento de todo o Parlamento galego sobre cuestións que son liñas roxas para Galicia na negociación, dende logo, penso que nos axuda tamén moito máis.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.



Xa sei que está acostumado a mandar, señor conselleiro, pero eu aquí veño dicir o que quero, e o que necesita o meu partido é o que veño comunicar por parte da miña organización. *(Aplausos.)*

Dá a sensación —eu xa llo dixen e llo comuniquéi, ademais, neste mesmo estrado— que o Partido Socialista quería falar da PAC, e vostedes foron incapaces de convocar nin unha soa reunión para falar deste tema. Iso si, cando se está anunciando que o día 11 vai finalizar o período e que van chegar acordos ou desacordos resulta que aparece con este tema no Parlamento, no Pleno, pero sen ningún tipo de acordo. Aquí non se vai tomar ningún acordo, señor conselleiro, vostede fala de acordos pero aquí non hai ningún acordo. É unha comparecencia súa e vostede fala de levar ao próximo pleno, que probablemente sexa o 8 ou 9 de xuño, cando se vai cerrar a negociación da PAC o día 11, non sei a que quere xogar vostede.

Se vostede, que ademais intenta tratar de comparsa o resto das comunidades da cornixa, porque di que o apoian, ¿como que o apoian? Supoño que será unha posición común de toda a cornixa, na cal, por certo, na comunidade do Principado de Asturias, goberna o meu partido. E nos gobernos de Cantabria e do País Vasco participa o meu partido. Polo tanto, eu creo que deba entender que o Partido Socialista xa parte dunha base, que é que apoia, evidentemente, a posición que leve o noso territorio. ¡Claro que apoia a posición que leva Galicia de cara á negociación da Política Agraria Común! ¿Pon en dúbida vostede iso? Dáme a sensación de que vostede o que non quere é falar doutras cuestións, pero a posición que vostede pactou coa cornixa cantábrica deféndeala este grupo *a pies juntillas*. *(Aplausos.)*

Señora Candia, vostede fala de Almería e ou non entendeu nada ou non o quere entender. Nós non queremos ser Almería. O que estaba poñendo en evidencia e intentei explicarlle é que certos gobernos, durante anos, cunha certa orientación dos sectores, xeran moita riqueza, e en Almería, que era unha provincia que era similar á peor das provincias galegas, agora xeran de beneficios 3.000 millóns de euros, que é dez veces máis do que xera o forestal en Galicia. Polo tanto, deberan tomar nota de que nós non somos Almería, pero nos nosos sectores nós non puxemos orientación política e, polo tanto, recollemos o que recollemos.

E cando falan dos contratos menores, de verdade que non sei como non se poñen colorados. Ou sexa, despois das noticias que apareceron esta semana co tema do Consello de Contas e de que a Deputación de Ourense teña o 80 % de contratos menores, de verdade que me daría vergonza intentar falar deste tema cando, por exemplo, *(Aplausos.)* a provincia de Lugo non chega ao 20 %.

E a Consellería de Medio Rural, sen contar os entes instrumentais, ¿sabe cantos contratos menores tivo o ano pasado, señor conselleiro? 1.516 contratos menores a Consellería de Medio Rural que dirixe vostede.

Xa non quero entrar, señora Candia, con todo o cariño que lle teño, polo seu curto paso pola Deputación de Lugo, cando aprobou 2,9 millóns de euros, nos cales repartiu entre 31 concellos do Partido Popular, entre 31 concellos do Partido Popular, e 2 só do Partido Socialista, 2,9 millóns de euros. Ese é o seu balance.

Vostede falaba de 26.000 explotacións como se fora un éxito: 26.000 superviventes, señora Candia, decenas de miles quedaron polo camiño baixo o seu mandato.



Vostede di que o presidente di que non hai que comer carne. Pasa algo parecido co de Almería. Creo que non queren entender o que significa o cambio climático e os cambios de costumes aos cales nos imos ter que adaptar. Cando di o presidente: *En 2050 comeremos menos productos de origen animal y ultraprocesados, pero consumiremos más productos locales, ecológicos y de temporada, ¿vostede nega isto?, ¿nega a realidade, que no 2050 vai pasar isto, señora Candia?, ¿vostede non se dá conta de que necesitamos baixar... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ...de que necesitamos baixar as emisións de CO₂ para ter un futuro para os nosos fillos, señora Candia? Non está dicindo que non se consuma carne, está dicindo que van cambiar os hábitos de consumo precisamente para intentar loitar contra este cambio climático.*

Señor conselleiro, o mesmo que lle pedimos ao ministro de Agricultura no seu día, que trouxese para España o mellor dos acordos para o noso país cando se negociou en Europa co resto dos países europeos a Política Agraria Común do 2023 ao 2027, agora pedímoslle a vostede que cumpra co seu traballo, en conxunto co resto da cornixa cantábrica, e traia da negociación co resto das autonomías o mellor dos acordos posibles para o noso país. Ese é o seu deber, e nese xogo non vale aquilo de que os socialistas no Estado queren prexudicar o Partido Popular na Xunta, isto non lle vai valer porque non lle vou recordar quen goberna actualmente en comunidades como Murcia ou Andalucía. Simplemente, o que lle pido é un apoio expreso, desde este estrado, á posición de Galicia e do resto da cornixa cantábrica, e que defendan o mellor posible os intereses dos gandeiros galegos e logo que utilicen ben esa política agraria común para non seguir desmantelando os nosos sectores, como fixeron durante 34 dos 40 anos da autonomía de Galicia.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Carmen Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas de novo, señor presidente.

Señora Candia, se a PAC é tan importante, ¿por que hai que falar aquí agora da Deputación de Lugo? Punto. *(Aplausos.)*

O BNG de boa gaña, señor conselleiro, apoiaría a posición da Consellería en Madrid, desde logo. Pero, claro, eu estíveno escoitando con toda a atención por ver se era quen de descubrir cal é o seu modelo exacto de desenvolvemento agrario para o próximo período. Só a PAC non chega, porque hai que falar dun modelo de servizos para o rural, de que medidas demográficas concretas ten para paliar o rural deshabitado... Non fun quen de descubrir ese modelo porque eu, así *a priori*, coa pouca experiencia que teño nestas lides, podo chegar a pensar que o seu modelo é quitar superficie ás gandarías para entregarllo ao eucalipto, que é o que fixo exactamente coa moratoria e co seu anuncio. *(Aplausos.)* Ou restaurar casas baleiras en aldeas modelo medio deshabitadas, cando hai tantas destruídas nos núcleos habitados, entre outras. E se ese é o modelo eu quedaría aterrada, que non atónita, porque observo.



É o momento de demostrar que defende de verdade o modelo de pequenas e medianas granxas familiares para o rural galego. E isto chámamos a atención que vaia ser así, porque non vimos nin os parlamentarios europeos do PP nin os do Parlamento español queixarse nunca porque a duquesa de Alba levara 40 millóns de euros por terras improdutivas, así como fan outros latifundistas a día de hoxe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, iso é inaudito.

O BNG débelle lembrar ao Goberno da Xunta que debe financiar o rural galego con algo máis que con cartos que nos envía Europa, porque parece que a Xunta non ten orzamento, e por iso esperamos a que caian do ceo.

Os alcaldes do PP viñan utilizando fondos Leader para estender os seus orzamentos e agora vostede parece que vai facelo exactamente igual cos orzamentos da Consellería.

Hoxe aquí debería comprometerse a defender, efectivamente, o rural no seu conxunto, non só a PAC, o rural no seu conxunto, porque eu penso que ese compromiso igual só o ten coa Lei de recuperación de terras agrarias. ¿Vai vostede apostar por inxectar fondos no segundo piar ou vaise ater soamente ao cofinanciamento a que obriga Europa como viñeron facendo secularmente neste punto?

Todo uso de diñeiro europeo que vaia para implementación de terras agrarias, esa pobre lei coa que o seu grupo correu a tope, tanto que se esqueceron do maletín dos cartos. Gañou a carreira para consumir fondos europeos a esgalla e disto non temos dúbida, pero xa nos queda máis borroso o tema de como se vai utilizar para mellorar o rural galego con ela.

¿Temos cuantificado na Consellería os investimentos reais que van levar ás futuras aldeas modelo que acaba de nomear a medio prazo? ¿Entre a súa creación e a restauración de predios, van deixar que se convertan en sacos sen fondo e logo non facer seguimento? ¿Contemplaron a posibilidade de que sexa un rotundo fracaso e que no tempo haberá que facer algo cos seus cadáveres para quen governe?

Esta PAC é unha oportunidade única para darlle un pulo ao noso agro con sentido común, de xeito sostido no tempo, non a impulsos. Hai necesidades crónicas de formación, de investigación, de asesoramento, de facer os lugares habitados habitables para as persoas que optan por quedar neles.

A Xunta ten a obriga de facer que remate dunha vez que haxa que ser heroes para vivir no rural e, máis aínda, para vivir no rural do rural.

Remato subliñando o cómodo que é para o PPdeG que governe o PSOE no Estado español. Agárranse ao programa electoral do BNG para utilizar os seus termos na confrontación de desgaste co Goberno de España (*Aplausos.*) aínda que hoxe o señor conselleiro non o fixera. Pero non se enganen, porque nas súas mans as nosas palabras nunca van significar o mesmo que cando as empregamos nós. E resulta curioso que sexa agora, co Goberno do PSOE en Madrid, que o PPdeG caia na conta de que existe unha agricultura e unha gandaría na Galiza, porque cando gobernaban alí e cando gobernaban aquí vostedes moito non fixeron polo rural



galego ata o de agora. E igual o señor conselleiro inaugura unha nova era e, por suposto, se iso fai terá os parabéns do BNG. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Nestes cinco minutos, probablemente, escoitar as primeiras palabras da segunda intervención do señor Seco centrou e deume pé para poder entender, realmente, por que ás veces discrepamos tanto. O señor Seco dixo: eu veño aquí a defender o que necesita, ou facer o que necesita, o meu partido. Iso é, realmente, onde nos coloca a cada un no lugar, e por que uns dicimos e facemos unhas cousas e outros din e fan ás veces incluso a contraria.

Nós, nesta intervención, máis que nunca vimos defender o que necesitan os agricultores e gandeiros de Galicia. (*Aplausos.*) É probable que iso tamén beneficie ao Partido Popular, como o leva beneficiando nos últimos anos, porque os gandeiros e os agricultores, aínda que vos tedes moitas veces os acusan de incumplidores, e remítome aos eucaliptizadores, que tanta atención captan dos representantes, aquí, neste Parlamento, do BNG... que, por certo, vólvoos invitar a ir á Mariña, nunca me aceptan esa invitación... Nós, se facemos as cousas ben, indubidablemente, apostando por esa política útil, se acertamos pois tamén ao mellor lle vai ben ao Partido Popular, pero —insisto— ese non é o noso principal obxectivo.

Mire, eu non sei se vostede mira a Almería ou se o pon como unha referencia, eu entendínlo así. A verdade é que lle prestei bastante atención. E tampouco falei da Deputación de Lugo, nin a citei, señora Aira. Decía un compañeiro meu —os de Lugo van saber, sen que o cite, quen é— que para entender primeiro hai que atender, porque xa no abecedario primeiro está o «a» e despois está o «e». Eu simplemente me referín ao Concello de Lugo, que non ten nada que ver coa Deputación. Se quere tamén lle explico por que teño que falar da Deputación de Lugo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque se me fan unha pregunta e un ataque da miña época eu explícollo, porque eu fixen un plan de reequilibrio territorial para compensar a repartición sectorial, primeiro do señor Besteiro —ese que, evidentemente, agora non sacan moito a relucir—, e agora que o veu facer bo o señor Tomé. E iso está aí, que son matemáticas, e o que se mide non fai falta interpretalo.

E mire, unha última puntualización, sobre se o presidente do Goberno recomenda comer carne ou non. Eu, evidentemente, sen ningún criterio sanitario, que diso non teño ningún tipo de formación, si co criterio gastronómico, si que a recomendo; se é de Galicia e de Ternera Galega, moitísimo mellor. Pero a miña opinión viña absolutamente referendada polo señor presidente da Asociación Agraria de Jóvenes Agricultores, que se dirixiu nestes termos ao presidente do goberno: «Como presidente de la Asociación Agraria de Jóvenes Agricultores me veo en la necesidad de dirigirme a usted para expresarle el profundo malestar que han causado en nuestra organización y en todo el sector ganadero sus re-



cientes manifestaciones sobre el consumo de carne y la necesidad de cambiar las actuales pautas de consumo». Efectivamente, como vostede tamén dixo, tamén nos responsabilizaba de ataques medioambientais. Eu voulle dicir, probablemente, moitas das actividades formativas ás que moitos nos podíamos anotar para aprender como se coida o noso mundo medioambiental e os nosos ecosistemas, pois, sen dúbida, en grandes mestres temos aos nosos agricultores e gandeiros. Non son en modo algún persoas que ataquen o noso medio ambiente.

Señor conselleiro, vostede veu con humildade —o cal eu lle agradezo enormemente— explicar a este Parlamento e aos galegos e galegas todo o seu traballo para conseguir unha Política Agraria Común boa para Galicia, boa tamén para os votantes do Partido Socialista e boa tamén para os votantes do Bloque Nacionalista Galego; porque pensa, única e exclusivamente, no mellor para os nosos agricultores e gandeiros.

Prégolle que siga, efectivamente, nesa actitude, porque, indubidablemente, sempre intentamos evitar debates absurdos. E dixémolo na Lei de recuperación agraria, coa que eu non podo ocultar a terrible decepción da incoherencia, da falta de responsabilidade, fundamentalmente, do Bloque Nacionalista Galego, que veu dicindo pola mañá unha cousa e pola tarde a contraria, e incluso sendo moi dubitativo á hora de votar.

E dígollo, evidentemente, pensando que buscamos instrumentos para incrementar a base territorial, por suposto, moi en relación con este debate da política agraria común. No último punto, seguramente, seguirá falando do que queremos escoitar, e do que queren escoitar os nosos gandeiros e agricultores, que son esas decisións que lles van afectar directamente no seu peto, directamente nas súas explotacións, e diso é do que temos que falar. E por iso lle agradezo a total transparencia, como fixo na comisión cando lle foi preguntado, e se outros non lle preguntaron unha de dúas: ou que xa o sabían, como recoñeceu o señor Seco, porque llo dicían de Asturias, ou, simple e llanamente, que non tiña ningún tipo de interese, pero non porque a Consellería do Medio Rural ocultara información.

Siga nesa liña, creo que vén unha etapa determinante para conquistar un escenario importantísimo para o noso sector primario. E, por suposto, o grupo que eu represento, como non pode ser doutra maneira, axudaralle a traballar nesa dirección con responsabilidade e debéndonos primeiro ao galegos e despois, tamén, como non, ao Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Peche da comparecencia, conselleiro do Medio Rural.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señorías.



Eu, se non lles importa, vou facer o peche falando do meu libro, o que nos trae hoxe aquí, que é falar, precisamente, da PAC, da política agraria comunitaria.

Gustaríame, en primeiro lugar, facer referencia a algunhas cousas que cuestionou tamén a señora Aira no sentido de que aquí si que fixo unha cousa que é bastante común —polo menos, eu así o detecto— no seu grupo, que é mover os marcos das negociacións. Iamos ben na primeira intervención falando da PAC e despois saíume con outras cousas que non acabo de comprender, ¿por que? Porque pensaba que iamos poder precisar máis as cuestións. Pero vostede está falando do segundo piar, e eu xa lle dixen que o segundo piar non é momento agora de falar del. Estase facendo un traballo —neste sentido, informo a Cámara— por parte da universidade, do grupo, temos pensado que a finais do mes de xuño nos fan unha primeira proposta do plan estratéxico galego para o segundo piar e, a partir de aí, evidentemente, iniciaremos o mesmo camiño que estamos facendo co primeiro piar, que é ir avanzando na negociación e ir tratando de informar tanto as organizacións agrarias como, no seu caso, a este Parlamento.

Queríalle facer unha precisión, e créame o que lles vou dicir: este tema é complexo, técnico e dificultoso. A min custoume facerme con el, non me queda máis remedio, tamén é certo que a xente que nos asesora nos explica moi ben estas cousas e algunhas fun capaz de entendelas. Mire, aínda que quixeramos meter cartos nos eucaliptos, que non, no que se está referindo, porque non hai ningún céntimo de euro público para plantación de eucaliptos en Galicia, o primeiro piar só é para agricultores e gandeiros, señora Aira. Teríamos que falar das intervencións forestais no segundo piar pero o primeiro piar só é para agricultores e gandeiros. Polo tanto, agora estamos falando de traer cantos máis cartos mellor para Galicia aos agricultores e gandeiros. Iso de quitar superficie de gandaría para darlle ao eucalipto non é a cuestión que toca hoxe, senón que é falar do primeiro piar, que —repito— é para agricultores e para gandeiros.

Sobre o da duquesa de Alba, que comentou tamén vostede, é importante que saiba que agora, co *capping*, cortaríamos nos 100.000 euros que di o Ministerio, e serían 60.000 se nos deixaran a postura de Galicia.

E en canto a que non temos cartos galegos para os agricultores e gandeiros, eu dígolle que a cofinanciación é o 17,5 % de todos os cartos, pois veñen 800 millóns de euros e a maiores nós poñemos o 17,5 %.

Señor Seco, si que vou falar un pouco da súa intervención, porque dixo unha cousa que me interesou. En primeiro lugar, quero pedir desculpas se nalgún momento da miña intervención anterior pareceu que eu dicía que estaba dispoñendo do resto das comunidades autónomas da cornixa cantábrica, non era a miña intención. Simplemente dixen que, dentro da cornixa cantábrica, a principal agricultura e gandaría é a galega, pois por tamaños somos a quinta de toda España e, polo tanto, tamén na cornixa cantábrica somos os principais. A partir de aí, é certo que levamos unha posición na que hai moito consenso por parte de todos eles.

Pero dixo unha cousa... — e despois gustaríame se non..., seguro que foi o que dixo—, dixo que o seu grupo parlamentario, o Grupo Parlamentario Socialista galego, aprobaba, estaba



de acordo, *a pies juntillas, con la posición que defiende la cornisa cantábrica en el posicionamiento común*, incluso dixo que había varias desas comunidades autónomas que teñen que ver co Partido Socialista. Foi unha contradición coa súa posición anterior, na que dixo que non informabamos nin tiñamos coñecemento de toda esta cuestión. Pero, en todo caso, señor Seco, está publicada a posición, e, ademais, está aí cos logos de todas as comunidades autónomas. E voulle dicir que, entón, eu vou moi contento deste Parlamento, señorías. Porque ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia non lle parece adecuada —así lo dice el texto—, dice: «Nos parece inadecuada —desculpe que o lea en español—, nos parece inadecuada la propuesta del MAPA de incluir en el concepto de agricultor genuino a aquellas personas que perciben menos de un cierto volumen de ayudas directas con independencia del peso de los ingresos agrarios en los ingresos totales». Ou sexa, ao Grupo Socialista non lle parece adecuada esa posición e, polo tanto, defende os intereses dos agricultores e gandeiros galegos fronte á posición do Ministerio.

Tamén di este documento que «resulta inaceptable que se proponga la incorporación de las superficies de viñedo, frutas y hortalizas, hasta ahora excluídas de los pagos desvinculados y al mismo tiempo se pretenda dificultar la entrada de superficies y otros usos o sistema productivos que no fuesen declaradas en el momento de establecer el antiguo pago único ni pueda incorporarse posteriormente». Tamén o Grupo Socialista apoia esta postura, que defende, neste caso, a Xunta de Galicia —estou seguro que tamén o Bloque— en contra da posición do Ministerio.

Tamén di este documento que nos reafirmamos de entrada na posición común expresada, xa no 2019, por Asturias, Cantabria, Galicia e o País Vasco, en favor de que se apliquen, en canto ao *capping*,..., recorden que van ir a 100.000 euros por explotación, e nós defendiamos —tamén o Bloque Nacionalista Galego e agora, polo que vexo, tamén o Partido Socialista— que o *capping* se aplicará nos 60.000 euros, ¿que 100.000?, ¡60.000 euros!. E, ademais, estamos dicindo que non se descuenten —e tamén o Partido Socialista estará de acordo— os custos laborais. Sen embargo, o Ministerio di que hai que descontar os custos laborais. E presten atención: «y los de las empresas de servicios». Pero, vamos ver, estamos falando de que pode haber unha empresa que perciba axudas da PAC por 300.000 euros e vanlle poder restar os custos laborais e, ademais, tamén os das empresas de servizos. Isto é unha broma, isto é unha broma. Polo tanto, entendo que agora apoiaran esta postura.

Pero miren, o que me parece máis importante —e voume moi tranquilo tamén— é que tanto —estou seguro— o Bloque, porque xa o dixo primeiro, pero agora tamén o Grupo Socialista, estarán de acordo en que «el pago redistributivo, que es esencial para Galicia —un 20 % de todos os cartos—, el pago redistributivo debe destinarse a las hectáreas de cada explotación por debajo de la SAU media por explotación en España». Se levamos unha PNL común de todos no que digamos só isto, pódolles asegurar que beneficiamos tremendamente os nosos agricultores e gandeiros, e hoxe saco a conclusión de que podemos chegar a ese acordo porque estamos todos aquí de acordo, porque mo dixo vostede: esta posición podémola defender *a pies juntillas*.

Polo tanto, señorías, ¿de que estamos a falar? Eu entendo que, cando vén aquí un conselleiro... non lles nego que ten a súa cousa, vir aquí e digo: a ver que golpes me dan desta vez —no sentido figurado, non digo nada máis— pero eu veño aquí, dixeramos, nunha idea de tratar de chegar a acordos para apoiar máis a nosa capacidade de negociación.



E remato como rematei na primeira e na segunda intervención: eu pido hoxe aquí, e pido tamén para todos os agricultores e gandeiros que nos poidan escoitar, que todos os grupos parlamentarios sexamos capaces de poñernos de acordo, aínda que sexa nun acordo de mínimos que beneficie na negociación final os nosos agricultores e gandeiros, porque ese é o obxectivo que anima, dende logo, a este conselleiro, a toda a Consellería e a Xunta de Galicia: defender os galegos e as galegas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Continuamos co punto 3 da orde do día, mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de adición

No punto 2 débese engadir, in fine, o seguinte texto:

«...nas que as persoas paradas non se sintan reféns das súas prestacións fronte a empresas que presentan ofertas porque ninguén quere traballar nelas, dado que unhas son as condicións que rexistran na Oficina de emprego e outras as que lles transmiten as persoas paradas.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Daniel Pérez López, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de adición

Engadir un novo apartado na parte resolutiva co seguinte texto:

«Instar a xunta de Galiza a demandar do Estado español a transferencia de todas aquelas competencias non asumidas até o de agora polo goberno galego en materia de emprego, especialmente as relacionadas coas prestacións de desemprego.»)

Para defender a moción ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

No pasado pleno interpelabamos a conselleira de Emprego sobre o ineficaz funcionamento do Servizo Público de Emprego de Galicia. Analizabamos os incumprimentos dos obxectivos do mesmo, da colocación dos demandantes de emprego, da mellora da empregabilidade en relación coa carencia de itinerarios personalizados. Tamén a carencia de plans de busca de emprego, así como a carencia total de medidas en relación con plans de fomento de emprego e de estabilidade, con medidas de seguimento da contratación e incentivos á mesma.

E dabamos, en relación co primeiro obxectivo, un dato moi clarificador e alarmante: das demandas de emprego que foron baixa por colocación, no primeiro trimestre do ano 2021, que foron concretamente 6.845, soamente, destas, 163 foron colocacións xestionadas polo Servizo Público de Galicia, só un 2,4 % das ofertas.

En relación co obxectivo do Servizo Público de Emprego de Galicia de intermediar entre empresas e demandantes, a Consellería, neste parlamento, non dixo nada; é algo que non lle importa. Galicia é a segunda comunidade onde, coas mesmas regras, máis crecen as demandas non ocupadas e non lle importan os instrumentos que ten para aumentar as colocacións.

Nos catro primeiros meses deste ano soamente se intermediou sobre un 2,6 das colocacións, fronte ao 6,9 da media estatal. Isto non o din.

É por esta situación polo que instamos a Xunta de Galicia a establecer procedementos de captación de ofertas que permitan ao Servizo Público de Emprego de Galicia acadar neste ano un nivel de baixas por colocación xestionadas polas oficinas de emprego, polas ofertas de emprego do servizo público, equivalente á media do Estado, e para que no próximo ano se sitúe entre a media das cinco comunidades que teñen un maior volume de ofertas en relación coas colocacións, que xa na anterior comparecencia falabamos de Estremadura, Andalucía, Aragón, Canarias e Asturias.

A falta de tramitación de ofertas tamén ten que ver coa falta de capacidade das oficinas de emprego para parar coa tramitación dunha oferta se as condicións que lles ofrecen aos candidatos difiren substancialmente do establecido na propia oferta.

É por isto polo que se insta a Xunta para que estableza procedementos de clasificación dos demandantes e de xestión de ofertas nas que as persoas paradas non se sintan reféns das súas prestacións fronte a empresas que presentan ofertas porque ninguén quere traballar nelas, dado que unhas son as condicións que rexistran na oficina e outras as que transmiten ás persoas paradas, e, como dicía, non hai ningún procedemento nas oficinas para parar estas ofertas.

A conselleira foi quen falou da execución dos fondos finalistas de emprego. Esta interpelante nunca usou ese concepto, porque é excesivamente ambiguo. Dixemos que durante o goberno de Feijóo se deixaron sen gastar 762 millóns de euros dos fondos para a formación no em-



prego, ese redundante que dicía, tampouco sei de onde sacan eses datos. Resulta un insulto porque aínda non comprobou algo que desmente desde hai meses e cada vez di unha cousa distinta ou diferente. Os datos que se utilizan son os facilitados polos diferentes gobernos de Feijóo, anualmente, ao Parlamento, por programas.

Unha vez máis, pretende chamarnos tontos a todos ao dicir obviedades. Díxoselle que os sucesivos gobernos de Feijóo deixaron sen gastar concretamente 1.540 millóns de euros. É dicir, que, cuns créditos vixentes, no programa concreto 32, promoción do emprego, institucións do mercado de traballo entre 2009 e 2020 por valor de 4.424 millóns de euros, deixaron sen gastar 1.540 millóns. Con que a Xunta foi quen de executar con absoluta dilixencia os compromisos de gastos en material laboral, compromisos de gastos. Nunca dixemos que non se pagaran as obrigas recoñecidas, só faltaba. Díxoselle que deixaron sen recoñecer obrigas por valor de 1.540 millóns.

Deses 1.540 millóns, haberá que saber que parte corresponde a transferencias finalistas e que parte a fondos propios. Tendo presente esta falla de execución, instamos a Xunta de Galicia para que, cos fondos propios da Xunta non gastados, dote un plan de formación en competencias clave para que en catro anos poidan adquirir as competencias de nivel 2 o 80 % das persoas que carezan dela, e poñan en marcha un plan mixto de adquisición de experiencia e formación en competencias clave para, polo menos, 10.000 persoas paradas non perceptoras de prestacións.

Tendo en conta esa habitual carencia de obrigas recoñecidas, instabamos a que se cumpriran eses créditos vixentes destinados a políticas de emprego, e que se lles oferte ás persoas demandantes as actuacións de mellora da empregabilidade acordadas no seu itinerario de inserción.

Se analizamos os datos que ten facilitado a conselleira Lorenzana, o primeiro que comprobamos é que é unha boa alumna da que fora tamén conselleira, e ela a secretaria xeral, de Beatriz Mato, porque mente, mente nos datos. A gran mentira, porque é unha media verdade, é dicir que Galicia é a primeira comunidade autónoma do Estado no mes de abril en baixada de paro, tanto a nivel interanual como a nivel intermensual. E di textualmente: «Cando en Galicia en abril diminúe nun 5,50 % o número de parados con respecto a marzo, España diminúe un 0,99 %». Pero se pasamos esa afirmación a demandantes non ocupados, nos que están tamén incluídos, como ben saben, os suspendidos por formación, que non computan, ou outras causas, a conselleira, se trasladamos eses datos, diría: Galicia, un 6,3 % e a media do estado diminúe un 1 %. Pero é fácil desentrañar esta afirmación.

En Galicia había a finais de marzo 195.010 demandas de emprego non ocupadas, e durante o mes de abril prodúcense 33.906 altas de demanda máis. A esas 228.916 demandas activas hai que restarlles as baixas por colocación, obviamente, que se producen en abril, concretamente 6.333, e por outras causas, 4.411.

Ben, entón temos o resultado; temos que a finais de abril habería 218.172 demandas activas, é dicir, un aumento do 11,9 % sobre o mes de marzo. No Estado o aumento, sen embargo, sería dun 7,7 %. Galicia sería a segunda comunidade na que máis aumenta, despois de Euskadi. O que ocorre en abril é similar ao que pasa todo este ano, agás o mes de xaneiro. Neste



mes Galicia aumenta un 10,2, fronte ao 11,4 da media estatal. En febreiro o aumento é do 10,2, fronte ao 7 estatal, e é xa a segunda comunidade cun aumento maior. En marzo aumenta un 9,2, cunha media do Estado do 6,6; e esta é a situación real das demandas non ocupadas en Galicia. Galicia é a segunda comunidade onde máis medra o paro en tres dos catro meses de 2021.

Unha situación como esta non a admite o señor presidente, o señor Feijóo, e hai que idear algunha maquinaria tramposa, porque solucionar o problema do emprego non é o que fan.

Beatriz Mato, como sabe, trampeaba os códigos de suspensión: en Galicia suspendíase por orientación, e cando unha persoa estaba suspendida pasábana a non engrosar as listas de desempregados, cunha clave famosa, a 698. Enviábaselle ao Sepe cunha clave de suspensión por formación, ao estado de suspensión por formación, á 621, pero sen embargo aquí constaba como suspendida por orientación. E isto foi comprobado en Galicia, como se mentía nos datos do paro, como Feijóo mentía neste caso.

A etapa de Mato non sabemos se aínda se pode estar utilizando, pero nesta situación revelábase xa insuficiente, e había que poder eliminar máis demandas. Pese a estar nunha situación de pandemia, cun acordo de todas as comunidades para renovar automaticamente as demandas e non poñer en risco as persoas que puideran ter que acudir ás oficinas de emprego, elimínase en Galicia a renovación automática e prodúcese un aluvián de baixas por non renovación.

En xaneiro, por exemplo, había 18.208 baixas, e o 10,2 de aumento de demandas activas en Galicia fronte ao 11,4 da media estatal. Pásase a 1,6 fronte a un 10,1 do Estado, incluídas as baixas por non renovación. En febreiro, por exemplo, 18.186; en vez de 10,2 de aumento en Galicia fronte ao 7 estatal. Galicia presenta un 2,2 e o Estado un 5,6 de aumento de demandas activas.

Así tamén, en marzo e en abril. Este é o vergonzoso procedemento con que enchen o peito Feijóo e a conselleira, pola diminución do paro rexistrado. (*Aplausos*) Retoman a obriga de renovación de demanda cando é maior o número de casos notificados en Galicia da covid, e cando soamente o fai Euskadi. A media de baixas por non renovación nos catro primeiros meses é de 17.832 baixas. Este dato supón máis do dobre das que houbo de media entre o 2017 e o 2019, os catro últimos anos. Ninguén pode dicir que non son baixas polo medo á covid, ou porque, dende logo, non confían en que o Servizo Público de Emprego de Galicia poida darlles esta intermediación axeitada,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...porque non fan nada ao respecto.

As baixas por non renovación supuxeron en abril o 73 % das baixas de demandas activas, mentres no conxunto do Estado foron o 21,9 %, e son datos que din a verdade do que está a ocorrer no paro en Galicia, e das verdades dos titulares que establecen tanto o presidente como a conselleira.



Nada máis na miña primeira intervención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.

A situación económica, social e laboral na Galiza é moi preocupante, e así o amosa a recente enquisa de Sondaxe, que sitúa o desemprego como a principal preocupación dos galegos e das galegas que habitan as grandes cidades. Pero é que a preocupación está máis que xustificada atendendo aos datos da Enquisa de poboación activa relativa ao primeiro trimestre do ano 2021. Segundo esta, no mes de marzo deste ano, no noso país había 6.800 persoas desempregadas máis que no mes de marzo do ano 2020. E a pesar de que os datos do paro rexistrados en Galiza no mes de abril poderían considerarse como positivos, constatan o seguinte. Por unha banda, que estamos lonxe de recuperar o emprego aos niveis previos á pandemia; que o colectivo máis castigado neste caso foron as mulleres e os mozos. E por último constatan que, aínda que o sector dos servizos foi un dos máis afectados durante este período, estase destruindo emprego na industria.

A razón de que Galiza rematara o mes de abril con 9.900 persoas desempregadas menos que no mes anterior ten que considerarse, necesariamente, unha boa nova, que, por precaución e responsabilidade, convén relativizar. Non convén sacar peito coa mesma, como fai o Goberno galego, porque a explicación desa mellora nos datos do paro hai que poñela en relación directa co aumento da contratación estacional, coincidindo coa Semana Santa e coa evolución favorable da situación epidemiolóxica na Galiza.

Se ben neste mes de abril, con respecto a abril do ano 2020, hai un 10,88 % menos de persoas desempregadas, a razón atopámola en que nese mes de abril do ano 2020 estabamos en pleno confinamento, no máis duro da pandemia, o cal afectou de xeito claro o aumento do desemprego nese mes.

A comparativa convenlles ao Goberno galego e ao PP, pero non é xusta, porque non se consegue neste mes de abril volver, cando menos, aos números anteriores á declaración do estado de alarma. Se en febreiro do ano 2020, que é o último mes de normalidade, había 166.000 persoas desempregadas, en abril deste ano hai 4.500 persoas paradas e parados máis.

En canto á contratación, o 88,62 % dos contratos asinados en abril deste ano foi de natureza temporal. Os elevados niveis de temporalidade seguen a ser unha das eivas crónicas do mercado laboral galego. Isto xa provocou que un número moi elevado de traballadores quedaran, xa ao comezo da pandemia, nunha situación de absoluto desamparo, porque precisamente pola natureza do temporal dos seus contratos foron os primeiros en ser despedidos, e non puideron acollerse á protección blindada polos ERTE, e en moitos casos as medidas de pro-



tección social aprobadas nese período. No relativo á afiliación á Seguridade Social, tampouco se recuperan os niveis previos á pandemia, e é certo que a afiliación subiu no mes de abril deste ano pero, se o poñemos en relación co mes de febreiro do ano 2020, que é precisamente o derradeiro mes de normalidade, vemos que hai 12.600 persoas afiliadas menos.

Polo que respecta ás persoas en situación de ERTE, no mes de abril mantíñanse preto de 30.000 persoas en Galiza nesta situación, e é importante recordar que a persoas en ERTE non computan como desempregados. Aínda que dende o BNG non estamos de acordo cunha lexislación que permita ás empresas recorrer aos ERE ou aos ERTE sen control administrativo algún, e mesmo modificar de forma substancial as condicións laborais, co conseguinte deterioro que isto supón para a vida da clase traballadora, si que é certo que os ERTE por forza maior amortiguaron de xeito importante a destrución de emprego que a crise sanitaria puido provocar, polo menos nun primeiro momento.

Se ben este mecanismo foi efectivo para facilitar a volta ao traballo daqueles que se viron afectados pola primeira suspensión dos seus contratos, é dicir, no primeiro estado de alarma, esa efectividade foise diluíndo co tempo, de xeito que a posibilidade de reincorporación difumínase cando falamos dos ERTE de maior duración. E así o indicou tamén o Banco de España no seu informe publicado a finais de marzo.

Esa ralentización na saída dos ERTE non fai senón reafirmar o que dende o BNG e o sindicato maioritario na Galiza, como poder ser a CIG, veñen advertindo hai tempo, da posibilidade de que os ERTE se convertan en ERE extintivos, o que probaría que esa cláusula de mantemento do emprego saltase polos aires en moitos ERTE, e moitos deses traballadores pasarían a engrosar as listas do paro nun período de tempo curto.

Ante esta situación levamos á Comisión, dende o Grupo Parlamentar do BNG, unha iniciativa para implementar un plan de emprego feminino, centrado na reincorporación das mulleres expulsadas do mercado laboral pola covid-19, as que se atopan en situación de inactividade; para implementar un plan de emprego para a mocidade, co obxectivo de rachar coa precariedade e a temporalidade estrutural que caracteriza este colectivo; e, dentro das políticas activas de emprego, pediamos implementar programas de orientación, emprego e formación para o emprego dirixidas especificamente aos traballadores en ERTE de longa duración, e solicitabamos, loxicamente, executar na súa totalidade os fondos destinados a políticas activas de emprego no seu conxunto.

A iniciativa foi apoiada polo grupo parlamentar, neste caso, do PSOE, pero vetada polo Partido Popular, porque para o PP e a Xunta do señor Feijóo parece que todo vai ben, moi ben, simplemente porque en abril os datos do desemprego e afiliacións permiten unha lectura moderadamente positiva, e sobre todo porque, en comparación coa media do Estado, non estamos tan mal, ou así o expresan eles.

Pois non, non imos ben, e para velo non me fai falla mirar, neste caso, os que están peor ca nós, senón facer unha análise realista, honesta e crítica da situación do mercado laboral da Galiza, xusto o que non fai o PP, que segue aplicando as mesmas liñas continuístas dende a Consellería de Emprego, cuxa conselleira, na súa intervención do Pleno pasado, da que trae



causa esta moción, falaba constantemente de actuacións a medio prazo, actuacións que estaban en axenda, ou actuacións nas que estamos a traballar. Non hai medio prazo que valla, nin tampouco non vale un «*estamos trabajando en ello.*» Atendendo á situación do mercado laboral galego, a máis que probable crise —grave crise— que se aveciña, e despois dun ano de que se crease unha Consellería de Emprego e Igualdade, o que exiximos da Xunta de Galicia son actuacións inmediatas, non promesas de futuras actuacións.

Por iso coincidimos en moitos dos aspectos da moción do Grupo Parlamentar do PSOE, que, dende unha óptica xeral, insta da Xunta unha modificación global do funcionamento do Servizo público de emprego galego. É imprescindible a creación da categoría de orientador na Xunta de Galiza, para que esas orientadoras teñan unha formación e coñecementos específicos en materia de orientación laboral, porque ata o de agora a gran maioría dos orientadores e orientadoras entran por listas do grupo B e, por tanto, cunha cualificación non necesariamente relacionada coa inserción laboral.

En canto aos programas de orientación laboral en colaboración con entidades, reveláronse como moi poucos efectivos, dado que os orientadores desas entidades traballan moitas veces en precario, polas condicións salariais e a inestabilidade laboral. E iso, a pesar da esixencia dos requisitos requiridos para acceder como técnicos, e dándose o paradoxo de que eses técnicos non teñen acceso ás oficinas de emprego, precisamente, porque non existe a categoría de orientador: a pescada que morde a cola. E, para máis inri, os orientadores destas entidades non dispoñen dos recursos necesarios.

Da escasa efectividade destes programas, corroborada polos baixísimos números que se dan en colocación, é consciente a Xunta, que leva máis de dez anos falando de introducir modificacións e actualizalas pero sen chegar a facelo nunca.

En canto aos itinerarios personalizados de inserción, supoñen que a orientadora abre un procedemento cunha persoa desempregada na que se define o seu perfil profesional, obxectivos laborais e intereses, marcándose unha folla de ruta para acadalos, normalmente a través da formación. Pero o problema radica, precisamente, en que ter un itinerario personalizado de inserción implica preferencia para poder acceder a determinados cursos e pouco máis, non hai continuidade nesa ruta de inserción.

Porque outro dos problemas tamén que existen é a desconexión do mercado laboral e o Servizo de Emprego galego. As empresas non acreditan no Servizo Público de Emprego porque cando recorren a el na maioría das ocasións os candidatos non teñen o perfil axeitado e requirido pola empresa. Ademais, a Consellería da que depende este servizo adoece de anticipación; co actual sistema non foron capaces de anticipar a necesidade, por exemplo, de persoal cualificado para o sector da construción —unha realidade, tal e como se pon de manifesto polas diferentes federacións provinciais da construción—; e isto o que supón é que algo está fallando no sistema. Aínda así, a conselleira de Emprego, na súa intervención de hai 15 días, falaba de estratexia de emprego, que a medio prazo pasaría pola modernización dos procesos de intermediación de colocación, analizando as necesidades do tecido empresarial. Exactamente o que tamén anunciou polo mes de setembro neste mesmo abril. O problema é que pasaron máis de sete meses e esa anunciada modernización do sistema que dea



resposta ás necesidades do tecido empresarial aínda sería, no mellor dos casos, a medio prazo. Pero a situación dos miles de desempregados galegos non admite máis procrastinación, as medidas teñen que adoptarse de inmediato para ser efectivas.

A moción do PSOE céntrase nos aspectos dos servizos públicos de emprego asumidos polo Goberno galego, como son as políticas activas de emprego e a colocación, obviando que a concorrencia de dúas administracións, a autonómica e a estatal, en materia de emprego crea desaxustes importantes. Apenas hai comunicación de datos entre o Servizo Público estatal de Emprego e o Servizo Público de Emprego galego. Unha persoa desempregada, cando se dá de alta na Oficina de Emprego, non distingue a parte estatal da parte autonómica. Esa persoa cre que, coa entrega do seu *curriculum vitae* no Servizo Galego de Emprego, está todo feito, pero ese *curriculum vitae* non se actualiza, e cando hai unha oferta de emprego moi cualificado non sairá como candidato porque tecnicamente non cumpre cos requisitos de experiencia, porque o SEPE non compartiu ese dato co Servizo Público de Emprego galego. Por non falar dos problemas que se deron dende o comezo da pandemia para que os traballadores en ERTE puideran acceder ás prestacións por desemprego que dependen do Estado. Os atrasos e as disfuncións foron unha constante.

Por iso presentamos unha emenda de engádegas demandando a transferencia a Galiza de todas aquelas competencias non asumidas polo Goberno galego até o de agora en materia de emprego, especialmente as prestacións de desemprego, concentrando no Goberno galego todas esas competencias en emprego, isto é, políticas de formación, fomento do emprego e prestacións. Poderíanse potenciar os servizos públicos de emprego para a busca activa de traballo adaptándoos ás particularidades socioeconómicas do noso país, optimizando así os resultados e facilitando as tramitacións para as persoas traballadoras paradas e en busca de emprego. En suma, avanzar no autogoberno e na soberanía política, soberanía política que non é un fin en si mesmo senón unha caixa de ferramentas que nos permitiría mellorar as condicións de vida das galegas e dos galegos, garantindo dereitos e xustiza social. Poder político e soberanía plena é a clave de bóveda para construír unha Galiza que non volva a atrás senón que siga avanzando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular. Señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, cando repasaba a orde do día do Pleno observei que os grupos da oposición —neste caso, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista— incorporaban a iniciativa sobre como combater o desemprego na nosa comunidade autónoma —as interpelacións na sesión anterior, hoxe as mocións consecuentes— e teño que recoñecer —créanme— que tiveron reaccións contraditorias. Por unha banda, creo que é positivo que as forzas da oposición fagan propostas e presenten por fin medidas específicas. Está claro que a sociedade agarda de nós que sexamos capaces de debater, que sexamos capaces de acordar e de traballar nun mesmo



obxectivo común; que non pode ser outro que reducir o máximo posible o impacto da crise laboral e social derivada da pandemia. E, polo menos este grupo parlamentario e o Goberno de Galicia están en marcha, comprometidos con este obxectivo, como se demostra día tras día coas medidas que impulsa a Xunta de Galicia.

Pero teño que dicir que, desafortunadamente, tras escoitar as intervencións hoxe na tribuna do Parlamento e coas lecturas das propostas incluídas nas mocións, neste caso, do Partido Socialista, teño que dicir que resulta moi decepcionante. Non hai medidas en positivo, non hai propostas construtivas, e só hai medidas que non afondan no tema. E tamén é certo que nos discursos simplemente repiten o moi desgastado argumento da esquerda en materia de emprego, que se demostrou que ese argumento é falso. Porque, sinceramente, señora Rodríguez Costa, moitos pensamos que é pouco serio que o Partido Socialista, o partido que cada vez que chega ao Goberno dispara os datos do emprego, veña a esta Cámara dar leccións sobre como combater o paro e a precariedade. Si, señoría, é certo que o Partido Socialista e os socialistas en precariedade son uns auténticos expertos.

Mire, se facemos memoria, falamos de González. González deixou miles de parados como legado do seu Goberno. Se non lles vale González falamos de Zapatero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non, imos ir vindo, imos ir vindo... (*Murmurios.*): Zapatero deixou un de cada dous mozos que querían traballar sen emprego. Falamos do señor Sánchez, actualizamos os datos, e o seu Goberno de esquerdas: a súa taxa de desemprego está á cabeza da Unión Europea. Ese é o balance.

E mentres vostedes están instalados na Moncloa na autocompracencia, é certo que a señora ministra de Emprego, a señora Díaz, tan só conseguiu colocar no pleno emprego o señor Manuel Lago, que o colocou no Consello de Navantia. (*Murmurios.*) Pero é certo, no pleno emprego... (*Protestas.*) si, si, pero os traballadores destas empresas non teñen a mesma sorte. Claro que quizais vostedes se atrevan a falar de emprego para enviar recadidos entre socios de goberno, porque é certo que a señora Díaz non é do seu partido. ¡Pero alá vostedes!

Señorías, creo, sinceramente, que as súas receitas para combater o desemprego non son válidas. Os peores datos do paro sempre teñen lugar cun Goberno socialista, ¡sempre! O combate do desemprego é un asunto no que o Partido Socialista e o Goberno de Sánchez está a fracasar estrepitosamente. E, polo tanto, non nos pidan que apliquemos en Galicia as políticas de emprego que están fracasando en España, non nos pidan iso. Non nos pidan que aquilo que non acaba de funcionar nas políticas que deseñan desde a Moncloa sexa a folla de ruta a seguir en Galicia, iso non nolo pidan. E, ademais, cada día teñen peores ocorrencias —aquí falouse antes—, ¿de verdade, vostedes, non é pouco serio que a gran medida do plan de *marketing* España 2050, que presentou o Partido Socialista con moitos fogos de artifício, a gran medida para mellorar as oportunidades laborais é que nos próximos anos deixemos de comer carne ou comamos menos carne? Explíquenlle vostede isto á nosa comunidade autónoma, explíquenllo á Galicia rural, explíquen este disparate aos centos de homes e mulleres que se esforzan cada día por sacar as súas explotacións gandeiras adiante. É certo que vostedes e as súas medidas son un perigo para Galicia, e a mostra está aquí, non están nas cuestións que preocupan ás galegas e aos galegos.



E é certo que vostede deu moitas cifras e sumou moito, fixo moitos números e aínda así os números non lle deron. (*Murmurios.*) Porque andou sumando, sacando dun lado, doutro... pero aínda así os números non lle deron, porque o que non contou foron os datos obxectivos e os datos reais, porque vostede os omitiu tanto na tribuna como na moción. E que amosan —sen espazo para a menor dúbida— que Galicia está en mellor posición que o resto de España, tamén en materia de emprego. Galicia é a primeira comunidade autónoma de España, cos últimos datos oficiais do mes de abril, en baixada de paro tanto a nivel interanual como a nivel mensual. E, ademais, hai unha ampla diferenza cos datos medios de España, pois cando en Galicia diminuímos nun 5,50 o número de parados con respecto a marzo, España diminúe o 0,99, catro puntos menos. Cando en Galicia diminuímos o 10,88 o número de parados con respecto a abril do ano 2020 —é dicir, no pico da pandemia—, en España empeorase a cifra e incrementase o paro nun 2,07. Mentres Galicia baixa o paro un 10,8, España no mesmo tempo incrementa o paro un 2,07.

E se vostedes non queren crer os datos do paro —porque xa observamos que teñen vostedes pouca sintonía e pouca confianza nos funcionarios das oficinas de emprego— crean polo menos os datos da Seguridade Social, que din que eses 20.000 parados menos que ten Galicia dende hai un ano corresponden cos 27.000 afiliados que ten máis a Seguridade Social desde hai un ano. E se queren que falemos só de Galicia comparemos a situación coa última vez que gobernaron vostedes, o Goberno bipartito. O paro rexistrado vaise a preto de 40.000 persoas desde que este Goberno chegou de novo en abril do ano 2009. En abril do ano 2009 o paro rexistrado incluía 210.662 persoas, en abril do ano 2021 o paro rexistrado inclúe 170.778 persoas. E se non queren números absolutos, vaíamos aos porcentuais: no último ano do bipartito o paro estaba crecendo nun 31,9 %; actualmente, a pesar da pandemia, o paro está baixando nun 10 %. ¡Esa é a diferenza!

E, por favor, non sei que lles pasa coas estatísticas, a vostede, señoría, e tamén ao señor Caballero, que o escoitaba hai poucos días, pero deben revisar eses documentos porque teñen algún erro. Non é certo que en Galicia teñamos unha baixa execución dos orzamentos de emprego, pois os últimos datos pechados no ano 2020 din que o Goberno galego comprometeu preto do 84 % do orzamento vixente en políticas activas de emprego. Galicia é a primeira comunidade autónoma por número de axudas publicadas, e Galicia é a terceira comunidade autónoma en políticas activas de emprego, só por detrás de Estremadura e por detrás de Euskadi. Estes datos, como comprenderá, desmontan por completo o que vostedes están dicindo.

Miren, señorías, se de verdade queren mellorar o mercado laboral de Galicia teñan a valentía de non pretender trasladar as receitas da Moncloa, que fracasan. Ou fagan que o Goberno de España pague a Galicia en tempo e forma os fondos que recibe de Europa en materia de emprego, porque aquí —xa o dixó a conselleira no pasado Pleno— xestiónanse mellor que se xestionan a nivel nacional.

O Grupo Popular e o Goberno galego están dispostos a promover reformas valentes e reformas sensatas que sexan precisas para mellorar o funcionamento das oficinas de emprego. Non se trata, como piden vostedes, de volver recuperar chiringuitos como os pactos territoriais de emprego, aquilo que montaron vostedes —vexo o señor deputado que se ri, re-



córdaos aínda—, que son un modelo *a lo Susana Díaz*, que xa se ve como acabou en Andalucía. (*Murmurios.*)

Nós confiamos na profesionalidade e na capacidade dos funcionarios das oficinas de emprego e dotarémolos de máis medios para facer o seu traballo. Por exemplo, cos polos de emprendemento rural, cunha oficina específica de emprendemento que coñeza o tecido empresarial da zona e que poida guiar a formación e o emprendemento nesa zona.

Estas melloras están a ser obxecto de estudo no marco do diálogo social. Se queren sumarse a estas propostas construtivas terán todas as portas abertas, pero non nos pidan que apliquemos en Galicia aquilo que non funciona no resto de España. Cada vez que o Partido Socialista goberna o paro crece e por iso comprenderá que non podemos votar a favor da súa iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Cada vez que o Partido Socialista goberna España o paro crece e por iso nós o que queremos en Galicia non é que creza o paro, senón baixar o paro e reducir o paro.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Fala vostede dunha moción decepcionante, e decepcionante é que vostedes votaran en contra da primeira iniciativa que se presenta neste Parlamento por parte do Grupo Socialista para, simplemente, facer un plan de acción contra o desemprego xuvenil, que sabe a que está caendo. (*Aplausos.*)

Decepcionante é que presentáramos outra iniciativa sobre a brecha salarial feminina que sofren as mulleres en Galicia e sobre a súa situación, e votaran en contra. Esa é decepcionante. (*Aplausos.*)

E decepcionante é que fale nesta iniciativa do presidente González ou do presidente Zapatero, e non se acorde que a liga do desemprego a gañou Rajoy no ano 2013, no ano 2013. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Decepcionante é que o Partido Popular crea que un traballador pode sobrevivir con 600 euros ao mes e, sen embargo, veña o Partido Socialista e diga que non, e suba esa salario a máis de 900. Iso é decepcionante, señor compañeiro deputado.



E tamén é decepcionante que emprenderan unha reforma laboral cun ataque aos convenios colectivos, que vostede coñece, e moitas máis cousas, e iso si que é decepcionante.

Pero ben, ¿da iniciativa, que? ¿Da iniciativa que, señor Balseiro? Resulta que o que pedimos é, simplemente, unha serie de puntos para que o Servizo Público de Emprego de Galicia funcione, e que funcione nun tempo determinado, e diso non se fala.

A conselleira fixo neste hemiciclo unha afirmación. Di: a estratexia de emprego que ten a Consellería pasa, a curto prazo, como estamos vendo, por medidas que inserten liquidez nas empresas. Certo, certo, esta é unha das cuestións que necesitamos aclarar.

¿Todas as medidas que teñen que ver coas empresas, coa liquidez, son medidas de emprego? Porque lle recordo que a Consellería ten tres direccións xerais, ten a Dirección Xeral de Formación e Colocación, ten a Dirección de Políticas Activas de Emprego e de Relacións Laborais. De relacións laborais non falamos, ¡claro!, porque resulta que hai conflitos de H&M, que pechan tendas que son rendibles, ou hai conflitos en Adolfo Domínguez, que perdemos en Ourense 100 postos de traballo, pero resulta que a conselleira non está nin se lle espera. (*Aplausos.*) Iso é o funcionamento da Consellería de Emprego.

E resulta que temos unha perda de postos de traballo no sector do comercio téxtil, da industria téxtil e doutras máis, e resulta que non analizamos o que está a acontecer no mercado laboral galego para despois facer un plan adecuado a esas eivas. Non, esa é a política que está a facer a Xunta de Galicia e a Consellería de Emprego.

E as axudas que saíron respecto a pemes e autónomos saíron tarde, mal e nunca. Cando, de repente, en marzo —o 14 de marzo— se decreta o estado de alarma, temos que estar ata novembro para que saian as axudas. E despois temos que esperar ata febreiro. Aínda están sen executar as segundas, aínda están sen executar, e esperando as terceiras. E, ademais, estase a facer só iso cando as competencias —e vostede o sabe— son de Economía e do Igape, eu creo que está desatendendo as súas competencias.

E claro que necesitan liquidez as empresas galegas e coa maior rapidez e celeridade, como fan outros gobernos e outras autonomías.

O Partido Popular, cando acadou o goberno en 2009, derroga o Decreto de pactos territoriais, que non é, dende logo, un chiringuito, é todo o contrario. É para que a Consellería de Traballo non diga isto vai ir para ti e isto para ti, que, casualmente, casualmente, xa sabemos a que cor política van os plans de emprego e os obradoiros de emprego. E podemos facer unha relación dende que volveron gobernar despois do bipartito.

Isto era todo o contrario, isto era para analizar a situación do mercado laboral por pactos. Despois había a repartición proporcional, unha repartición proporcional dos orzamentos para esas entidades. E un estudo pormenorizado das necesidades do mercado laboral, cousa na que estiveron de acordo todos os alcaldes, tamén os que non eran do Partido Socialista, porque en Galicia non todo funciona como a Deputación de Ourense. (*Aplausos.*) Hai certas deputacións que funcionan doutra maneira e hai certos gobernos que tamén queren funcionar doutra maneira.



O concepto de pacto territorial en favor do emprego xa foi presentado no Consello Europeo de Florencia en 1996 —isto non é unha idea nosa; unha pena, unha pena...— e apoiado polo Consello Europeo de Dublín en decembro de 1996. Aprobaban unha lista, nese caso, de 89 zonas seleccionadas polas administracións nacionais cara á aplicación desta iniciativa. E en novembro de 1999 os Fondos Estruturais da Unión Europea publican a Guía dos pactos territoriais en favor do emprego 2000–2006. Xa ve de onde veñen estes pactos territoriais, estes chiringuitos que vostede chama.

Establecen ese marco de acción baseado na Estratexia europea para o emprego e nos regulamentos dos fondos estruturais. E, como dicía, a súa función é acercar o nivel de intermediación ao ámbito no cal se desenvolven as políticas, ou no que se deberían desenvolver as políticas de emprego, e a creación de marcos de coordinación, intervención das diferentes administracións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...e axentes sociais.

É por iso polo que se instaba a Xunta a modificar, a volver establecer estes pactos territoriais mediante un decreto, obviamente, novo.

En canto á emenda —un momentíño— do Bloque Nacionalista Galego, dicirlle que... ¡vamos ver!, entenderíamos que houbera unha encomenda de xestión das prestacións por desemprego a Galicia, obviamente. O tema das transferencias totais en materia de prestacións é complicado respecto ás cotas. As cotas sabedes que teñen que ser, obviamente, unha caixa única,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...entón, aceptaríamos a encomenda de xestión nese caso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entón, suspendemos a sesión ata as catro da tarde. Hoxe temos tempo para facer dieta equilibrada, comeremos carne e pescado, as dúas cousas. *(Murmurios.)* Temos tempo para todo.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta minutos da mañá e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Ríos Santomé.



O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

A historia da mocidade galega pódese contar en tres actos, como calquera historia clásica. E son estas tres tamén as opcións que lles está a dar a Xunta ás mozas deste país: desemprego, precariedade ou emigración. Eu falaba, no ano 2019 xa, nun acto sobre mocidade e emprego, que ser moza neste país significaba saber que vas optar por unha destas opcións, pola precariedade, polo paro, ou pola emigración, e dous anos despois vemos como isto segue a ser certo, e seres unha moza galega é saberes perfectamente que, se tes traballo, vai ser en precario e de xeito temporal ou vas ter que buscar a vida fóra da túa terra.

Estas afirmacións fan referencia aos graves problemas estruturais do noso país, e é unha causa directa das políticas desenvoltas polo Partido Popular nos últimos 40 anos, unhas políticas que relegan o noso país a ser un mero exportador de man de obra barata e que só serven para espoliar os nosos recursos naturais e as nosas materias primas.

Todo isto, mentres se desmantela o sector industrial, os sectores produtivos, os servizos públicos e se destina Galiza a ser un parque temático dos Xacobeos, o turismo e a hostalaría de baixos custos.

O problema fundamental desta cultura de baixos custos, xa iniciada máis xeneralizadamente no ano 2008 coa anterior crise, é que os baixos custos tamén significan baixos dereitos, e acaban revertendo nunhas condicións completamente deplorábeis e nun empobrecemento xeneralizado da clase traballadora. Non é de estrañar, pois, que vivamos un feito histórico onde as rendas do capital xa superaron as rendas do traballo.

O mercado laboral xuvenil caracterízase pola precariedade e a temporalidade sen paliativos, no cal a mocidade galega non ten capacidade económica para desenvolver a súa vida dignamente nin para pensar en ter un proxecto de vida autónomo.

E isto non o digo eu, senón que tamén o di o Observatorio galego de dinamización demográfica no seu último informe, a comezos deste ano. Este organismo fala de marcas históricas nas cifras de emancipación xuvenil. Actualmente, só tres de cada dez mozas menores de 30 anos viven fóra da casa dos seus pais. Se falamos da mocidade menor de 25 anos, falamos dun 80 % de persoas que aínda viven na residencia familiar. Apunta tamén este informe do Observatorio galego de dinamización demográfica que a cifra entre os 25 e os 30 anos non é tan alta, ou podemos dicir que é baixa, pero por unha cuestión chave, pola emigración masiva de mozas nese tramo de idade nos últimos anos.

¿E por que acontece isto? As causas deste fenómeno atopámolas —e cito textualmente o dito Observatorio— nos contratos temporais e precarios que priman entre a mocidade galega e na dificultade de acceso a unha vivenda digna debido ao incremento dos prezos dos alugueiros. Subliña tamén que é impensable que, nun país con tanta vivenda baleira, sigan mozos e mozas sen poder acceder a unha vivenda de calidade.



Como sei que nesta cámara hai unha querenza especial polas comparativas, Galicia é o sexto territorio do Estado onde máis mocidade ten que seguir vivindo na residencia familiar por non ter capacidade económica nin oportunidades para poder iniciar un proxecto de vida, a sexta pero a uns *puntillos* porcentuais de nada, debe ser a primeira no que isto acontece. ¿Como se pode dicir entón que todo marcha ben? ¿Por que o Partido Popular tenta, unha e outra vez, arrastrarnos a unha Galiza idílica que só ven eles? ¿Por que a Xunta foxe da realidade e se nega a reformular a súa actuación nesta materia? A verdade é que non sei que me preocupa máis: que non sexan quen de facelo ou que non lles interese facelo. Este é o panorama que enfrenta a mocidade galega e que xa enfrontaba antes da crise da covid-19.

Como non me fartarei de dicir, esta crise non veu engadir problemas novos, senón que sacou á luz os problemas e as eivas estruturais que xa tiñamos. Despois dun ano de crise, volvemos ver como é a mocidade un dos sectores da sociedade máis golpeados, igual que fora na crise do ano 2018. Falamos dun ano cunha destrución de emprego de preto de 20.000 postos de traballo entre as mozas de 16 a 29 anos, onde só dúas de cada dez mozas galegas recuperaron o emprego perdido por mor da covid-19, cun impacto moi notábel no sector servizos, con 7.800 empregos menos para a mocidade que no ano 2009. Só no pasado mes de marzo, como tamén se comentaba nunha moción anterior, os contratos temporais asinados pola mocidade representaron o 87 % dos contratos totais asinados pola mocidade, mentres que os indefinidos apenas representaron un 7 %.

Despois deste ano de pandemia, a mocidade representa menos do 20 % do mercado laboral galego, con menos de 200.000 cotizantes. Pero isto non é só pola pandemia, o noso país perdeu a metade das traballadoras menores de 35 anos dende que o señor Feixóo goberna na Xunta.

Vivimos un feito histórico no noso país pero para mal, por desgraza. Actualmente, as persoas maiores de 55 anos superan as menores de 35 anos en ocupación e actividade. ¿Como pode ter un país un futuro con estes datos?

Falaba a conselleira, na interpelación de vai apenas quince días, que os datos que se aportaban nesta iniciativa e na interpelación que se realizou estaban desactualizados e que no mes de abril se experimentara un crecemento nas afiliacións e, particularmente, entre a xente nova. Eu espero que hoxe non fagan as mesmas trampas e non se escuden en lanzar datos sen interpretalos, porque, como todos os anos por estas datas, observamos un crecemento notábel das afiliacións e dos contratos asinados pola mocidade. O problema disto é, unha vez máis, quedarnos no titular. Xa teño dito noutras ocasións que á realidade lle gusta impoñer o seu criterio e que non podemos pensar que todo está ben cando o emprego medra na época estival. Isto non é máis que debido ao fenómeno do emprego estacional, un emprego precario e tremendamente temporal que responde ás necesidades da contratación da hostalaría durante a campaña de verán.

¿A quen pretendemos enganar con estes datos? ¿Decátanse de que o emprego estacional non é máis que unha esmola para a mocidade galega? A mocidade non quere esmolos, non quere traballar tres ou catro meses ao ano con xornadas laborais de dez e doce horas mentres cotizan catro. As mozas galegas merecen ter un traballo digno todo o ano e, como se di coloquialmente, «do seu».



Eu quedo atónito cando a conselleira di en sede parlamentar que a hostalaría constitúe o 75 % dos empregos totais do noso país e pretendendo, aínda por riba, que pensemos que iso é algo bo. Un país e unha mocidade non pode medrar e prosperar nesta sorte de *resort* vacacional no que están convertendo o noso país. ¿De que vai comer a xente do metal?, ¿de que vai comer a xente da industria?, ¿de que van comer as comarcas como Ferrolterra ou a Mariña?, ¿e as investigadoras?, ¿e as traballadoras do mar?, ¿e as do agro e a gandaría?, ¿de que van comer se non é da hostalaría?, dunha hostalaría de baixo custo, como dicía antes, que iso trae precariedade. ¿Que país lles estamos deixando, señorías, as xeracións máis novas?

Pero baixemos á realidade un momento. Onte mesmo saía na prensa un estudo realizado por Sondaxe, que se citou hoxe en sede parlamentar, nas sete cidades galegas sobre os elementos de preocupación da poboación, e ¿saben cal é a preocupación número 1 en todas as cidades galegas? O emprego e o desemprego, máis claro auga. Se lles facemos caso á conselleira e ás señorías do partido Popular e todo vai ben, ¿como se explica que a primeira preocupación da poboación das cidades galegas, especialmente na mocidade, sexa o emprego e o desemprego? E isto pasa nas cidades, onde hai unha maior concentración de emprego, tamén para a xente nova, ¿que pasa coa mocidade que vive nas vilas e que vive no rural?, ¿que expectativas ten a mocidade de vivir e traballar nas súas vilas?, ¿que posibilidade teñen sen ter que mudárense ás cidades? Practicamente ningunha.

Dicía ao comezo que a mocidade galega sabe que ser moza neste país significa desemprego, significa precariedade, significa emigración, e os estudos así o confirman. ¿Alguén da Xunta de Galiza foi falar algunha vez coa mocidade? Cando hai un problema nalgún sector, como o vimos recentemente cos hostaleiros, cos salóns de peiteado, coas diferentes representación do sector industrial, vemos que hai xuntanzas, vemos que hai unha certa planificación, vemos que hai unhas certas propostas, e ¿que pasa coa xente nova? ¿quen atende os problemas específicos da mocidade galega? E ¿por que non existen unhas canles de participación específica da mocidade coa Xunta? ¿Por que se despreza sistematicamente as mozas deste país e non se lles permite ter nin voz nin voto sobre as cousas que lles afectan directamente?

Supoño que, coma sempre, é mellor varrer os problemas cara a debaixo da alfombra, que a mocidade vaia marchando ou encanando contratos temporais indefinidamente e cando cumpren os 31 pois xa deixarán de contar nesta estatística. Iso é o doado. Pero o problema, señorías, é o modelo que levan instalando no noso país durante moito tempo.

Dicía a conselleira, tamén na última interpelación, que nin a Xunta, nin o Estado, nin a Unión Europea sabían de emprego, que o BNG sabía máis que todas esas institucións e organismos. Ben, no BNG non sabemos máis ca ninguén pero si sabemos que este modelo de emprego só beneficia os poderosos, só beneficia a quen máis ten por riba das que menos teñen. O que sabemos é que estamos aquí para defender as explotadas, as oprimidas, as que non poden pagar un alugueiro, as que son expulsadas do seu país por falta de oportunidades, iso é o que sabemos e a quen defendemos, señorías do Partido Popular, non sabemos máis ca ninguén pero sabemos de que lado estamos. Polo tanto, deixen de escudarse en datos interesados, baixen á realidade, falen coa mocidade, decátense de que cal é a súa situación e deixen de vendernos ese país das marabillas, esa Galiza das marabillas que, por desgraza para todas, só está na súa cabeza.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Dende o Grupo Socialista imos apoiar esta moción porque compartimos a necesidade e as necesidades que na mesma se reclaman. Temos, dende hai moito tempo, un grave problema no noso país co asentamento da nosa mocidade, que fai que cada día teñamos unha poboación máis envellecida. As dificultades que a mocidade está a vivir non se reverten unicamente na debilidade da súa autonomía persoal, senón que tamén altera o relevo xeracional da nosa sociedade, e poden chegar a quebrantar a sustentabilidade do noso estado do benestar no próximo futuro.

Tendo en contra a taxa de risco da pobreza, definida na Estratexia Europa 2020, en Galicia, no ano 2009, o 25,46 % dos xoves entre 16 e 24 anos atopábase en risco de exclusión ou rozaban o umbral da pobreza. Este dato é terrible, sobre todo se temos en conta que do ano 2019, que aínda é peor, tras estes dous anos de pandemia, pode converterse nun dato aínda máis desolador. Polo tanto, urxe ao Goberno da Xunta tomar serias medidas. A Lei de impulso demográfico que aprobaron este ano contempla unhas pautas que quedarán en meras declaracións de vontade se non van acompañadas de políticas públicas que establezan medidas concretas e cun orzamento suficiente.

Temos no noso país, ademais, a terceira mellor universidade de España, segundo a lista Forbes, aínda que o presidente da Xunta non o valora, porque estea máis ocupado en impulsar a universidade privada. (*Aplausos.*) Das nosas universidades públicas saen moitos mozos e mozas perfectamente formados cada ano e teñen que saír de Galicia tamén. Teñen que saír buscar traballo, un traballo acorde coa súa cualificación.

Miren, os primeiros meses deste ano —o primeiro creo que foi no mes de xaneiro— o Observatorio de persoas tituladas, da Universidade de Vigo, emitiu un informe no que falaba do impacto que supoñía na economía galega esta fuga de cerebros. Este informe destacaba que o gasto de xerar titulados e tituladas que emigran supón, como mínimo, 178 millóns de euros ao ano se os estudantes finalizaban a súa formación aos catro anos, e 311 millóns de euros se remataban aos sete anos. Un dato tamén desolador. E sen esquecer, ademais, e non o podemos olvidar, ese desánimo dos nosos mozos e mozas galegos que, con poucas perspectivas de emprego, teñen que optar ou por continuar formándose ou por emigrar cara a outros contextos con maiores posibilidades pero fóra da súa terra.

Ao negativo desta perda de poboación, ademais, súmase a circunstancia de que durante estes anos é cando as persoas asentan a súa vida e a súa familia. Polo tanto, ¿de que nos serve unha lei de impulso demográfico como a que se aprobou e que pretende impulsar a natali-



dade deste país se os nosos mozos e mozas teñen que emigrar? E non temos natalidade que impulsar nestas circunstancias.

A emigración forzosa non podemos vela como algo do pasado, pois os datos oficiais da Xunta cifran en 300.000 os galegos e galegas que fixeron as maletas nos últimos anos.

Miren, os dous piares fundamentais que sustentan o asentamento dunha persoa nun determinado territorio son o emprego e a vivenda. E na nosa comunidade estes piares son de area, son de area e así nolo revela o dato da EPA, o último dato que tivemos do primeiro trimestre do ano, que revela un paro xuvenil disparado de ata o 37 % en Galicia.

Os traballos, ademais, que se ofertan entre a mocidade son, ademais de escasos, en moitos casos, precarios. Recae na mocidade o excesivo peso da contratación temporal, e isto sitúa este colectivo en primeira liña dos axustes laborais en tempo de crise, como estamos a ver.

Por tanto, urxe unha avaliación das políticas existentes ata agora en materia de emprego, co fin de analizar, en primeiro lugar, en que fracasaron e, en base a isto, facer unha análise da situación existente, e elaborar un novo plan de emprego para a mocidade. A Xunta de Galicia ten que apostar por programas de emprego xuvenil que ofrezan a estes mozos e mozas un emprego digno, estable e de calidade.

E o outro piar do que falaba era a vivenda. A vivenda, ademais, está estritamente relacionada co anterior, xa que, cun salario baixo e nunha situación de inestabilidade laboral, o acceso á vivenda convértese en algo totalmente inalcanzable. O alto prezo das vivendas e dos alugueiros en Galicia fan inalcanzable para a mocidade o seu desexo de independencia. Falaba o deputado do BNG da taxa de emancipación que existía en Galicia, é unha taxa terrible: só o 16,6 % das persoas entre 16 e 29 anos poden residir nun fogar independente no noso país.

A política de vivenda da Xunta de Galicia nesta última década foi un fracaso total. Non se fai vivenda protexida de construción pública, e a que se fai de construción privada, sendo tamén moi escasa, segue a ter uns prezos tan altos que seguen sen poder acceder a ela.

Non hai medidas que axuden de forma efectiva a acceder a un alugueiro, que, por outra banda, crece de forma progresiva, e isto xera entre os nosos mozos e mozas unha frustración por non poder chegar a acadar esta ansiada independencia. Nas vilas e cidades galegas, nas grandes cidades e nas vilas máis grandes, dicían que, no caso dos menores de 35 —saíu outro informe— o alugueiro comía o 88 % dos seus ingresos, e a compra comía un 61 %. Iso convértese en algo totalmente inasumible.

Temos que ter en conta a experiencia doutros lugares, e esta experiencia demóstranos que é un gran avance cando se crea un equilibrio entre as proporcións e a tenencia do parque de vivendas, entre pisos en propiedade, aluguer e protección oficial, e que se produce un gran avance nesta posibilidade de acceder a unha vivenda. Polo tanto, en termos de estratexia política a curto e medio prazo, creo que é necesario que busquemos ese equilibrio, ese equilibrio orientado á oferta de vivendas, e sen esquecermos de que ter unha casa non é un luxo nin tampouco un privilexio, senón que é un dereito recollido na Constitución.



Dicía Hillary Clinton, na crise do ano 2009, dicía unha frase que era que non se debería desaproveitar unha boa crise. Pois ben, falando das políticas de emancipación xuvenil, creo que esta crise que temos neste momento podería ser o motor para un cambio de paradigma social, cultural e político, para pensar nun novo modelo social que permita á mocidade, a diferenza do que aconteceu no ano 2008, saír desta crise, e vivir nela, e superar esta situación.

Creo que a reactivación, calquera tipo de reactivación económica, pasa por apostar pola mocidade. O presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, tamén o sabe e o comparte, e por iso anunciou hai uns días un plan de choque de emprego xuvenil, dotado de 1.365 millóns de euros. E, polo tanto, Feijóo non pode seguir nesta inacción. Non pode ser que a única política da Xunta de Galicia en materia de vivenda e en materia de mocidade sexa abrírlles as portas aos mozos e ás mozas para que marchen.

Por tanto, e con isto xa remato, cómpre que a Xunta faga políticas para darlle un futuro á nosa mocidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, moi boas tardes a todos.

Señor Ríos, eu levo observándoo a vostede desde que chegou a esta casa, ao Parlamento de Galicia. É certo que vostede é xove, é recén chegado, pero, como sempre aproveita vostede as súas intervencións para facer un ataque ao modelo capitalista, tan perverso e que tanto dano fai aos traballadores e ás traballadoras do noso país, segundo di vostede, eu, a verdade, é que estou á espera, estou á espera de que nos explique cal é o país do mundo non capitalista — neste caso, vindo de vostede e vindo do seu grupo, será comunista, quero imaxinar — que debemos tomar como modelo. Quizais nós estamos confundidos, e agardo que vostede nos poida ilustrar na réplica, que nos explique se en Cuba, na China ou en Venezuela — por non marchar ata Corea do Norte — os mozos viven felices, en pleno emprego e con traballos estables e de calidade. *(Aplausos.)*

Polo cal, iso vén a dicir que o Bloque Nacionalista Galego está confundido de modelo económico, cadaquén ten que escoller o seu rego, pero despois non pretendan vostedes convencernos de que no Bloque Nacionalista Galego son moderados, son moderados cando non teñen ocasión de ser doutra forma.

Desde o Partido Popular non discutimos a necesidade de manter este debate, é positivo que entre todos fagamos unha abordaxe da situación do emprego mozo en Galicia. Non teríamos



ningún problema en debater propostas, por exemplo, sobre como potenciar o relevo xeracional, que ofrezca novas oportunidades para os nosos rapaces, sobre políticas que contribúan á retención do talento, ou tamén sobre como fomentar o emprendemento.

Pero antes, se queren ser sinceros, se queren ser sinceros, tamén terían que explicarnos como se pode presumir de defender a mocidade de Galicia cando vostedes son socios do Partido Socialista. ¡Home!, o Bloque Nacionalista Galego é socio do Partido Socialista, ¡son socios! Aquí son socios en moitos concellos de Galicia nos que nunca o Partido Socialista gañou unhas eleccións, nin o Bloque Nacionalista Galego gañou unhas eleccións, e estanos gobernando. Son socios en tres das catro deputacións, e son socios decisivos (*Murmurios.*) si, decisivos, si, isto hai que repetilo todas as veces, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) todas as veces. E son socios decisivos na investidura do señor Sánchez. (*Aplausos.*)

E digo isto porque, se o nacionalismo galego cuestiona e non lle valen as políticas da Xunta en materia de emprego xuvenil, si parecen valerlles, ou prefiren, as que aplican vostedes nos concellos co Partido Socialista onde gobernan, nas distintas deputacións onde gobernan, e tamén parece que lles valen as que aplica o señor Sánchez desde Madrid. Tamén parece que lles vale.

En realidade —e a realidade teño que dicir que é teimuda—, algo se estará a facer mellor en Galicia cando en España o paro xuvenil é do 18 % e en Galicia é do 12 %, 6 puntos menos. E lamento que se poidan sentir molestos no Partido Socialista por estas comparacións, pero é certo que quen goberna España neste momento, conxuntamente con Podemos, son vostedes, e á hora de elixir tamén é certo que o Bloque Nacionalista Galego decide apoiar os socialistas e, polo tanto, decide apoiar aquelas políticas que levan os mozos e mozas de toda España a perder oportunidades de emprego.

Recupero o dato: paro rexistrado no mes de abril en menores de 30 anos en Galicia, 12,26 %; en España, 18,61 %. A diferenza nesas cifras porcentuais non son desprezables. Falamos de rapaces e de rapazas do noso país que estudaron e que agora queren traballar e non poden. ¡E claro que sempre hai un problema que resolver!: diminuír a temporalidade e mellorar os salarios. ¿Pero sabe cal é a diferenza? A diferenza é que cando goberna o Partido Popular o que se discute é a calidade do emprego que se crea, e cando goberna o Partido Socialista o que se discute é a cantidade de emprego que se destrúe, ¡esa é a diferenza!, ¡esa é a diferenza!, e aí está todo iso.

Si, señorías, non é o mesmo, e se de verdade socialistas e nacionalistas queren facer algo para que os mozos poidan reducir o paro xuvenil, empecen por romper o acordo tamén vostedes, o acordo que acadaron con Bildu, os amigos do Bloque Nacionalista Galego en Galicia. Vostedes pactaron que queren derrogar a reforma laboral do Partido Popular —efectivamente, di a señora deputada—. E o que non explican é que buscan volver ao marco das relacións laborais deseñado polo Goberno de Zapatero, buscan regresar, no peor momento, a un sistema laboral que provocou un elevadísima taxa de temporalidade entre os mozos. Chegou a superar o 61 % entre menores de 25 anos e provocou a destrución de máis de 1 millón de empregos entre menores de 25 anos e máis de 2 millóns de empregos entre menores de 35 anos. Señora deputada, xa vexo que vostede este dato xa o coñecía, que dixo que efectivamente. (*Risos.*)



E apunten este dato, e apunten este dato: o 70 % do emprego destruído entre o ano 2007 e o ano 2012 foi entre os mozos. Señora deputada, apunte este máis. (Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) E xa sei, señor Ríos, que non lle gusta que lle fale do Partido Socialista, xa sei que non lle gusta, pero é que son os seus socios de goberno, non son os socios de goberno do Partido Popular, son os socios de goberno do Bloque Nacionalista Galego.

Porque o emprego mozo non se resolve facendo estudos como os que propón vostede, cando o Bloque Nacionalista Galego é o primeiro que non atende ás cifras oficiais de paro rexistrado porque non lle interesa. Porque elaborar un plan de emprego pode resultar unha frase propagandística moi chamativa, pero non explica na súa moción que medidas específicas queren poñer en marcha. E porque hoxe, co Partido Popular, en Galicia si hai un Goberno que está a poñer todo ese esforzo para dar máis oportunidades á xuventude.

E tamén aquí se falou de vivenda. Tamén en materia de vivenda as persoas menores de 35 anos dispoñen de medidas e liñas de axudas para atender as súas necesidades. Concretamente, existen programas dirixidos a menores de 35 anos en materia de alugueiro, acceso específico a vivendas públicas, axudas á adquisición de vivendas, axudas á rehabilitación. E hoxe a Xunta dispón tamén de vivendas de promoción pública en alugueiro, adxudicadas a mozos e mozas. E a semana pasada o presidente Feijóo presentou o Pacto social pola vivenda, que inclúe medidas para os vindeiros cinco anos, coas que busca mobilizar máis de 1.080 millóns de euros, e chegar a máis de 700 fogares para os mozos e mozas. E ese plan inclúe o alugueiro con opción de compra para menores de 35 anos, de maneira que os donos deben incluír esta opción o quinto ano, mantendo un prezo establecido, e a cambio poderán acceder a axudas de ata 6.000 euros.

E en materia de retención de talento, á que tamén fai vostede referencia na súa moción, Galicia aumentou nun 24,5 % o investimento en I+D+i, 7 puntos máis que a media do Estado, onde é do 17,44 %, e rexistrou un incremento do 18,34 % do persoal que traballa neste ámbito, 6 puntos máis que a media de España.

E, por favor, non mintan sobre os datos da emigración xuvenil, non mintan. A última estatística de emigración revela que Galicia rexistrou un saldo emigratorio positivo, o maior de toda a serie histórica, cun 32 %. Concretamente, das 16.918 persoas que procederon do estranxeiro, a metade, 8.420, teñen menos de 30 anos, e a isto cabe engadir que ao redor do 73 % das persoas que chegaron a Galicia desde o estranxeiro teñen menos de 45 anos.

E, por suposto, a Xunta tamén actúa en materia de emprego. Falámolo o pasado venres na Comisión de Economía desta Cámara, hai iniciativas específicas en marcha impulsadas pola Xunta e dotadas de contido concreto en cada un dos programas. A Xunta, desde o ano 2012, investiu máis de 315 millóns de euros en políticas activas de emprego para menores de 30 anos, o que supón unha media de máis de 39 millóns de euros por ano e de máis de 250.000 mozos e mozas beneficiados. ¿E quere saber en que programas? Falamos do Plan Emprega Xuventude, con axudas á contratación de ata 6.000 euros para as contratacións indefinidas e 3.000 euros para os de 1 ano de duración, cun orzamento de 2 millóns de euros. Falamos dos obradoiros de emprego para mozos e mozas menores de 30 anos, acción dotada en cada convocatoria con máis de 7 millóns de euros e da que se benefician anualmente 300 mozos



e mozas. E ao mellor a vostedes non lles gusta, porque non se chama un plan de emprego mozo —como pretenden vostedes—, pero todo pode falarse, e o problema, se está aí, pois todo pode falarse.

Señorías, estas políticas funcionan e os datos así o testemuñan. Se nos fixamos no número de parados menores de 30 anos en abril do ano 2021, en comparación co mes anterior descendeu de xeito especial entre a poboación xuvenil, cunha baixada dun 12,27. Se realizamos esta mesma comparativa cos datos a nivel interanual, que é moito máis ilustrativo, porque ofrece a tendencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...—termino, señor presidente— con respecto a abril do ano 2020 —é dicir, ao pico da pandemia—, vemos que o número de parados menores de 30 anos descendeu nun 22,67, é dicir, 6.139 mozos e mozas menos en paro.

E remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: Remato. Escolleille aquí —e véñollo escoitando varias veces— que vostede coñece a non sei canta xente que traballa 12, 15, 16 horas... e que coñece a non sei canta xente explotada. E eu dígolle unha cousa: gustaríame que agora nos ilustrara cantas veces iso vostede llo comunicou á Inspección de Traballo, porque é a súa obriga como cargo público. Se vostede coñece ese problema vostede ten que comunicarllo automaticamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...á Inspección de Traballo, porque é a súa obriga.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da moción. Señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar quero agradecer o apoio do Grupo Parlamentar do PSdeG a esta iniciativa.

E, señor Balseiro, créame cando lle digo que, se nalgún momento chego a onde está vostede, miraría estes vídeos para ter clases maxistras de como facer quiebros, de como falar de todo e non falar de nada durante 10 minutos. Paréceme impresionante... de moitas cou-



sas: de Bildu, de NorCorea, de Cuba, de Venezuela... falouse menos de emprego xuvenil e de alternativas.

E por empezar polo principio, señor Balseiro, o BNG non pretende homologar ningún modelo que exista neste mundo a este país. Nós somos galegos e os galegos necesitamos o noso propio modelo, non estamos igual de colonizados que outras forzas que necesitamos compararnos sistematicamente cun lado ou co outro. *(Aplausos.)* Galiza necesita o seu propio plan porque as nosas realidades son específicas e necesitamos os nosos propios plans que desenvolver para levar a cabo as melloras a nivel social, laboral e en todos os eidos que precisamos.

E despois liouse falando dos socios de Goberno, co PSOE e demais, e de que outros non gañamos ningunhas eleccións, de que sempre imos xuntos e demais... E, bueno, parafraseando a este gran político, dicirille que «es la democracia, amigo». *(Aplausos.)* É dicir, hai que pactar, hai que chegar a acordos e, *(Aplausos.)* bueno, ao final chégase a acordos *(Aplausos.)* por un ben común. *(Aplausos.)*

E estou xa un pouquiño farto de escoitar sempre os mesmos mantras, os mesmos titulares falando, por exemplo, deste mes de abril e desta recuperación, e sobre todo a comparativa interanual co mes de abril do ano pasado en plena pandemia. Se iso ten algún tipo de valor, pois perfecto, entendo que a EPA non lles valla, e esta cuestión é bandeira da recuperación económica e de empregos deste país pero non hai moito máis. Igual que o tema do saldo da emigración, onde aquí entra a esportas todos os días un montón de mocidade que ten traballo onde queira e como queira cunhas garantías e unhas condicións perfectas. E olvídase de que neste país centos de miles de mozas emigraron e seguen emigrando. Se collen as cantidades totais durante os últimos anos sae que cada 45 minutos unha moza emigra deste país por falta de oportunidades. Entón, ¿en que quedamos? ¿Estamos para facer as cousas ben, para dicir que todo está perfecto e que non hai ningún tipo de problema? Ou, bueno, iso é o que contarán aquí.

Despois, nas cuestións... ¿onde está realmente o que se investiu en emprego nestes últimos anos, eses trescentos non sei cantos millóns que vostede acaba de dicir? E, como lle dicía tamén antes, baixe á rúa; pero non é só que o diga eu, Sondaxe acaba de poñer enriba da mesa un estudo que di que o desemprego é a primeira preocupación entre a poboación das cidades galegas, ja primeira e por moito da segunda!, ¡por moito! Entón, ¿onde están todos eses cartos investidos? ¿Non será fallo de modelo? ¿Non se estarán dilapidando cartos e non creando unha continuidade de empregos estábeis, de empregos de condicións dignas? ¿Non será iso? Porque a mocidade —como dicía antes na miña primeira intervención— máis ben non sabe onde vai estar dentro de 1 mes, de 2, de 3, de 6... non o sabe. E, sobre todo, non intenten facer o que levan intentando moito tempo, que é intentar... agora teño a responsabilidade de non ter denunciado á Inspección de Traballo casos concretos de persoas concretas que traballan equis horas, equis xornadas. É a miña responsabilidade, da Xunta non o é, a da Xunta de velar para que iso non pase e regular un mercado como é, por exemplo, a hostalaría —que estaba moi contenta a conselleira dicindo que constituía o 75 % do emprego total neste país—; e que despois non haxa ningún tipo de control, ningún tipo de regulación, nin lles importe, pero, ¡claro!, eu son culpable de non ter denunciado á Inspección de Tra-



ballo. E cando eu traballaba 6 días á semana, 11 ou 12 horas ao día, tampouco ía á Inspección de Traballo porque se non non tiña como pagar o alugueiro, nin tiña como comer, nin tiña como desprazarme. Ou sexa, é que me parece moi grave falar de cousas así coa que está caendo e coa xente que se ten que aferrar a calquera tipo de traballo en calquera tipo de condicións para poder sobrevivir. Pero como son unha alta na Seguridade Social máis que conta na súa estatística, perfecto; mentres sexan altas sen importar en que condicións se fagan, perfecto. Eu causaba alta 6 veces á semana nunha semana, perfecto, as estatísticas todas e cada unha saen perfectas. Eu agardo que —como dicía o señor Balseiro— todo pode falarse, se se lle quere chamar Plan de emprego xuvenil, se se lle quere chamar outra cousa... sempre estamos dispostos a falar, entendo que entón —xa que todo pode falarse— falaremos de apoiar esta iniciativa hoxe aquí para poder traballar a este respecto.

E, sobre todo, falen coa xente nova, dígoos xa fóra deste xogo político da Cámara e demais, falen coa xente nova, porque se verán certas cuestións, sen dicirse en sede parlamentar certas cuestións e na prensa; e ademais creerse esas cuestións é vivir nun mundo paralelo. E non é vivir no mundo no que a mocidade ten que pagar un alugueiro por enriba das súas posibilidades, que ten que facer fronte a moitísimos gastos e non pode. E estáselles dicindo que todo está ben e «*venga usted mañana*» a polo que sexa. Pois poñámonos as pilas, poñámonos a traballar e falemos do que sexa preciso falar. Apoiemos esta iniciativa e démoslle ao noso país e á nosa mocidade o futuro que merece sen homologacións de ningún tipo. Somos galegos e, polo tanto, necesitamos o noso propio modelo de vida e o noso propio modelo de desenvolvemento neste mundo.

Graciñas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de substitución

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia reafirma o seu compromiso co marco lingüístico recollido na Constitución, no Estatuto de Autonomía e na Lei de Normalización Lingüística de Galicia. Estas normas aseguran o equilibrio entre castelán e galego e contribúen a asegurar a convivencia lingüística dos cidadáns



que valoran coñecer ambas as dúas linguas para poder comunicarse con falantes de todo o Estado así como con millóns deles en países lusófonos e hispanos. Manifestamos o rexeitamento da Cámara a calquera modificación que posibilite que galego ou castelán deixen de ser vehiculares no ensino, poñendo así en perigo o equilibrio entre as nosas dúas linguas cooficiais.»)

Para formular a moción ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizóns, presidente.

Boa tarde, señorías.

«A pedra angular da Lei de normalización lingüística, no que se refire ao ensino, é o artigo onde se recolle que o Goberno garante a adquisición da dobre competencia por parte do alumnado, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar. A dobre competencia é imprescindible para garantir unha liberdade lingüística real para toda a cidadanía. Pois ben, todas as medidas tomadas durante estes anos polo Goberno de Núñez Feijóo van en dirección contraria, na de facer inalcanzable a competencia en galego, aínda que se disfrace con palabras pomposas como plurilingüismo. A realidade, que é moi teimuda, non fai máis que desmentilos». Estas palabras literais de Agustín Fernández Paz, cuxo prestixioso currículo como pedagogo, profesor e escritor estou segura que ben coñecerán, mais para quen toda lembranza e homenaxe pola nosa parte será pouca, foron escritas e están publicadas no ano 2012. Unha autoridade intelectual como a súa escribía o que desde a pedagogía e a sociolingüística era xa naquela altura e segue a ser evidente. Tan evidente cientificamente como ignorado politicamente, pois o Partido Popular —como xa relatei e demostrei na pasada interpelación— decidiu quebrar en política lingüística os límites do consenso social, ignorar o marco pedagóxico aplicado á didáctica das linguas en contextos bilingües e incumprir o mandato principal da Lei de normalización lingüística, que, no artigo 14.3, di literalmente: «As autoridades educativas da comunidade autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio o alumnado coñeza este nos seus niveis oral e escrito en igualdade co castelán».

O Partido Popular decidiu unilateralmente en 2010 impoñer un modelo lingüístico educativo que, na súa concepción máis enganosa socialmente —ese vocábulo pomposo que dicía Agustín: plurilingüismo— e lesiva lingüisticamente —como agora di a realidade— foi freado até en oito sentenzas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, ao negar, por unha banda, o discurso do Partido Popular amparado na existencia dun suposto dereito de liberdade de elección de lingua por riba do dereito á educación. E, pola outra, a verificar o incumprimento do fomento do uso progresivo do galego no ensino contido no artigo 13.2 da Lei de normalización lingüística. Evidentemente, quedou claro que a ignorancia no noso propio idioma —no oficial— non é un dereito ao que lle haxa que dar cobertura desde o Goberno.

Aludimos na nosa interpelación do Pleno pasado tamén ao incumprimento sistemático da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias. Convidoos, señorías, a contrastar o Celmi, unha esclarecedora base de datos elaborada desde a Universidade de Vigo na que se incorporan todos os resultados, os informes, do Comité de Ministros do Consello de Europa, unha comparativa que albisca o alto grao que aínda temos de incumprimento coa Carta para



o galego en conxunto, en relación co resto das linguas da península, así como o medre deste incumprimento nos sucesivos informes desde o ano 2012, baixo a responsabilidade do Goberno galego. Mais tamén temos que dicir que parece que con certa conivencia do Goberno español, como o reflicte a resposta escrita ao noso deputado no Congreso: «En mayo de 2020 el Gobierno se dirigió a todas las comunidades autónomas con lenguas tanto cooficiales como minoritarias que tuvieran algo que alegar sobre las recomendaciones formuladas por esta organización internacional. El informe remitido por la Comunidad Autónoma de Galicia fue transcrito íntegramente». Un informe que —volvemos insistir— temos demandado en varias ocasións, atendendo ao artigo 9, e que seguimos sen recibir. A pregunta é, por tanto, ante esta situación: ¿quen está a mentir aquí?, ¿o Goberno da Xunta?, ¿o Goberno do Estado? ¿Que se está a ocultar ou que non se está a transmitir de forma correcta? ¿Como se pode avalar desde o Goberno español a política lingüística da Xunta sen un maior contraste?

Mais, en calquera caso, a realidade non mente e a recente avaliación da competencia en galego e castelán acadada polo alumnado ao finalizar 4º de ESO é un bo termómetro que debemos atender por moitas razóns.

A primeira, por ser unha comparativa que analiza os resultados obtidos no ano 2009. A segunda, porque é unha análise cuantitativa mais, sobre todo, cualitativa. E a terceira, por contemplar o estudo, a avaliación, das destrezas pasivas, como é habitual, mais tamén neste caso das activas, a partir de conversas, de producións orais, por tanto.

O que na coda se determina globalmente como unha competencia aceptable nos dous idiomas matízase deseguido indicando desequilibrios importantes en varias dimensións. A dobre competencia, é dicir, ese mandato ao que está obrigado o Goberno pola Lei de normalización lingüística, dise que está garantida nas persoas galegofalantes, naquelas que teñen o galego como lingua inicial, ambiental, máis ben próximas ao hábitat rural e sempre matriculadas en centros de educación públicos. É dicir, quen sabe galego sabe máis.

Finalmente, esta avaliación conclúe que o actual modelo educativo, desde a perspectiva lingüística, non está a compensar a progresiva desgaleguización familiar e ambiental da infancia e da mocidade, e que é preciso, ademais, ampliar a base de análise e de estudo destes resultados para realmente saber que dá de si, que está a dar de si o modelo chamado plurilingüe.

Imaxinemos por un momento que a avaliación verificase que o 35 % do alumnado galego remata a súa escolaridade obrigatoria sen conseguir unha completa, total competencia en castelán. ¿Non estaría o Goberno preocupado? Nós entendemos que si, tería motivos para estalo, e nós, desde logo, tamén e con razón. ¿Por que non se fai ningún tipo de valoración aínda a día de hoxe, varias semanas despois do coñecemento deste estudo, cando este dato se corresponde co galego?

Un 35 % do alumnado non é quen de se expresar en producións orais en galego cun dominio sen máis que equilibrado ao castelán. Esa é a realidade, aínda que non nos guste a ninguén, nin a vostedes nin a nós. Unha conclusión que, por certo, tampouco sorprende, pois vén ratificar os datos do Instituto Galego de Estatística, que xa dixeran que 1 de cada 4 crianzas non sabe falar nada ou moi pouco galego. Por certo, un incremento de máis de 7 puntos neste



sentido na última década. Pois ben, agora esta avaliación o que nos di é que 1 de cada 3 tampouco consegue esa competencia equilibrada respecto do castelán ao rematar a escolaridade obrigatoria. Retrocede a familia como ámbito inicial de aprendizaxe e a escola non cumpre coa súa función de compensación e transmisión de coñecemento e de adquisición de lingua.

A conclusión é clara: a competencia en castelán está segura e a competencia en galego está comprometida. A función desgaleguizadora da escola galega avanza promovida por un decreto impermeábel que non respecta as diferentes contornas sociolingüísticas do país. Un decreto que, por unha banda, prohíbe impartir materias en galego e, pola outra, autoriza e promociona impartilas en inglés. ¡Curiosa incoherencia desde a perspectiva sociolingüística!

¿Para cando —preguntámonos— unha avaliación das competencias en lingua estranxeira —imos simplificalo: na realidade, inglés— que introduciron na docencia, nun terzo como mínimo, e moito máis do currículo? ¿Canto mellorou a competencia do noso alumnado nesa materia estranxeira en inglés desde 2010? É unha pregunta que nos facemos reiteradamente para a que tampouco conseguimos resposta.

¿Para cando, ademais, unha avaliación da calidade das aprendizaxes desas materias que se impartiron nunha lingua estranxeira, é dicir, inglés? ¿Saben máis e mellor agora as crianzas, estas promocións, por ter estudado *Science* en vez de Coñecemento do medio? Esa pregunta asegúrolles que, pedagoxicamente, segue sen resposta. Sorprende que nun proxecto experimental desta altura, destas características, en ningún momento se fixese ningún tipo de avaliación por parte da Consellería.

E aínda máis sorprende un decreto que absolutamente impide, mesmo penaliza, a inmersión lingüística en galego, e si a patrocina en inglés. Non hai nada máis que visitar —estes días poden facelo igual ca min porque é información pública— webs de diferentes centros concertados para verificar anuncios como este: *La enseñanza del inglés, que se realiza mediante inmersión lingüística, ocupa el 50 % del horario escolar*. Pregúntome onde queda a docencia logo e que porcentaxe lle corresponde á aprendizaxe do galego e en galego neste colexio da Coruña. Este mesmo centro pero ubicado en Cataluña —porque tamén ten alí representación—, alí, sen embargo, na web si que abenzoa o trilingüismo e, polo tanto, anuncia alí que a inmersión en inglés para outras materias chega ao 33 %, non ao 50 % como aquí. ¿Que ten que dicir o Goberno a respecto, logo, deste incumprimento da normativa?

Ben, a nós o que nos interesa, á vista dos feitos, é falar do presente e do futuro, e por iso agardamos no BNG que hoxe non volvan aquí con eses argumentos confusos que xa empregou o conselleiro na interpelación entre competencia e uso, porque iso xa o debemos ter bastante claro; e non usen iso e esa política de despiste para xustificar que seguen sendo reos dun pasado que todos e todas deben ter superados. É moita hora de afrontarmos un proxecto que represente nos feitos un plurilingüismo inclusivo e restitutivo que garanta a aprendizaxe do noso idioma desde o equilibrio no acceso ao seu coñecemento, ese piar fundamental da Lei de normalización lingüística.

Na pasada interpelación o señor conselleiro dixo textualmente: «A nosa política lingüística baséase en tres cuestións fundamentais. A primeira, o respecto ao marco normativo. A se-



gunda, a atención do sentir da maioría dos galegos e das galegas. E a terceira, a aposta por garantir o futuro do galego en todos os ámbitos». A evidencia dos datos demostra que isto nin estivo nin está a ser así.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Foron incumpridas as tres premisas e é preciso rectificarmos a historia por responsabilidade política e compromiso social. É por iso que hoxe formulamos esta moción propositiva, en positivo, como tamén o conselleiro demandou na súa intervención no Pleno. Cunha parte resolutiva que, simplemente, convida a convocar unha mesa de traballo cos axentes sociais e educativos para consensuar un novo camiño, un novo modelo lingüístico educativo que respecte, que teña en conta a Lei de normalización lingüística, o Plan xeral de normalización da lingua galega e que, por suposto, dea...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...resposta aos informes de incumprimento do Consello de Europa.

Efectivamente —remato, señor presidente— comecei cunha cita de Agustín Fernández Paz e quixera rematar con ela: «Nós, como tantos, como tantas, somos moitos e moitas para traballar en positivo, para desmontar os prexuízos coa nosa práctica, para facer propostas e actividades que fagan realidade vivir en galego, para demostrar que amamos e defendemos a pluralidade lingüística, pero nunca á custa de deixar arrombada a nosa lingua no faiado».

Obrigada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

A nosa postura en política lingüística é clara, é reiterada, é mantida no tempo —non todos os grupos da oposición poden dicir o mesmo— e conta co respaldo da maioría social de Galicia, a democracia. Unha postura coñecida por todos os galegos que descansa en dous piares fundamentais. O primeiro deles é o respecto á legalidade vixente e o segundo, a aceptación da realidade bilingüe de Galicia.

Polo que respecta ao primeiro piar, a legalidade vixente, obviamente, movémonos en tres cuestións. A primeira, a Constitución española, o Estatuto de autonomía, que establecen a cooficialidade de galego e castelán, e, por terceiro, o espírito de consenso recollido na Lei de normalización lingüística.



En canto ao segundo piar, o arraigo en Galicia de dúas linguas, o galego e o castelán, é consecuencia de acontecementos históricos coñecidos, pero, en calquera caso, lles guste ou non ás señorías da oposición, os galegos viven na realidade bilingüe de Galicia.

Como grupo maioritario desta Cámara, entendemos que facer plantexamentos estratéxicos baseados no monolingüismo, como pretende facer o grupo propoñente a través desta moción, o único que conseguen é dar a costa á sociedade e para iso non contén connosco, señorías. Onde si nos atoparán... (*Aplausos.*), onde si nos atoparán é do lado dos galegos e das galegas e de seguir avanzando cara ao futuro dende o recoñecemento do galego como idioma propio, coa oficialidade de galego e castelán, con medidas positivas e, por suposto, señorías, coa liberdade de uso.

Señora Queixas, no debate desta interpelación, que eu escoitei moi atentamente, igual que o día de hoxe, daba algún que outro dato, pero supoño que tamén esqueceu moitos outros, supoño que a vostede, ao mellor, non lle interesaban moitos. Pero voulle comentar. A avaliación da competencia bilingüe á que vostede fixo referencia tamén, no seu uso da palabra nesta moción, e, precisamente, que coñece con bastante profundidade, pon de manifesto diversas cuestións ás que vostede non fixo especial referencia e que creo que é necesario pór enriba da mesa.

O dito informe pon de relevo que a competencia en galego, en termos xerais, é aceptable, e que a situación, en definitiva, non empeorou dende o ano 2009, segundo este informe. Logo podemos concluír que o Decreto 79/2010, que tanto menciona de maneira negativa por parte do seu grupo, non fixo retroceder o dominio das competencias sobre o mesmo.

¿Non sei se quere falar a señora Rodil? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se non, falo, ¡eh! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: ¿Si? Perfecto.

Medran os usos e a autopercepción de falantes bilingües: o 83,1 % considérase totalmente bilingüe, e o 16,9 % con preferencia do castelán.

Da dita avaliación, á que a señora do Bloque Nacionalista Galego fixo referencia, debemos destacar que o 44 % dos 600 enquisados participantes —estudantes— sinalaron tanto o galego como o castelán como lingua inicial, fronte ao 36,1 %, que indicou só o castelán, e o 18,1 %, que citaron unicamente o galego.

En canto a esa suposta carencia nas competencias, afectaría a un 35 sobre o 36, non sobre o 100 %, algo que esqueceu a señora Queixas.

Entón, señora Queixas, vostede fala da feira como lle vai nela, porque vostede contou unha parte pero non falou do conxunto das partes. Totalmente lícito, por suposto, aquí cada un fala do que lle interesa contar e a vostede interésalle falar do seu.



Aínda así, como partido exixente que somos, non nos conformamos cos ditos datos e debemos seguir traballando, por suposto. Diso, que non lle caiba a menor dúbida. Dende as administracións, pero como sociedade tamén no seu conxunto. E ese traballo debe ser tanto dentro do sistema educativo, como xa se está a facer, pero tamén con diferentes programas que se están a levar a cabo, como dende os entornos sociais: o ámbito familiar, do lecer, das actividades fóra das aulas, en definitiva, no día a día, señorías. Temos que implicar a sociedade en todos os seus ámbitos e, dentro desa implicación, o Goberno galego acaba de presentar un proxecto ambicioso, o Proxecto Nós, para traballar, precisamente, nese ámbito. E invito o resto das administracións a que, se realmente teñen interese, fagan o mesmo. Trátase dun proxecto que pretende potenciar o uso entre a xuventude, xa que unha lingua viva dixitalmente terá máis garantías de futuro. O obxectivo é que o idioma galego se incorpore e participe nos novos desenrols tecnolóxicos de forma que se poida interactuar a lingua co mundo dixital ao mesmo tempo que o fan o inglés e o castelán.

Señora Queixas, isto é avanzar, isto é progresar, é camiñar coa xuventude, e non o que pretende con esta moción, que é volver ao pasado e seguir estancados no pasado.

Traballaremos no realmente importante, traballamos polos galegos e tamén pola nosa mocidade. Traballemos por que sexan máis os galegos que coñecen e promoven o galego, o castelán e as linguas estranxeiras. E froito dese traballo, dese compromiso, dende o Grupo Parlamentario Popular presentabamos unha emenda de substitución para que o Parlamento de Galicia reafirme o seu compromiso co marco lingüístico recollido na Constitución, no Estatuto de autonomía e na Lei de normalización lingüística de Galicia. Esta norma asegura o equilibrio entre castelán e galego e contribúe a asegurar a convivencia lingüística dos cidadáns, que valoran coñecer ambas as dúas linguas para poder comunicarse con falantes de todo o Estado, así como con millóns deles en países lusófonos e hispanos.

Manifestamos o rexeitamento da Cámara a calquera modificación que posibilite que o galego ou o castelán deixen de ser vehiculares no ensino, poñendo así en perigo o equilibrio entre as nosas dúas linguas cooficiais.

Ao inicio da miña intervención dicía que non todos os grupos representados nesta cámara parlamentar tiñan a mesma posición continuada no tempo. Simplemente, agora, a actual ministra de Educación, a señora Celaá, defendía no ano 2010, sendo deputada autonómica do País Vasco: «Si bien el euskera es la lengua específica del País Vasco, lengua propia también es el castellano, ¿por que no considerar lengua propia la lengua materna del 80 % de los vascos?». E pregunto eu: ¿que mudaría no Partido Socialista este cambio de rumbo, dende o ano 2010 ao presente ano? ¿Tería que ver a aprobación dos orzamentos do Goberno central? Probablemente si. Veremos, tras o debate desta moción, xa veremos se o Partido Socialista está a favor ou en contra da liberdade de uso de lingua dos galegos e das galegas.

Señorías, cando teriamos que estar orgullosos de manter dúas linguas, o galego e o castelán, algúns pretenden prescindir dunha, mentres a postura do Grupo Parlamentario Popular en materia de política lingüística é clara e consensuada, e que conta cun recente respaldo maioritario social, un modelo propio, o modelo galego, totalmente normalizado e avalado polos resultados no ámbito educativo.



Mire, o informe PISA, que sempre esquecen vostedes mencionar, constata que somos a comunidade onde o alumnado fala dúas linguas cooficiais con máis facilidade. O 96 % do alumnado afirma falalo ben ou bastante ben como para conversar con outras persoas, por diante doutras comunidades autónomas con lingua propia. E o mesmo informe sitúanos en cabeza en respecto á tolerancia por outras culturas; en cambio, outras comunidades con lingua propia están nas última posicións.

A verdade é que é curioso que os grupos da oposición, neste caso o Bloque Nacionalista Galego, cada vez que teñen oportunidade, son os primeiros en compararse con outras comunidades autónomas, pero nesta ocasión, cando Galicia se sitúa por ter un maior e mellor coñecemento da súa riqueza lingüística, aí parece que non convén compararse.

Mire, a riqueza e a humanidade que aportan as linguas só se pode asegurar garantindo a súa continuidade e a transmisión familiar. Debemos implicarnos no obxectivo de preservar a transmisión da lingua dende as familias, os gobernos e a sociedade en xeral. A nosa lingua ten o seu lugar no seu sistema educativo de Galicia, onde se atopa en igualdade de condicións que o castelán, sen que isto supoña a renunciar á aprendizaxe doutros idiomas estranxeiros.

Os idiomas non compiten entre si senón que a adquisición dunha lingua favorece e alimenta a aprendizaxe das seguintes, e abre as oportunidades de crecemento persoal, social e laboralmente. É un labor de todos a promoción da nosa lingua, da nosa identidade, en definitiva, da nosa cultura. Temos a xeración mellor formada en galego da historia, cunhas bases sólidas sobre as que se debe seguir traballando para continuar avanzando e mirando cara ao futuro.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Graza, señor presidente.

Boa tarde de novo a todos e a todas.

De novo o tema da lingua nesta Cámara, neste Parlamento, de novo ter que explicar que as linguas conforman unha impagable riqueza para calquera pobo e que, ademais, son elementos de cohesión, señor voceira do Partido Popular, e non de confrontación. A mágoa é escoitar discursos como o seu, que seguen sen aceptar e seguen negando que a nosa lingua, á vista dos datos, está en perigo, está en serio perigo. E é unha mágoa, a verdade é que é unha mágoa que sigan sen entender esta situación.

Insistimos, para que a nosa lingua non morra o que hai que facer é preservala, preservar a lingua, preservar a nosa cultura. Hai que protexela, hai que coidala e hai que promocionala, hai que normalizala. E como non comecemos por normalizala no ámbito educativo, que é o primeiro sitio onde podemos normalizala, estaremos sentenciando a súa morte. *(Aplausos.)*



Eu facía unha pregunta, facía unha pregunta, señora voceira do Partido Popular, que é se estamos a favor de que... pois nós estamos a favor de que a nosa lingua non morra, iso é do que estamos a favor, non hai máis, aí iso, esa é a idea, o concepto, para que o entenda ben.

Os dirixentes do Goberno autonómico repiten sen cesar que somos a comunidade autonómica cos mellores datos, pero, coma sempre, ese rebumbio, comparándonos con outras autonomías, a min tanto me ten; é así, señora do Partido Popular. Pero nós queremos lembrar datos obxectivos, e son datos do IGE, do Instituto Galego de Estatística, entendemos que tampouco estamos falando dun organismo demasiado subversivo nin do progresismo nin nada parecido. E aí mostra unha realidade moi preocupante sobre o uso do galego entre a poboación máis nova, con cifras cada vez menores do coñecemento e uso do noso idioma en rapaces e rapazas de entre 5 e 14 anos. Un de cada catro non sabe falar galego. E a porcentaxe de menores de 15 anos que nunca falan galego dispareuse, dispareuse. Non son datos nosos, son datos do IGE que poden vostedes consultar sen ningún problema, son públicos, pasando do 29,59 % en 2008 ao 44,13 % en 2018. Repito, datos do IGE, non nosos. *(Aplausos.)*

Esta iniciativa, a iniciativa que presenta o Bloque Nacionalista Galego, sostense nos últimos datos científicos que se coñecen e aos que se fixo aquí alusión. E descúlpenme se me repito pero creo que é importante afianzar algunha idea, insistir neles. E non tanto nos datos como nas tendencias, iso é o que preocupa, non é tanto o dato como a tendencia.

Efectivamente, como xa se dixo, o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega fixo hai pouco público o resultado dun proxecto de avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán e, sen entrar no alumnado de cuarto da ESO, sen entrar en detalles, non me vou atrever tampouco a facelo diante da voceira do BNG, pero si que quero expoñer algunhas das ideas. Ese informe, por certo, xa comeza constatando que existe un acusado desequilibrio das dúas linguas en detrimento do galego, xa o di a propia Real Academia Galega. Segundo este informe, xa non podemos dicir que o galego sexa a lingua máis falada entre a mocidade. A propia Real Academia Galega apunta que, se comparamos eses datos cos do ano 1995 —de aí que fale das tendencias—, o número de persoas que aprenderon a falar inicialmente en galego descendeu case vinte puntos porcentuais fronte á porcentaxe de bilingües iniciais. Tamén a mesma Academia apela á Lei de normalización lingüística, que favoreceu os usos formais e estabilizou os informais, esa lei de normalización lingüística. Pero di a propia Academia tamén —sempre os poñemos para que vostedes logo non digan que son ideas deste grupo parlamentario—, a propia Academia di tamén que ese decreto do que vostede falaba, ese decreto do ano 2010, crebou esta tendencia por basearse nunha confección do plurilingüismo e cito textualmente: «Non ten en conta a situación de minoración da lingua galega, o que resulta na diminución da súa visibilidade escolar e, hipoteticamente, no reforzo da súa marxinalidade social considerándose a escola —e isto é importante— un elemento de reprodución social en lugar dun axente de cambio, que é o que debera ser».

Hai outro dato relevante, que a nós nos preocupa moitísimo, nese informe, que sinala que a titularidade do centro é outro factor importante, e isto é importantísimo. O que queda de manifesto neste estudo científico é que o alumnado dos institutos públicos remata a ESO cunha competencia semellante en ambas as dúas linguas. Pero resulta que o dos privados e



concertados se gradúa cun dominio bastante máis deficiente en galego que en castelán. ¿Onde están os mecanismos de control desta disfunción?, ¿onde están?

Alértase tamén —e nisto teño que dicir que nos veu moi ben a comparecencia do secretario xeral de Política Lingüística hai unha semana, ou escasas semanas, na Comisión 4^a—, o informe alerta da debilidade existente na capacidade para comunicarse oralmente e na comprensión léxica e di que afecta especialmente a mozos e mozas principalmente castelanfalantes que residen no urbano ou periurbano galego.

Nesa comisión, esta mesma parlamentaria preguntáballe acerca deste dato e o secretario xeral de Política Lingüística apuntaba con resignación que a causa diso era o esmorecemento do rural. E quedaba así, e foi unicamente esa a causa que deu para poder explicar isto que lle estaba preguntando eu. Como se, por unha banda, o despoboamento do noso rural fose un mal endémico que temos que evidenciar e comprender en vez de combater e, por outra, como se dese por feito que o galego é o idioma do rural e, como este está a morrer, pois a nosa lingua tamén o fará. E aí queda a cousa. Inaudito, así foi, así foi. Están os vídeos aí, pode vostede consualos.

Volvendo outra vez ao informe da RAG, o propio presidente advertía na presentación desta investigación como o modelo lingüístico vixente no sistema educativo está consolidando os desequilibrios existentes no canto de compensalos, e reclamaba medidas, a propia Real Academia Galega reclamaba medidas de diversa natureza para reverter o retroceso do uso e do coñecemento do galego na mocidade. Porque iso tamén queremos aclaralo. Dende o PSdeG non queremos só que a mocidade teña competencias en galego, tamén queremos que se use, porque os idiomas que non se usan sabemos o que pasa con eles. Puideran vostedes pensar tamén, e chegados a este punto, porque vostede fai alusión a ese informe PISA, xa para compensar un pouco isto que di vostede, que somos sempre os grupos da oposición os que estamos coa mesma teima da lingua, o galego morre etc. etc., pero, bueno, a cuestión é que sabe ben que o Comité de expertos para a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas do Consello de Europa leva anos, ¡anos!, censurando a perda de presenza do galego no ensino causada pola política lingüística errática da Xunta de Galicia. Sabe que é así. E di, ademais, que non respecta os dereitos das persoas respecto da súa propia lingua. Asegura o Consello de Europa, repito, non nós, que os límites que establece o chamado decreto de plurilingüismo do ano 2010, que a vostedes tanto lle gusta, están claramente en contradición cos compromisos adquiridos de facer do galego a lingua predominante na ensinanza. Insistindo, ademais, que isto non se cumpre en ningún dos niveis educativos, en ningún deles. É o Consello de Europa —repito— quen suxire eliminar a limitación á docencia en galego —xa se dixo aquí tamén— e en todos os medios educativos e tamén por materias, advertindo que esas materias que se imparten no noso idioma, en galego, nos centros educativos onde se introduciu o inglés é tan baixo como o 33 %. Que o galego —di o Consello de Europa— ten moi pouca presenza en educación infantil —nalgúns centros poden case acreditar que non existe— e que o material didáctico en galego tamén é insuficiente. É o Consello de Europa o que está a dicir. Así que o Consello de Europa volve darnos a razón sobre as graves consecuencias que ten a política do Partido Popular sobre o noso idioma en todos os ámbitos e, moi significativamente, no ámbito educativo.



Por certo, o último tirón de orellas do Consello de Europa é de hai un mes, hai escasamente un mes. E non imos afondar máis porque os datos son os que son e son incuestionables e os datos son incuestionables e irrefutables. Deixen de louvar o modelo galego, que, segundo o conselleiro dicía hai pouco tempo, xera tanto estabilidade como destrezas, porque, á vista dos datos, non é así e está mentindo.

O seu modelo, o modelo educativo da actual Xunta de Galicia, non funciona, póñanse a traballar nun novo modelo educativo que protexa a nosa lingua. Non temos ningún problema nin co castelán nin co inglés, mesmo nin co chinés, pero protexan o noso idioma. Senten e escoiten as persoas expertas, que terán algo que dicirlles ou contarlles ou que manifestarlles ao respecto. Dende logo, o futuro da nosa lingua depende do seu uso, e o futuro do noso país depende da nosa mocidade, ou sexa, se a nosa mocidade non usa a nosa lingua esta acabará por morrer. Por iso dicimos que é importante non só que se estude senón tamén que se empregue. Vaia por diante que, loxicamente, apoiamos esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Ben, en primeiro lugar, quero dicir, señora Vázquez, que me sorprende bastante esa actitude tan tensa que asume cando ten intervencións vinculadas coa nosa lingua. Sorpréndeme bastante, e certa lixeireza, certa prepotencia, certa soberbia, porque, ademais, vostede, a diferenza de min, por cuestión de idade, tivo oportunidade de pertencer a un sistema educativo... *(Pausa.)* ¿Podo seguir?

O señor PRESIDENTE: Si.

A señora QUEIXAS ZAS: Imos facer coma sempre que se me interrompe, o tempo logo...

Dicía que vostede tivo, por cuestión de idade, oportunidade de pertencer a un sistema educativo integramente xa educada, en principio, en galego, cousa que eu non. Polo tanto, vostede recibiu clases de sociolingüística, e a verdade é que aquí queda bastante en evidencia que ou é que eses días latou ou está deixando en moi mal lugar o seu profesorado. Eu voulle recomendar, a vostede e a calquera persoa, de verdade que a calquera, que lea o seu veciño Agustín Fernández Paz, que seguro que vai axudar a ver a óptica con perspectiva, a realidade lingüística con moita máis perspectiva, con moito máis respecto do que están manifestando, desde logo, neste momento. *(Aplausos.)*

Por suposto que en dez minutos *(Murmurios.)* é imposible debullar un traballo como é esta avaliación, pero eu non teño ningún inconveniente en facelo cando vostede considere, ¿non?



Mire, simplemente afirmar, afirmar, como aquí se pode deducir, que os datos son semellantes aos de 2009. Xa é un fracaso deste modelo, porque se desde o 2009 ata agora non avanzou, entón quere dicir que o modelo xa fracasou *per se*. (Aplausos.)

Non achegou ningún argumento que rebata os datos que eu presentei, que eu argumentei, polo tanto, tamén algo quere dicir, usamos o escapismo para ir para outros lados, porque realmente non temos onde sosternos. Mire, eu simplemente traía moi presente unha cita do conselleiro, que é unha mágoa que hoxe non nos acompañe aquí tamén, e el dicía que avogaba por camiñar da man da sociedade no fomento do uso da lingua galega entre xeracións máis novas. Esa é a nosa proposta, e esa é a proposta que está facendo un grupo bastante importante e que, por suposto, está medrando e irá medrando máis, e que xa ten unha proposta de bases que nós queremos que veñan explicar aquí pero que non se nos permite, na Comisión de Educación e Cultura. E, ademais, tiña moi presente, precisamente, tamén ese... —¡home!, acabo de dicir que sentía que non estivese, señor conselleiro, ¡benvido!— tiña moi presente tamén, literalmente, as súas palabras da interpelación, e dicía que lle gustaba tender a man, repetiuno varias veces, cría que debía ser así, que debíamos traballar en diálogo, en consenso, e que tendía a man para traballar en positivo polo galego. E a parte resolutiva desta moción non é outra máis ca esa, aínda que vostedes se encarguen de distorsionala: traballar en positivo e sen facer ningún tipo de exclusións.

E miren, para rematar, se é que o consigo, a súa negativa a aceptar esta proposta, ou polo menos si a transaccionar algo que sexa lóxico e acaído, o que implica é que queren seguir incumprindo coa Lei de normalización lingüística, co Plan xeral de normalización da lingua galega e cos informes do Consello de Europa. Que queren desatender, que ignoran, os datos da regresión na competencia lingüística, que simplemente vai ir progresivamente invalidando a mocidade para o uso, que queren pechar a oportunidade a un tempo novo, dialogado e consensuado coa demanda social, insisto, que xa teñen propostas que queren presentar aquí. Implica aceptar o desequilibrio no acceso á competencia lingüística desfavorable ao galego, reafirmar este catálogo de derrotas co que, por suposto, non concordamos, patrocinado polo Partido Popular, normalizar a ignorancia a respecto do coñecemento da nosa lingua, e asinar o capítulo actual do avance histórico do proceso de substitución lingüística. Iso é o que asinan vostedes negándose a aceptar ou, cando menos, a valorar a nosa proposta.

Co cal, o que están demostrando é que non queren aprender nada, que prefiren seguir ignorando a evidencia e a realidade. Porque parece mentira que acaben de celebrar o centenario das Irmandades da Fala e que non aprendesen nada do seu ideario. (Aplausos.) Parece mentira que acaben de celebrar o centenario do grupo Nós e que non aprendesen absolutamente nada do ideario do grupo Nós. Ou que acaben de celebrar o centenario de Isaac Díaz Pardo e que non aprendesen absolutamente nada do ideario de Isaac Díaz Pardo. (Aplausos.) Ou que acaben de celebrar o Día das Letras Galegas, que, para vostedes, efectivamente, na práctica é un día, e que non aprendesen nada, que simplemente deixen ese slogan, «Grazas, mestra», pero que sexan os peores pupilos e pupilas deste mundo. (Aplausos.)

A pregunta real é se o Partido Popular entende que todos e todas as galegas temos dereito a aprender o noso idioma, iso é o primeiro que ten que aclarar o Partido Popular, e a resposta



claramente é que non. Só vostedes neste país están conformes, satisfeitos, felices e celebran o resultado desta política lingüística, contra toda a sociedade. Vostedes están satisfeitos.

Os resultados avalan a política lingüística da Xunta, efectivamente, dixo na súa comparecencia o secretario xeral de política lingüística. E, mire, están satisfeitos porque están a conseguir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIZAS ZAS: ...o obxectivo que perseguían: fomentar a progresiva ignorancia en galego das novas xeracións e avanzar no proceso de substitución lingüística. Obxectivo cumprido. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

A señora QUEIZAS ZAS: Non podo aceptar a emenda, porque é un insulto á intelixencia desta deputada e do Grupo Parlamentario do BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa, entendido, entendido.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Imos agora coa votación das mocións, unha vez que finalizou o debate.

Votación das mocións

Comezamos votando a moción... (Murmurios.) ¿Que pasou? Non sei que pasou. Non sei.

Estaba dicindo que votamos a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen Rodríguez Dacosta. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé. Non hai emendas. Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixa Zas. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular. Votamos.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular. Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións e continuamos co punto 4 da orde do día, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento e aprobación dun novo Plan sectorial eólico para Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas, e para a defensa desta proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Se me permite un recordatorio de que hai unha cafetería neste Parlamento, igual a xente que queira falar pode ir para alí. *(Risos.) (Aplausos.)*

Ben, no que vai de lexislatura, levamos dedicadas moitas intervencións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego á cuestión do modelo eólico, pedindo un cambio de modelo, un modelo que sexa planificado, xusto, galego e sostible. Argumentos e propostas, mentres o Partido Popular segue pechado na súa folla de ruta ao servizo das grandes empresas e dun modelo descontrolado e salvaxe, tal e como demostrou na tramitación da Lei de simplificación administrativa — ¡unha pena que marche agora o señor conselleiro, xa que estaba quedando aquí« — máis coñecida como «segunda



parte da lei de depredación». Hoxe poremos máis argumentos enriba da mesa, insistindo na necesidade dese cambio de modelo, pero a verdade é que hai un proverbio, que nós subscribimos, que é que unha imaxe vale máis que mil palabras, e por iso hoxe quero amosarlles ás súas señorías varias imaxes. (*A señora Presas amosa unha folla cunha imaxe.*) Esta é de abril, do Courel...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor, silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—Grazas, presidente—.

Como dicía, esta é do mes de abril, na zona do Courel, hai dúas semanas. Viamos imaxes coma esta, o pasado 16 de maio (*A señora Presas amosa unha folla cunha imaxe.*): máis de mil persoas percorrendo a serra da Groba, defendéndoa desa invasión eólica. Temos outra imaxe desta mesma fin de semana (*A señora Presas amosa unha folla cunha imaxe.*), do pasado sábado, unha marcha desde O Covelo, ao longo do Suído, onde tamén centos de persoas reclamaban o freo de ata 24 parques eólicos que ameazan este espazo que debera estar xa protexido.

Podería esgotar, en definitiva, os minutos da miña intervención amosando máis imaxes desta rebeldía popular que está atravesando todo o país, diante dun modelo eólico que está descontrolado e que é incompatible cos usos socioeconómicos das zonas, coa protección do medio, e tamén incompatible con retorno algún para o desenvolvemento socioeconómico dunhas poboacións ás que se lles furtan dereitos, a comezar pola propia participación.

Hoxe podería amosar aquí imaxes tamén da Estrada, de Lalín, doutros lugares de Ourense, de Lugo, porque hai un clamor que percorre o país, hai unha auténtica revolución expansiva que reclama da Xunta de Galiza, agora que as circunstancias sanitarias permiten esta xuntanzas de tantas persoas, unha corrección da súa política económica.

Pero quería sintetizalo en dúas imaxes, que poden permitir ás súas señorías, se se esforzan en atender un mínimo, e facer iso que se chama, ás veces, o de buscar as diferenzas, ou facer esa comparación entre dous modelos. Unha é unha imaxe do pasado domingo na Costa da Morte (*A señora Presas amosa unha folla cunha imaxe.*), tamén un acto reivindicativo nos Penedos de Traba e Pasarela, ameazados polo que, en realidade, é un macroproxecto dividido en tres por parte da empresa EDP: Monte Chan, Pena dos Mouros e Soesto, na Costa da Morte. Pero poderíamos ver tamén unha imaxe ben diferente do día de onte (*A señora Presas amosa unha folla cunha imaxe.*): aquí estaba o señor presidente da Xunta de Galiza, o señor Núñez Feijóo, reunido cun responsable desta mesma empresa. Eu non sei se foi o domingo polos Penedos —teño entendido que hai aquí algunha deputada que si que estaba—, que o señor presidente non se molestou en ir escoitar a veciñanza. En definitiva, estas dúas imaxes, a dos Penedos contraposta á do presidente da Xunta de Galiza sentado do lado do lobby eléctrico, pois resume bastante ben o que estamos a vivir. (*Aplausos.*) Dunha banda, a veciñanza en defensa dos seus intereses, e, doutra banda, o Goberno do Partido Popular de lado do oligopolio eléctrico, é aquilo de *dime con quen andas, e direiche quen es*. Un Goberno que prefere defender os intereses destas grandes empresas no lugar de apostar por un modelo eólico que sexa xusto, que sexa galego e que sexa sostible. (*Murmurios.*) Eu, de verdade, xa sei que ao Partido Popular non lle interesa que esteamos tratando en todos os plenos esta cuestión, pero podían ter un pouco de educación tamén, e deixar que os debates se desen-



volvan, ¿non? (*Aplausos.*) Eu non teño o ton de profe que ten a miña compañeira do debate anterior, pero a verdade é que están un pouco faltos de algo de educación, como no cole.

En fin, volvendo á cuestión, as imaxes que eu amosaba ao comezo da miña intervención, basicamente, veñen reflectir pois esa lei da selva na que nos quere instalar o Goberno do Partido Popular, nunha especie de *sálvese quen poida*, onde ao final é o pobo quen salva o pobo. Vimos unha das vitorias recentes tamén neste mes de maio, cando parece que, por fin, a veciñanza e os colectivos que defendían esa serra do Galiñeiro poden respirar en paz, e a quen tamén unha vez máis desde esta tribuna queremos parabenizar en nome do BNG. Pero, desde logo, este non é o modelo, o destino dun país e o seu desenvolvemento económico e enerxético non pode depender de que nun lugar poida haber unha resposta que faga reordenar e reconsiderar os proxectos que son lesivos. É, desde logo, unha lei da selva, e nós entendemos que hai que promulgar un cambio para que isto non teña que ser así, e que, desde logo, se recolla ese clamor social, un clamor social que se ve nestas mobilizacións pero que tamén se ve ao fío de múltiples acordos de múltiples institucións, concellos de todas as cores e de todos os tamaños.

Temos falado dalgúns deles xa desde esta tribuna, e eu quero recordar un dos exemplos máis recentes, o Concello de Lalín, que eu non sei se deste lado saben quen goberna no Concello de Lalín, se lles soa. Pois se lles soa deberan escoitar o que ten que dicir unanimemente esa corporación, tamén o Goberno do Partido Popular, contra un modelo eólico que, desde logo, non é acorde cos principios públicos de defensa dos intereses ambientais, sociais e económicos. Un clamor social que vemos tamén en recorrentes pronunciamentos de múltiples colectivos e organizacións de todo tipo, desde comunidades de montes, organizacións ecoloxistas, organizacións científicas de todo tipo. Sen máis, este mesmo luns viamos tamén como saía á luz ese manifesto en defensa do Macizo Central que desenvolveu Salvemos o Támega-ADEGA Monterrei en colaboración con Rubén Bermejo, guía de natureza, e con Xosé Romero, enxeñeiro técnico-agrícola, e que tamén pon enriba da mesa argumentos do punto de vista de diferentes ámbitos fronte a eses macroproxectos.

E, polo tanto, son cada vez máis evidencias —non chegaría o tempo desta intervención para poñelas enriba da mesa— de que non pode ser que todo o mundo estea equivocado e que o Consello da Xunta de Galiza sexa o que ten a omnipresenza da verdade e da certeza. E, polo tanto, cada vez é máis inevitable que teñan que asumir o seu erro, o seu fracaso, e que se teñan que sentar a pactar e a acordar un novo modelo de desenvolvemento. E diso queremos falar neste Pleno. No día de mañá o señor Bará Torres interpelará a conselleira de *demolición ambiental* do Goberno galego sobre a necesidade de incrementar a protección. (*Aplausos.*)

E eu hoxe quero centrarme nun cambio de modelo que temos desenvolvido na iniciativa a través de varios puntos pero que, sinteticamente, ten dous grandes lotes ou dous grandes ámbitos. Un é a necesidade —xa temos insistido noutros momentos— dun novo plan sectorial eólico e, outro, medidas que fagan que o desenvolvemento enerxético sexa unha panca de desenvolvemento económico para o noso país, que nos fai moita falta.

Entón, en primeiro lugar, a pregunta é ¿por que un novo plan sectorial eólico? E, para resumilo, eu quedo co que lle escoitaba tamén nunha entrevista no día de onte ao novo presidente de Adegas, que falaba de que o modelo de macroproxectos eólicos é unha desplanificación. E



a verdade é que non se me ocorre mellor definición que esa desplanificación, porque agora mesmo, efectivamente, estamos nesa lei da selva. Había un modelo que estaba obsoleto, de 1997, e o remendo posterior non se adapta ás novas tecnoloxías, ao desenvolvemento que tivo esta implantación eólica. Pero, desde logo, se iso xa era malo agora estamos nunha situación peor, porque despois desa *lei de depredación bis* xa literalmente practicamente todo o territorio do noso país é susceptible de implantación eólica.

E, ademais, o Consello da Xunta ten uns poderes que non se corresponden coa calidade democrática adecuada; empregaron a súa maioría absoluta para facer cambios no 2017 e no 2020 encamiñados a isto e, polo tanto, non atende á necesidade de planificación que debera. Polo tanto —insistimos—, é necesario que se senten a dialogar con todos os sectores afectados e que se faga unha nova ordenación eólica, que se habiliten máis zonas de exclusión para atender tamén a evolución que houbo nestes anos de conciencia respecto da biodiversidade, de cal ten que ser o noso papel na loita contra a emerxencia climática. E tamén, por outra banda, que se decida en que ámbito si se pode implantar, porque ao longo do territorio vemos múltiples exemplos da colisión mesmo cos usos socioeconómicos das zonas.

Por poñer un exemplo, hai unhas poucas semanas estabamos nunha visita do Bloque Nacionalista Galego no concello de Mazaricos, que é líder en desenvolvemento agrogandeiro, e un dos parques eólicos, nos que ademais a alcaldía está traballando man con man coa veciñanza para reorientar o proxecto, quere implantarse nunha zona que ata hai pouco tempo viviu un proceso de concentración parcelaria. Decátense vostedes do disparate. Eu non sei se son conscientes de canto tempo tarda de media neste país unha concentración parcelaria, que é unha media de 18 anos, e un investimento de bastantes miles de euros. Polo tanto, é o mundo ao revés: no lugar de aproveitar ese investimento público, ademais nun lugar que ten unha potencia inabordable no sector, pois, desde logo, a idea da Xunta de Galiza é que iso sexa tamén unha alfombra verde para a invasión eólica. Iso é un absoluto disparate.

Cada vez hai máis voces tamén do ámbito socioeconómico. Unha das últimas en saír publicamente era, precisamente, a Casa Grande de Xanceda, tamén da zona toda de Ordes, que está moi afectada por esta situación. Polo tanto, é evidente que están provocando vostedes algo moi grave, que é ese rexeitamento tamén ás enerxías renovables e que, polo tanto, é necesaria unha nova ordenación.

Pero desde o Bloque Nacionalista Galego insistimos tamén en que esa nova ordenación ten que facerse con base a un novo modelo económico, que non podemos seguir instalados neste disparate no que tamén onte viamos estes titulares de «los grupos extranjeros controlan la energía española con 100.000 millones». Isto é o que pasa a día de hoxe no mercado eléctrico estatal e o que sufrimos tamén no noso país, que é que, maioritariamente, a xeración enerxética, ese poder de xeración de riqueza económica está en mans de fondos voitre...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e de fondos estranxeiros. Polo tanto, a pregunta é: ¿quen limpa e quen recolle a desfeita desa festa? Que é o subtítulo desta noticia que eu lles lía ás súas señorías e dicía...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...«fondos y petroleras a por la fiesta española de las renovables».

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nós entendemos que, desde logo, non pode ser o noso país, estamos nun momento decisivo, temos que dar unha volta para un novo modelo dese desenvolvemento enerxético...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que non se repitan os erros...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede despois outro turno.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Eu pregaríalle, señor presidente, un pouco de flexibilidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Xa leva un minuto!

(A señora Presas Bergantiños palabras que non se perciben.)

Señora Presas, leva vostede un minuto. Interrompina un momentíño na súa intervención antes 10 segundos, xa pasa 1 minuto e ten outra intervención.

(A señora Presas Bergantiños palabras que non se perciben.)

Si, bueno, vostede mesma, joia!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Estamos no momento decisivo e desde o Bloque Nacionalista Galego apelamos a que se tomen en consideración estas medidas para un modelo enerxético que estea ao servizo do pobo e non ao servizo do lobby eléctrico. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.



Hai xente que deixa pegada cando pasa pola vida dun, e escoitar aquí, en sede parlamentaria, falar de Agustín Fernández Paz e de toda a súa calidade literaria, persoal e tamén ideolóxica é un gusto. E si, quería referirme e agradecerlle a Mercedes que fixera ese recordo agarimoso dunha persoa que tanto ela como eu coñecemos, queremos e que é unha desgraza que outros non poñan en valor todos eses coñecementos que nos deixou, esa influencia. ¡Que lástima que haxa partidos que non entendan a importancia do idioma galego! *(Aplausos.)* Grazas. *(Aplausos.)*

Señores do Partido Popular, pese a que debatemos —como dicía a voceira do BNG—, pleno tras pleno, sobre esta cuestión, pese a que as mobilizacións medran cada día por todo o territorio galego, dende o norte ata o sur, dende Ourense ata A Coruña; pese a que cada día son máis os alcaldes do Partido Popular, e tamén os voceiros do seu partido na oposición, os que lles piden cambios, señorías do Partido Popular, seguimos sen facerlles ver a necesidade de abrir un debate profundo e consensuar cambios regulatorios para intentar corrixir as eivas que existen no proceso de implantación da enerxía eólica en Galicia.

Dende o noso grupo volvemos pedirllas que abran ese melón, que non queden de brazos cruzados, que fagan algo por contrarrestar o malestar dunha cidadanía que sente que se están a tomar decisións de costas aos seus intereses, cando o lóxico sería que, cunha boa planificación e traballando dende a Administración autonómica con participación e transparencia, este proceso de implantación de enerxías renovables fose moi ben recibido pola cidadanía. Na súa man está cambiar esa percepción que teñen cada día máis galegos e galegas de que o Goberno da Xunta de Galicia e o Partido Popular traballan para beneficiar os intereses das grandes compañías enerxéticas deste país e de fóra.

Miren, dende o Partido Socialista somos firmes defensores da implantación de enerxías renovables e a loita contra o cambio climático. Créanme, non estamos neses que se poñen en contra de calquera iniciativa de implantación da enerxía eólica que xorde no noso país. Non somos dos que forman unha plataforma para estar en contra sen analizar antes o que supón a implantación de cada parque eólico por todo o noso territorio. Dende o Partido Socialista analizamos caso a caso e tendo en conta que é necesaria a implantación de enerxías renovables, pero isto debe facerse respectando o territorio, a calidade de vida dos cidadáns do noso campo, a viabilidade das explotacións agrarias, tan importantes para o desenvolvemento do medio rural, o respecto ao noso patrimonio cultural, ao noso medio ambiente e á nosa paisaxe.

O sector eólico é importante para Galicia, pois representaba no 2012 unha contribución total ao PIB galego de 581 millóns de euros, o que equivale case ao 1 % do PIB galego dese ano. E un número de postos de traballo asociados, de maneira directa e indirecta, próximo aos 7.000 traballadores nese 2019. Así mesmo, a través de tributacións fiscais autonómicas e locais —como o canon eólico, o ICI, o IBI, o IAE e demais— o sector eólico achegou á economía galega no 2019 aproximadamente uns 60 millóns de euros. Doutra banda, os gravames aos que se atopa sometido este sector teñen un impacto a nivel estatal de preto tamén de 58 millóns de euros ao ano, no mesmo ano 2019. Estes datos dan tamén información da importancia do sector para Galicia e para a súa cidadanía.

Doutra banda, a enerxía eólica xerada en Galicia en substitución de enerxías convencionais ten un impacto global na loita contra o cambio climático permitindo reducir as emisións de



gases de efecto invernadoiro á atmosfera e contribuíndo a alcanzar os compromisos de sustentabilidade establecidos pola Unión Europea e reflectidos a nivel estatal no Plan nacional integrado de enerxía e clima.

A enerxía eólica xerada en Galicia permitiu evitar a emisión de 33 millóns de toneladas de CO₂ entre o 2015 e o 2019, alcanzando os 54 millóns en 2019. En termos económicos, as emisións evitadas en 2019 tradúcense nun aforro de 153,7 millóns de euros en dereitos de emisión de CO₂. Dito isto, entendemos que Galicia xa ten unha forte implantación de enerxía eólica, moita máis que a maioría das autonomías do noso país, e que, polo tanto, todo proxecto de enerxía eólica que chegue a Galicia debería de ser analizado con moito sentidinho. Señores do Partido Popular, está na súa man facelo dun xeito planificado en comuña co noso rural, cos concellos e comunidades rurais; ou seguir vendo como día tras día aparecen novos colectivos e alcaldes que falan de que non coñecen o que está a suceder no seu territorio.

Abran un proceso de negociación para chegar a un novo plan sectorial eólico, que o antigo xa data do ano 1997 e que nin ten sequera foi sometido a un estudo de avaliación ambiental estratéxica. Debemos de estudar en conxunto a situación de Galicia, onde deben situarse as ampliacións do sector eólico; cales son as zonas que debemos de preservar do impacto destes parques; ata que límites debemos ter nesa implantación; e, por suposto, que regulación debemos poñer enriba da mesa ante unhas infraestruturas que mudaron moito dende o inicio da instalación de parques eólicos nos anos 90. Nada teñen que ver os muíños daquela, de 50 metros, que se situaban en Galicia nos anos 90 cos actuais, que poden chegar ata 200 metros de altura.

Señores do Partido Popular, podemos e debemos facer cambios. Está ben que vostedes o fixeran para facilitar a implantación da enerxía eólica, pero poderían tamén abrir os cambios para protexer a cidadanía. Fíxense, vostedes modifican a lexislación hai ben pouco e fixeron posible que se implante enerxía eólica fóra das áreas de desenvolvemento eólico. Curiosamente, dixeron que isto non sería posible para os proxectos que autoriza o Estado e si para os que avalían vostedes. Cousas moi estrañas, señores do Partido Popular. Tamén permitiron que o servizo de inspección ambiental o poidan desenrolar empresas privadas, pero son incapaces de modificar esa planificación para aumentar a distancia mínima á que se teñen que situar os muíños das vivendas.

Deberan estudar o que se está a facer coa implantación de grandes superficies poligonais de afectación polos parques eólicos, que está a xerar cargas en moitas propiedades da cidadanía, que non recibe nada pola dita afectación; pero, iso si, ten limitadas as súas posibilidades e diminuído o valor das súas propiedades. Deberan protexer as zonas de ampliación da Rede Natura —que, por certo, quero agradecerlles dende aquí que admitiran o outro día en comisión que debe finalizarse esta ampliación, como pedía o noso grupo; non foi sen tempo e veremos a ver o que fan— proxectada polo Goberno de Touriño e bloqueada nos últimos 10 anos, xa hai unha década, e a través dun anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, publicado no DOG de decembro de 2011. A Xunta anunciaba a súa ampliación inmediata e pasaron 10 anos tirados á bartola, o que era urxente no 2011 e imprescindible neste 2021. (*Aplausos.*) Actualmente, Galicia está á cola de España na superficie incluída nesta rede, que non chega ao 12 %, o que supón menos da metade da media estatal, que está no entorno do 27 %.



Por outra banda, as valiosas zonas húmidas de Galicia, incluídas as turbeiras presentes en moitos lugares onde está previsto instalar parques eólicos, apenas están a ser contempladas nos estudos de impacto ambiental, dado que, coa excepción das cinco zonas húmidas protexidas de Galicia, nin sequera están incluídas no inventario de zonas húmidas previsto pola propia normativa autonómica dende hai máis dunha década e que nunca foi realizado. O curioso é ver a contestación que lles dan a aqueles, como os membros de Quijote de Outes, que queren defender os nosos humidais. Segundo o decretado pola Xunta, a creación do inventario de humidais en Galicia supón para a nosa comunidade autónoma dotarse dunha ferramenta importantísima para coñecer e subministrar información sobre o número, extensión e estado de conservación dos humidais existentes en Galicia. E que, de acordo co Decreto de xuño de 2008, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, incluíranse de forma sistemática os humidais da comunidade autónoma, configurándose como un rexistro administrativo de carácter público no que se inscribirán os humidais de Galicia, inscrición que será considerada como requisito previo e necesario para a declaración de humidal baixo a categoría de humidal protexido. E as persoas interesadas poderán instar a consellería competente en materia de medio ambiente para que declare un determinado espazo natural como un humidal protexido.

Na exposición de motivos deste decreto tamén consta que outorgarán cobertura normativa ao inventario de clasificación de humidais galegos por resultar un instrumento imprescindible ao servizo e conservación destes ecosistemas, no tocante a proporcionar información sobre o número, extensión e estado de conservación dos humidais de Galicia. Ademais, será empregado, á súa vez, para facilitarlle ao Ministerio de Medio Ambiente a información referida aos humidais de Galicia de cara á elaboración do inventario español de zonas húmidas e manter actualizado o catálogo estatal.

Pois resulta que a resposta da Xunta de Galicia a este colectivo do que falaba antes, cando quería introducir novos humidais, é que se considera este rexistro a nivel estatístico, e non implica a súa protección, cando o colectivo o único que desexa é protexer as brañas e turbeiras de Banzas, un tipo de humidal que xa recibe un grao de protección importante segundo a directiva da Comisión Económica Europea e pola directiva marco da auga. Estes humidais son moi importantes, ademais, para combater o cambio climático por ser acumuladores naturais de CO₂.

Outra das cuestións que deberan abrir para facer cambios son as cuestións que teñen que ver coa participación e asesoramento que reciben os propietarios dos terreos afectados pola implantación eólica. A busca de maiores equilibrios nas negociacións e coa implantación de enerxía eólica deixa unha maior carga impositiva nas comunidades rurais e concellos, e tamén que exista unha maior transparencia na xestión destes proxectos.

Hoxe o BNG presenta esta proposición e volvemos a pedirles que aproveiten para facer cambios que apoiem o noso rural, que democratizen o sistema eólico, que estableza equilibrios entre propietarios e promotores eólicos e, por suposto, que no poñan en risco a nosa riqueza natural e as nosas actividades primarias do noso territorio. Creo que non é moito pedir e que o Partido Popular podía estar disposto a abrir ese melón.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas, señorías.

Señoras Presas, supoño que no seu álbum de fotos que mostrou aquí non gardaría esta foto, ¿verdade? *(A señora Nóvoa Iglesias amosa unha foto.): Quintana justifica su foto en un yate porque habla con quien se lo pide. ¿Sabe quen era o do iate? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O do iate era un construtor do sector eólico ao que se lle adjudicou un proxecto despois desta reunión, señoría. Esa é a realidade. Esa foto resulta que a esqueceu para o seu álbum. *(Aplausos.)*

Miren, parten de falsidades, señorías. Unha vez máis, tras un debate sobre o sector eólico, cunha demagogia absoluta, parten de tres premisas falsas: dun desenvolvemento eólico desordenado, unha modificación dun plan sectorial eólico e, en segundo lugar, falta de garantías medioambientais e participación social, e falta de rendibilidade do sector para os propietarios ou concellos, ou a crítica do canon eólico ao fondo de compensación ambiental. A continuación vou debullar polo miúdo cada un destes tres grandes bloques.

Señoría, continúan a dicir que non temos un plan sectorial ordenado, ou que non está actualizado, e non é así. Precisamente, o plan sectorial do que dispón Galicia permite que se saiba con anterioridade onde se pode ou non se pode colocar un aeroxerador. E inclúe, por suposto, todo o territorio protexido de Rede Natura.

Resulta sorprendente que... a min gustárame que me dixeran canto é o rango de caducidade, que é que para vostedes o Plan sectorial eólico que leva caducado. Porque no ano 2008, cando o seu concurso, vostedes tiñan este mesmo plan sectorial eólico. ¡Oian!, ¿canto é o rango de caducidade?, ¿a partir de que ano? Dende cando non gobernan. Esa é a data.

Miren, ¿daquela eran depredadores con este plan sectorial eólico? ¿Ou é que daquela estas áreas para vostedes non eran medioambientalmente importantes? Señoría, un pouco de rigor.

Mire, é moi difícil falar en serio con vostedes cando fan pancartas coas provincias cheas de proxectos eólicos, que non se sabe, señoría, se se van aprobar, se van ir aí ou non. Que hai que tramitar, señoría, que vostede pide constantemente que se incumpra a lei. Porque pide que se paralicen proxectos sen tramitalos e iso é ilegal, señora Presas. Estamos obrigados a tramitar todos os proxectos, non se poden rexeitar porque vostede o di. Por adiantado, vostedes supoñen xa que todos eses proxectos van ter licenza, cando non é así. Eses proxectos vanse avaliar e uns conseguirán licenza e outros non, señoría. Entón, parten de falsidades.

E, como dicía, tanto a Xunta de Galicia como o Goberno do Estado están obrigados a tramitar todos os proxectos eólicos. O Estado, os de máis de 50 megavatios e a Xunta de Galicia, os de menos de 50 megavatios.



Por certo, vostede mostra moita vehemencia cos proxectos da Xunta pero non fala aquí dos megaproxectos do Estado, que vostede, señoría, obvia e di que, por outro lado, xa adiantou o vicepresidente segundo de que se van informar desfavorablemente, porque, precisamente, están fóra da área sectorial, do Plan sectorial eólico, señoría. Por iso se van informar desfavorablemente, porque temos un Plan sectorial eólico no que se teñen que implantar os proxectos e non fóra deste plan sectorial, nos que só se permite a implantación de iniciativas tractoras. Vostede empeza a dicir aquí un *totum revolutum*, que aprobamos unha lei depredadora... Que, por certo, agora lle vou dicir, non sei, creo que debería saír un pouco máis de Galicia, aínda que sexa virtualmente; eu xa non lle pido que colla o coche e saia de Galicia —ou outro medio de transporte—, que sexa virtualmente, dea unha volta e vexa noutras comunidades a media de anos que teñen os plans sectoriais eólicos e tamén as leis e a axilización administrativa que están aprobando todas as comunidades: similares á nosa, señoría; para axilizar, diminuír burocracia de todos estes proxectos, non só eólicos e doutras enerxías renovables.

Aquí aprobouse unha lei, señoría, que non aproba parques eólicos en toda Galicia, como di vostede, ¡mentira!, dentro do Plan sectorial eólico e fóra só de iniciativas tractoras que vaian vinculadas ao emprego. Cousa que vostede pide nesta iniciativa, e cousa da que vostede votou en contra, porque votaron en contra da Lei de reactivación hai uns meses neste Parlamento, señoría. Esa é a realidade.

E vostede di aquí que somos líderes en enerxía renovable e que, como xa somos líderes en enerxía renovable, ¡joia!, pois deixamos de instalar enerxía. ¡Pero como se pode ter tan pouco rigor! ¿Sabe canta enerxía primaria fósil importa Galicia? Diminuímos, é verdade que disminuímos, dende... mire, dun 75 % a un 71 %, que disminuímos en Galicia, pero aíndaseguimos importando, señoría. O Plan de enerxía e clima di que no ano 2030 —de enerxía e clima e os obxectivos europeos—, que no ano 2030 temos que importar só un 60 % de enerxía primaria de orixe fósil, señoría. Pecharon as térmicas porque aquí por adiantado tiveron que pechar, pero seguimos importando gas natural, señoría. Entón, si que temos que instalar máis enerxía renovable e non, como di vostede, deixar de instalar porque, como xa somos unha potencia, pois deixar de instalar.

Mire, en segundo lugar, fala de falta de garantía medioambiental e de transparencia na súa tramitación. Miren, a lexislación que temos en España —xa llo explicamos moitas veces neste Parlamento— é moi garantista e traspón unha directiva comunitaria, e hai unha lei básica estatal, que é a de avaliación ambiental 22/2013, que é a que se aplica en Galicia e no resto de España. Por tanto, son as regras que se seguen aplicando, que eran e que seguirán sendo as mesmas e non cambiaron porque se aprobara ningunha lei neste Parlamento, señora Presas.

Mire, a realidade é que este goberno non puxo en funcionamento ningún parque eólico en Rede Natura, só tres repotenciacións, só tres repotenciacións, mentres que vostedes, señoría, pois non é así, puxeron seis proxectos no seu goberno, durante o bipartito, en Rede Natura. ¿E sabe a quen lles autorizaron eses proxectos? ¿A ver se lle soa? A Energy Power, a Acciona Eólica... ¡Ai!, ¡todas pequenas empresas, señoría, todas son pequenas empresas e ningunha empresa do oligopolio!



Mire, é que é tal a demagogia de cando gobernan, de cando tiveron a oportunidade de gobernar —que só foron 4 anos— a cando están na oposición, señoría, que falta ao respecto, falta á intelixencia, como dicía antes unha compañeira súa. (*Aplausos.*)

Miren, a verdade é que veñen presumir de pasado medioambiental, cando non aprobaron ningunha ampliación da Rede Natura nin... Deixaron proxectada unha ampliación, dixo aquí o señor Seco. Moi ben, todo o deixaron proxectado. Resulta que naquel goberno todo o proxectaron, pero non conseguiron facer nada, esa é a realidade; esa é a realidade, señorías.

Miren, a verdade é que, cando fala de propaganda, tamén lles gustaba moito facerse fotos inaugurando parques, sobre todo os parques que quedaron proxectados no Goberno do señor Fraga. Si, iso tamén lles gustaba moito, facerse fotos con esas inauguración.

Mire, en canto á participación social, o mesmo, na Lei ambiental 21/2013 xa está a participación social e a participación pública e demais, como vostede dicía aquí, que non ten información. Xa llo explicou aquí o conselleiro varias veces, o vicepresidente segundo, que se lles vai dar información por adiantado aos concellos, porque son a administración máis cercana, pero esa información leva estado á disposición tanto na Xefatura Territorial como nas páxinas web como na propia Xunta de Galicia.

Miren, sobre a falta de rendibilidade do sector, que é algo que din constantemente, ou a falta de acordo tamén, que están en contra todos os propietarios, que non hai acordo... Xa llo dixo o vicepresidente varias veces, xa llo dixemos aquí. Hai acordo na maioría dos proxectos, ata un 85 % nos do pasado 2019. A realidade é que vostedes queren desmerecer aquí un sector que achega, como ben dicía o señor Seco, case o 1 % do PIB, case 7.000 empregos entre directos e indirectos, e a vostedes iso non lles importa. Agradezo que agora volvan valorar o canon eólico, contra o que estiveron absolutamente en contra, agora eu agradézo, pero o que non poden plantexar é que poñamos un canon eólico pola potencia. Señora Presas, vostede, que se encargou de criticar o suplemento territorial constantemente, sabe que, se gravamos por potencia, de facto suporá un suplemento. Non faga así, porque esa é a realidade.

O canon eólico grava o impacto ao medio ambiente visual do aeroxerador, non a potencia, a potencia é enerxía eléctrica, señoría, e por iso as empresas poderían cobrarnos de facto xa un suplemento. Iso creo que vostede non o quere nin nós tampouco, por iso non se modifica.

O canon eólico está así en Galicia e nas dúas Castelas, señoría, e así vai continuar. Leva achegado a 250 millóns de euros, que, dende logo, non son para desprezar, señoría. Como ben dixo aquí o señor Seco, ademais do canon eólico estas empresas pagan impostos aos concellos: no ano 2019, 37,6 millóns de euros e ao Estado, 57,6 millóns de euros vía impostos. En canto ás rendas aos propietarios, 11 millóns de euros, señoría, en 2018 —un dato do Observatorio eólico de Galicia—, tampouco é para que vostedes non o queiran crer, porque é do Observatorio.

E, insisto, a maioría os proxectos eólicos son compatibles coa agricultura tradicional e coa gandaría tradicional, son compatibles. Si, por máis que vostedes se empeñan, si que son compatibles, señorías.



Vostedes veñen con receitas do pasado, pois a participación pública, que tería sido un fracaso se aquel concurso seguira adiante, porque se pararon... (*Murmurios.*) se pararon, se pararon os proxectos eólicos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Parece que a educación que tanto pedía a señora Queixas non se cumpre tampouco dese lado.

Miren, as súas receitas son moi vellas, señorías, e son do pasado, son actualmente do pasado; critican aquí o plan sectorial pero a tarifa galega si que é do século pasado, señoría, e vostedes é o que piden, unha empresa pública, a tarifa galega e a participación pública, que tería sido unha verdadeira ruína para Galicia.

Miren, en canto ao señor Seco e a postura do PSOE, que fixo un discurso que ben poderíamos... eu podería compartir, señor Seco, todo o que vostede dixo aquí, o que non comparto é que vostede se escore totalmente ao nacionalismo. ¡Por favor!, é que dentro de pouco quedarán reducidos á mínima expresión, señor Seco, de tanto querer parecerse aos nacionalistas.

Miren, en conclusión, non imos aprobar esta iniciativa cargada de demagogia e...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...que se posiciona en contra do sector eólico, señorías. Cremos nun sector eólico compatible co medio ambiente e co medio rural e que sexa a panca do medio rural.

E hoxe hai moitos proxectos presentados, señoría, pero vostede e mais eu sabemos que non van saír todos adiante...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Non se pode ir por aí dicindo que todos os proxectos van saír adiante, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) os que teñan garantía medio ambiental...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...e cumpran a lei sairán, señoría, e os que non a cumpran non sairán. Fixeron o mesmo con outras iniciativas e así lles foi...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...ao final non tiveron razón, señoría. Son técnicos os que valoran os proxectos e non vostede nin eu.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.



A señora NÓVOA IGLESIAS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, se quere que falemos de iates, falamos de iates. *(Aplausos.)* Eu non teño ningún problema porque aínda a día de hoxe ao vicepresidente da Xunta que tanto lle gusta nomear e que desde o Bloque Nacionalista Galego nos sentimos orgullosos do que fixo o seu traballo, non se lle viu nun iate cun narcotraficante recoñecido e condenado, señora Nóvoa. *(Aplausos.)* E se quere falar de pactos coas eléctricas neste país, podemos falar do abrazo de Iberdrola, podemos falar da señora Bea Mato, detalladamente, cando vostede queira. En fin, para demagogia a súa.

Varias cuestións que saíron aquí enriba da mesa. Sobre a caducidade, ¡home!, señora Nóvoa, pois porque evidentemente en 2008 un aeroxerador, —e sábeo vostede mellor ca min que ten capacitación técnica— medía, aproximadamente, de diámetro a metade do que miden hoxe. Houbo unha evolución na tecnoloxía, houbo unha evolución tamén, afortunadamente, nestes últimos na conciencia da biodiversidade e das medidas que deben tomar os gobernos para a defensa e a loita contra a crise climática. E que hai doce anos, quince anos, neste país non se falaba de seca, de problemas de acceso en Galicia á auga coa profundidade coa que falamos hoxe, señora Nóvoa. Entón, cuestións como a afectación aos recursos hídricos a día de hoxe necesitan unha revisión. E se quere comparamos con normativas de fóra de Galicia, efectivamente. Falemos, por exemplo, das distancias aos núcleos de poboación, falemos de como están baixando dos montes, cara ás zonas máis próximas á poboación e iso ten, efectivamente, usos incompatibles con outros usos socioeconómicos etc.

E en canto ás falsidades, vostede, claro, estaba de cotilleo e entón non atendeu, non escoitou como eu facía referencia, por exemplo, ao parque eólico de tramitación estatal de Rebordecho. Claro, a cuestión é que vostedes o que fan é mera política cosmética para autoesculparse diante da sociedade, para aparentar, en plan... non, non estes do Estado ímolos informar negativamente, que, ademais, tecnicamente non é así a cuestión. Pero logo vemos cousas como onte, onte a conselleira de *demolición medioambiental* de paseo polo Invernadoiro, ¿e non teñen vostedes nada que dicir dos proxectos como Seca, Castrelo do Val, Fial das Corzas, que é a contorna do Invernadoiro, que deberan estar protexidos? E que si que son vostedes uns especialistas na demagogia. Efectivamente, señora Nóvoa, son uns especialistas, e xa non o digo eu, é que xa o di a Xustiza, e que temos que volver recordar Sasdónigas, Oribio, etc... esa óptica produtivista da Xunta de Galiza, señora Nóvoa.

Tampouco falei, pero vouno facer agora, de que, efectivamente, somos excedentarios. ¡Home claro que importamos enerxías fósiles! Eu non sei se vostede ten unha captación de petróleo en San Cibrao; desde logo, se o ten fágao público, porque igual aí tiñamos unha vía de riqueza, pero, desde logo, efectivamente, de momento temos que ter esa importación de determinadas enerxías fósiles. Pero falando de xeración eléctrica e falando tamén de xeración renovable, sabe vostede que acabamos de bater un récord de xeración de enerxía eólica.



Polo tanto, a cuestión é que temos tempo para facer unha planificación. Este grupo non está dicindo, non está poñendo unha iniciativa para que non haxa que tramitar un só parque eólico máis neste país, non está dicindo que non haxa que apostar polas fontes renovables. O que está dicindo é que así non, que se necesita unha ordenación e que se necesita un cambio de modelo, je claro que hai que apostar pola participación pública!, porque foi un erro! Eu alégrome de que agora recoñeza que o canon eólico é o imposto medioambiental e que o canon eólico, efectivamente, tivemos que pagalo os galegos e as galegas na nosa factura grazas a unha decisión do señor Rajoy. Pero benvinda a corrección agora que xa o acabamos de pagar na nosa factura. Pero con participación pública, que tampouco é o asalto ao pazo de inverno. Participación pública no sector tena Estados Unidos, que é o paradigma do capitalismo. Pero, claro, a cuestión é que un modelo que aposte pola participación pública daríanos parte deses beneficios dunha forma directa. E nós tamén apostamos por que, efectivamente, a Administración teña capacidade de control do sector. É que hoxe en día todos os conflitos industriais que temos no noso país, das Pontes a Siemens-Gamesa, maioritariamente teñen que ver coa desregulación do sector eléctrico, e coa entrega a mans privadas. A Alcoa tamén, sábeo vostede perfectamente. Polo tanto, claro que hai que apostar por un control público, e claro que hai que apostar pola reindustrialización.

E si que fai demagogia vostede, porque vostedes tiraron polo chan unha normativa que si vinculaba os proxectos eólicos a plans de desenvolvemento industrial e deixaron de facelo, e agora o que fan é vincular proxectos de interese estratéxico a que a Xunta de Galicia decida absolutamente todo, en cada cambio lexislativo rebaixan os condicionamentos. De 2015 a 2017 rebaixaron número de empregos exixidos, número de investimentos de millóns exixidos, nesta última lei —non torza a cabeza— volvérono rebaixar. E atribúense uns poderes que non deberan corresponder ao Consello da Xunta de forma pouco transparente e pouco garantista. Esa é a cuestión, porque, a día de hoxe, da riqueza que gañan as arcas destas empresas quedan uns céntimos de esmola deste país, e nós defendemos un modelo enerxético ao servizo deste país, non de esmola, porque é a nosa riqueza, son os nosos recursos medioambientais e, desde logo, iso tiña que ter un retorno en materia de desenvolvemento socioeconómico,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que a día de hoxe non hai, nin para propietarios, nin para concellos, nin para a Xunta de Galiza nin para o conxunto dos cidadáns.

Polo tanto, non traemos demagogia, senón que o que traemos son propostas claras e concisas, como ese novo plan sectorial eólico, como unha nova planificación, para que haxa un retorno económico, medidas como as que se citaban anteriormente, que na miña primeira quenda non tiven tempo, como un modelo de contrato tipo, como programas de investigación e xeración en valor engadido...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moias grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... e un longo etcétera. Porque é posible outro modelo. E o problema non é a enerxía eólica, o problema é a enerxía eólica en mans do Goberno do Partido Popular.



Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e catro deputados/as máis, sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal

A esta proposición non de lei, presentouse unha emenda, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar un acordo co Goberno do Estado para a reactivación económica, demográfica e para a reindustrialización das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, que incorpore, entre outras, as seguintes medidas:

1. Relacionadas co sector naval:

1.1. Solicitar a entrada da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia, tal como se contempla no Estatuto de Autonomía de Galiza e na Lei de fomento do sector naval de Galiza.

1.2. Constitución dun Centro tecnolóxico do sector naval

1.3. Constituír unha mesa de traballo conxuntamente co goberno do estado español, e as federacións sindicais con representación no sector, para a elaboración e posta en marcha dun plan para a diversificación e recuperación de actividades no centro de Navantia ría de Ferrol, no que se inclúan os seguintes aspectos: recuperar a construción naval civil en Fene, garantir que os proxectos de eólica mariña flotante nos que participe Navantia se realizarán no centro de Fene, introducir a Fábrica de Turbinas no sector das tecnoloxías para a descarbonización da mobilidade marítima, construción de novas infraestruturas para obra nova e reparacións: talleres, diques, elementos de elevación, etc. elaboración e posta en marcha dun plan para a diversificación e recuperación de actividades no centro de Navantia ría de Ferrol, no que se inclúan os seguintes aspectos: recuperar a construción naval civil en Fene, garantir que os proxectos de eólica mariña flotante nos que participe Navantia se realizarán no centro de Fene, introducir a Fábrica de Turbinas no sector das tecnoloxías para a descarbonización da mobilidade marítima, construción de novas infraestruturas para obra nova e reparacións: talleres, diques, elementos de elevación, etc.



1.4. A adxudicación e execución inmediata dos traballos de transformación do buque GALICIA, do ministerio de defensa, a Navantia ría de Ferrol. 1.4. A adxudicación e execución inmediata dos traballos de transformación do buque GALICIA, do ministerio de defensa, a Navantia ría de Ferrol.

2. Relacionadas co sector enerxético:

2.1. Constitución dunha empresa pública que concentre os activos enerxéticos públicos, tanto hidrolóxicos como eólicos, etc.

2.2. Aprobación dunha tarifa eléctrica galega que sirva de vantaxe competitiva para o tecido industrial galego.

2.3. Impulso e financiamento de proxectos industriais relacionados coa enerxía na Vila das Pontes, entre os que figure a constitución dun Centro para o I+D+i para o almacenamento de enerxía nas Pontes.

3. Relacionadas coa ría de Ferrol:

3.1. Constitución dun mando único para a rexeneración da ría de Ferrol, sobre todo para os efectos de coordinación entre todas as administracións con competencias na ría, e para interlocución co sector marisqueiro.

3.2. Compromiso para iniciar antes do 30 de xuño o Estudo integral da situación da ría. 3.2. Compromiso para iniciar antes do 30 de xuño o Estudo integral da situación da ría.

4. Relacionadas co Parque Natural das Fragas do Eume:

4.1. Impulso do proceso para a elaboración negociada do Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) do Parque Natural das Fragas do Eume. 4.1. Impulso do proceso para a elaboración negociada do Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) do Parque Natural das Fragas do Eume.

4.2. Dotación económica para promover alternativas económicas, e cambios de uso para aquelas actividades restrinxidas ou limitadas que resultaran incompatibles cos obxectivos de protección do Parque.

5. Relacionadas co patrimonio natural, paisaxístico, histórico, arqueolóxico, etnográfico e artístico:

5.1. Lanzar un plan para a recuperación, restauración e posta en valor do patrimonio das comarcas.

5.2. Aproveitar esta riqueza patrimonial para diversificar a oferta turística.

6. Relacionadas coa industria vinculada aos recursos agrogandeiros e forestais:

6.1. Diversificación do monte e recuperación de terras agrarias.

6.2. Promoción dos cultivos ecolóxicos.

6.3. Peche de ciclos da industrial.



6.4. *Promoción de circuítos de proximidade.*

7. *Plan de recuperación e restauración da vivenda construída.*

8. *Mellora infraestruturas novas tecnoloxías.>>*

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá leván véndose afectadas pola perda de tecido produtivo desde a reconversión industrial dos anos 80. E isto foi da man da perda de poboación, con aproximadamente 26.000 persoas menos na cidade de Ferrol nas últimas catro décadas.

Non hai mellor indicador da vitalidade dunha cidade que a súa poboación, porque as cidades con economías puxantes gañan poboación, mentres que as cidades con economías en declive pérdena. E Ferrol acadou a súa poboación máxima en 1981, con 91.764 habitantes. En 1990 tiña 86.00 e en 2000 tiña 81.000; en 2010, 73.000; en 2020 65.560. Polo tanto, nestes 40 anos de autonomía, dos cales non esquezamos que o PP gobernou 34 anos en Galicia, o declive da poboación de Ferrol foi constante, parello co da súa economía. E cos gobernos do señor Feijóo, entre os anos 2009 e 2020, Ferrol perdeu 8.713 habitantes, é dicir, a perda de poboación máis acelerada tivo lugar precisamente durante os gobernos do señor Feijóo, que en 2009 adquiriu 13 compromisos con Ferrol dos que once anos despois poderíamos dicir que cumpriu aproximadamente dous e medio. Un montón de promesas incumpridas para Ferrolterra, nada do centro naval de reparacións, nada de impulsar o polígono de Leixa e o chan industrial, nada da vía de alta capacidade entre Ferrol e A Mariña; saneamento da ría tan incompleto que hoxe hai 500 mariscadores menos que cando chegou o señor Feijóo. Recuperación do castelo de San Felipe e conversión nun centro de talasoterapia: un chiste. Muelle transatlántico: outro chiste. Rehabilitar a cidade vella: outro chiste. Centro de promoción turística comarcal: nada. Aposta polo campus de Ferrol: inexistente; e polos centros de saúde prometidos: nada de nada. Ese é o nivel de compromiso con Ferrolterra do señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Por certo, cada catro anos repite exactamente as mesmas promesas, vai repetíndoas cada catro anos. E, antes da pandemia, a decisión da empresa Endesa de pechar a central térmica das Pontes, debida ao enorme incremento do custo dos dereitos de emisión de CO₂ no mercado europeo —unha decisión que está pendente aínda das probas para substituír o carbón por outros combustibles— xa implicaba un problema para a economía da zona, agravado polos peches ou problemas de moitas outras empresas de menor tamaño como Poligal e un longo etcétera. Pero a crise económica asociada aos efectos desta pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a guerra civil, implica unha nova volta de tuerca ás dificultades empresariais da zona, que vai xerar con total probabilidade un significativo incremento do desemprego que se está a materializar xa atenuado aínda polos ERTE.

Como exemplo, o anuncio do peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, que pretende deslocalizarse a Portugal, como fixeron centos de empresas de toda Galicia na última década, e



unha situación que, a pesar da pasividade da Xunta, se vía vir desde hai anos, porque a empresa non acometía os investimentos necesarios para adaptar a súa produción.

Por certo, ¿saben cantas empresas se deslocalizaron a Portugal durante o mandato do señor Feijóo e antes da chegada de Pedro Sánchez ao Goberno? Pois 300 no ano 2017, e falo de empresas galegas deslocalizadas, segundo un estudo do Club Financeiro de Ourense. A principios de 2018 outra información falaba de 500 empresas galegas que mantiñan a súa sede en Galicia pero elixían o norte de Portugal para crecer. E hoxe, en 2021, son aínda máis que en 2017. E en 2017 recoñecían vostedes que estaban preocupados —concretamente, o señor Rueda— pero non fixeron nada desde entón, ata que en 2018 descubriron que a culpa era do Goberno central, é dicir, as empresas fuxían a Portugal porque sabían que en 2018 chegaría un goberno progresista ao Estado. *(Aplausos.)*

E podemos botarlle a culpa de todo ao Goberno central, en Galicia ou en Ferrol, pero saben vostedes que menten coma vellacos cada vez que o din. En todo caso, máis que a evasión de responsabilidades que a vostedes os ocupa —o que a nós nos preocupa— é a situación de Ferrolterra. E a folga xeral que tivo lugar hai pouco tempo é un exemplo da máxima preocupación da comarca pola situación económica e industrial, agravada polos problemas do naval á espera do comezo da fabricación das fragatas F-110, comprometida polo Goberno progresista e que, con 4.317 millóns de euros, vai implicar a maior inversión industrial da historia de Galicia, pero que ten uns períodos de desenvolvemento que non resolven a situación actual.

E todos sabemos que a situación do sector naval é extremadamente complicada por motivos perfectamente alleos a calquera goberno, que, sendo xa moi complicada antes da pandemia, despois da pandemia é moito máis complicada aínda pola caída do transporte marítimo de mercadorías e pasaxe e pola incerteza económica, e polas dificultades orzamentarias dos gobernos para encargar buques militares, porque agora —sabemos— as prioridades son outras ben distintas dos buques militares, todo o cal fai que se reduzan drasticamente os pedidos tanto na construción civil como na militar.

Por outra banda, cando cambiou o Goberno do Estado en 2018, Navantia estaba nunha situación de causa de disolución, é dicir, tecnicamente quebrada. Unha empresa pública quebrada á que, ano tras ano, o Estado lle inxectaba capital, 200 millóns de euros cada ano. E precisamente en 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia, con 297 millóns de euros. Unha empresa quebrada e coas maiores perdas da historia, iso foi o que deixou o goberno Rajoy en Ferrol, e vostedes aplaudían, por certo, coas orellas.

E en decembro de 2018, para actuar fronte esta situación de quebra técnica, o actual goberno asinou un plan estratéxico de acordo cos representantes dos traballadores, co obxectivo de manter a actividade en todos os centros, a viabilidade da empresa, modernizar procesos e adaptar a empresas ás necesidades do mercado. Pero a situación empeorou pola pandemia e todas as administracións deben implicarse para sacar adiante Navantia, a industria auxiliar e o resto da economía da zona. Iso si, hai que lembrar unha vez máis que a administración que manexa o maior orzamento de Galicia, con gran diferenza, é a Xunta e que a política industrial e a de promoción económica son competencias plenas da Xunta de Galicia, segundo



o artigo 30 do Estatuto de Autonomía, que vostedes parecen esquecer cada día (*Aplausos.*) Aínda que non fosen exercidas nos últimos once anos, como amosa o feito de que neses anos, baixo os gobernos de Feijóo, en Ferrol se perdesen 8.713 habitantes.

E podemos falar tamén da situación da ría de Ferrol, onde, cando chegou á Xunta o señor Feijóo, mariscaban como dixeran, 600 persoas, pero que está hoxe nun declive tal que non chegan a 70 persoas as que poden mariscar, dun xeito esporádico e insuficiente para obter un mínimo de subsistencia. E, inauditamente, a Xunta nin sequera sabe o que pasa nesa ría e a que se debe a caída en picado da produción, a pesar de que os mariscadores levan máis dun ano solicitando que se faga un estudo integral para saber o que pasa na ría. Estudo que, por certo, xa se comprometeu na Comisión 8ª a iniciativa do PSdeG, coa unanimidade dos outros grupos, pero que aínda está sen facer.

Neste grave contexto, a necesidade de reactivación económica nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal é máis que evidente, é máis urxente e prioritaria que nunca, e os fondos Next Generation implican unha oportunidade única e irrepitible para compensar os efectos económicos da pandemia ao mesmo tempo que se mellora o noso tecido produtivo. Unha oportunidade única e irrepitible para sacarnos da crise, modernizando ao mesmo tempo a nosa sociedade. Unha oportunidade que pode mobilizar milleiros de millóns de euros para que Galicia aposte pola economía produtiva e non para que especulen catro amigos en modo capitalismo de amiguetes.

E o que lle pedimos á Xunta é, precisamente, que se remangue, que deixe a opacidade, que fale coa sociedade civil, con toda a sociedade civil, e co resto das administracións e sexa transparente nos proxectos que se pretenden impulsar, que non aposte polo canto peor mellor no que parece instalada dende que cambiou o Goberno, lamentablemente, que exerza as súas competencias en materia de política industrial e promoción económica, porque ten todas as do mundo, e pode facer con elas moitísimo máis do que fixo nos últimos 11 anos, sinaladamente en Ferrolterra. Fágano por Ferrolterra, Eume e Ortegal, fágano por Galicia.

Nada máis e continuaremos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde a todos e a todas.

Quero comezar a miña intervención igual que no anterior Pleno, mandando desde aquí unha forte aperta ao persoal represaliado na empresa Cándido Hermida.

E indo ao asunto que estamos a tratar, gustaríame ser quen de transmitir, de traer a este Pleno do Parlamento, a sensación de decepción, de preocupación e de indignación, a partes iguais, que sente cada vez máis xente na comarca de Ferrol.



Hai unhas semanas o Partido Popular presentaba unha proposta de pacto de Estado por Ferrol, unha proposta que presentaban para o diálogo e a colaboración entre administracións, así sen máis. Votámola a favor. Uns días despois, a Xunta enviou a alcaldes e sindicatos da comarca de Ferrol un documento no que, efectivamente, se chama a abrir un diálogo entre administracións e axentes sociais, mais agora xa en torno a unha serie de propostas. Unhas propostas que —insisto nisto— non estaban incluídas na iniciativa que se votou aquí previamente, que se ocultaron ao Parlamento, nun exercicio de auténtico trilerismo político.

O documento do pacto de Estado que propón a Xunta, en termos xerais, é un despropósito, porque, á parte dunha serie de datos estatístico, que non vou comentar porque non me daría tempo, fala de cousas tan alucinantes como evitar a deslocalización da industria téxtil. ¿Pero teñen vostedes idea da cantidade de talleres de téxtil que pecharon en Ferrol nos últimos 20 anos, precisamente por causa da deslocalización?

Falan tamén de evitar a deslocalización da produción de plástico, dous anos despois do peche de Poligal. ¡A boas horas se acorda a Xunta de evitar as deslocalizacións!

Falan de potenciar as cooperativas agrarias do Val e de Meirás, que non son cooperativas agrarias, son cooperativas de consumidores. Por certo, que as dúas, tanto a do Val como a de Meirás —como algunha outra, como a de Vilaboa—, teñen seccións de crédito que desde a Xunta de Galiza se empeñan en tratar como se fosen entidades bancarias convencionais, o que lles supón un aumento dos custos moi importante na súa operativa.

Pero o que máis decepción, preocupación e indignación provoca é que no seu documento, despois de analizar os datos demográficos e de emprego da comarca, e despois de recoñecer que, malia 40 anos de sucesivos e diferentes plans, a comarca non mellora, seguen vostedes insistindo, seguen vostedes reincidindo na mesma conduta e na mesma política que nos colocou nesta situación.

O plan da Xunta chama máis a atención polo que silencia, polo que oculta e polo que pretende deixar fóra que polas incorreccións nas que cae, por máis que sexan graves.

No que se refire á vila das Pontes e ao peche de Endesa, seguen vostedes insistindo nos biocombustíbeis, mais sen explicarnos o que iso significa. De que estamos a falar? ¿Cantos grupos traballarían? ¿Canto tempo? ¿Que volume de persoal ocuparía? ¿A que prezo entraría o quilovatio no sistema? E, sobre todo, despois da negativa de Endesa a asumir ese proxecto, ¿que alternativa manexa a Xunta para executar o proxecto? ¿Outra empresa? ¿Facelo directamente constituíndo unha empresa pública?

Esta semana, novamente, o comité de crise das Pontes, onde están as tres centrais sindicais, os empresarios e todos os grupos políticos municipais, denuncian o abandono por parte do Goberno de España e por parte da Xunta de Galiza, e advirten explicitamente de que os biocombustíbeis non son a solución.

No que se refire ao sector naval, o certo é que o Partido Popular e o PSOE comparten deseño e propostas para Navantia Ría de Ferrol. E este é o máis grave problema da comarca, a razón



pola que levamos 40 anos de declive demográfico, económico e de emprego, a razón pola que non hai plan comarcal que consiga revertir unha crise que na comarca de Ferrol, como indican todos os datos, non é nova, en contra do que di a exposición de motivos da iniciativa do PSOE, porque xa é de traca botarlle a culpa á covid da situación da comarca, igual que é de traca botarlle a culpa da situación de Navantia á caída de pedidos do mercado mundial de buques, un mercado onde, por certo, nin sequera compite porque non lle deixan.

Podemos ser competitivos en todos os mercados. Din todos os discursos políticos sobre a recuperación económica que debemos escoller sectores ou empresas con capacidade tractora para impulsar a economía, ser selectivos. Pois ben, esta é, precisamente, a definición dunha empresa como Navantia, unha empresa tractora, con 1.800.000 metros cadrados, todos de propiedade pública. Asuman dunha vez que o sector naval é o único capaz de crear miles de postos de traballo na comarca de Ferrol, libérense, liberen Navantia e liberen a comarca de Ferrol das cadeas, dos vetos e das restricións, e camiñen cara á recuperación e a diversificación de actividades en Navantia e Ferrol.

E isto pasa, fundamentalmente, por dúas cuestións, por dous ámbitos de actuación nos que tanto a Xunta como o Goberno de España deben implicarse. O primeiro é unha actuación decidida no marco da Unión Europea para que se declare a construción naval como sector estratéxico, así como prohibir que as axudas para a construción de buques que reciben os armadores da Unión Europea poidan gastarse en estaleiros de fóra da Unión Europea. Isto que o BNG leva advertindo desde hai anos está a ser agora denunciado tamén pola patronal alemá da construción naval, ante o temor de que a súa industria desapareza en favor dos construtores asiáticos. Os gobernos da Unión Europea, o español e o galego deben poñerse inmediatamente con isto, pero disto non falan nada, nin uns nin outros.

E o segundo é unha actuación tamén decidida no ámbito da I+D+i, sobre todo no que se refire á mobilidade marítima e a aquelas outras cuestións encamiñadas a aumentar e mellorar a produtividade dos estaleiros. Podemos ser competitivos en todos os mercados da construción naval e das tecnoloxías marítimas, pero para iso hai que tomar decisións e impulsar actuacións no ámbito da Unión Europea mais tamén no ámbito da investigación, coa constitución dun centro tecnolóxico da construción naval. Nisto, como en tantas cousas, sen investimento en investigación non hai futuro. Sen embargo, manteñen votedes un investimento en I+D+i por debaixo do 1 % do PIB, moi lonxe do 2,5 % que pide a Unión Europea.

O documento da Xunta tampouco di nada do parque natural das Fragas do Eume, que leva agardando pola elaboración dun plan reitor de usos e de xestión máis de 20 anos. É urxente, señorías, iniciar os trámites para a súa elaboración, unha elaboración que debe de ser consensuada con todas as partes implicadas. E é urxente tamén dotar de recursos o parque para convertelo nunha outra fonte de riqueza para a nosa comarca. O documento da Xunta insiste nunha visión do turismo rutineira, redundando en lugares comúns como o Camiño Inglés ou o turismo industrial, e non di nada de recuperar e poñer en valor o impresionante patrimonio arqueolóxico, etnográfico e histórico da comarca. Imaxinen o potencial dun triángulo conformado polo castro de Lobadiz en Doniños, a ermida de Santa Comba en Covas e o Castro de Vilasuso e a Pena Molexa no Val. Imaxinen a recuperación dos mosteiros de Monfero ou do mosteiro de Santa Catarina en Ares, ambos do tempo dos Andrade. Imaxinen o potencial



do camiño de Santo André de Teixido, só por poñer algúns exemplos do que podería facerse con monumentos moi sinalados do patrimonio comarcal, actualmente en ruínas.

Chama a atención que a pequena parte que o documento da Xunta reserva á ría de Ferrol sexa para limitarse a pedir que o CEDEX, un organismo do Ministerio de Transporte, realice ese estudo tan necesario, urxente xa, da situación da ría.

Chama a atención que a Xunta non entre a valorar aquelas cuestións de fondo que están no problema produtivo da ría, entre elas o marasmo de competencias que sofren as persoas que traballan no sector, ou a continua instalación de barreiras artificiais.

Chama a atención que a Xunta non reivindique exercer un mando único na ría, ou dispoñer dos recursos económicos necesarios para impulsar, dun xeito áxil e funcional, a rexeneración da ría.

Chama a atención, en resumo, que o documento da Xunta reincida, como dicía, en manterse nun plano totalmente subalterno no que se refire a Navantia. Nada da entrada no Consello de Administración. No que se refire á transición enerxética, nada de constituír unha empresa pública de enerxía. No que se refire á ría de Ferrol, nada de mando único na ría. No que se refire ao noso patrimonio natural e paisaxístico, nada do PRUX do parque das Fragas. Ou ao noso patrimonio histórico, arqueolóxico e etnográfico.

Esta posición subalterna respecto dos deseños e dos intereses que se nos impoñen desde Madrid aparece claramente como a causa última e auténtica da situación da comarca de Ferrol. Rachar con esas dinámicas, apostar polos nosos sectores produtivos e por poñelos en valor é fundamental para reactivar a nosa economía e dobrar a curva do declive das nosas comarcas. Ese é o pacto de Estado que Ferrol precisa. E para iso, señorías do PSOE, honestamente, non precisamos realizar novos e sesudos estudos académicos, que, por outra banda, xa existen. Precisamos liberarnos das dependencias políticas e actuar, liberarnos das restricións.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Alfonso.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que despois de ler con detemento esta iniciativa —dígollo con toda humildade, señor Arangüena— non sei moi ben do que estamos a falar. Non sei moi ben se estamos a falar de Ferrol ou estamos a falar de estratexias políticas.

Creo, de verdade, que esta iniciativa chega tarde e está desenfocada. A verdade é que o entendín cando vin o rexistro das proposicións, pois é unha proposición exactamente igual á



que presenta o seu grupo para o Concello da Coruña. De verdade que non é que non valoremos A Coruña exactamente igual que a Ferrol, pero creo que non se pode comparar a situación que ten Ferrol coa situación da Coruña nalgúns aspectos concretos, para concluír coa mesma proposición e coa mesma iniciativa, que é o que nos propoñen no mesmo. A verdade é que recolleron esa iniciativa, a mesma, e sete días despois presentárona o día despois da folga xeral que houbo en Ferrolterra, Eume e Ortegal o 10 de marzo. E creo que a resposta do Grupo Socialista non pode ser un corta e pega. Unha resposta a unha folga xeral que tivo o apoio de todos os grupos políticos da cidade, que tivo o apoio, por suposto, dos sindicatos, e incluso dos empresarios.

A situación de Ferrol e da comarca é unha situación verdadeiramente dramática, unha situación de emerxencia. E xa llo dixo o señor Fernández Alfonzo, creo que botarlle a culpa á pandemia da situación que ten a nosa cidade, da situación do sector naval, creo que é un reduccionismo que indica que falta moito coñecemento dos problemas. E se non se coñecen os problemas malamente se poden propoñer solucións.

Recoméndolle, de verdade, non falar en Ferrol de caída do transporte marítimo. Mire, xa llo dixemos algunha outra vez neste Parlamento: o transporte marítimo do que estamos falando, os barcos dos que estamos falando, son barcos para a Armada. Polo tanto, creo que traer aquí a colación o movemento do tráfico marítimo —xa llo dixo tamén o señor Alfonzo—, en fin, creo que non é moi razoable.

Mire, señor Arangüena, a cidade de Ferrol naceu para facer barcos e para albergar os barcos da Armada española. Somos unha cidade ao servizo do Estado —niso seguramente que non coincidimos co deputado do BNG— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pero os ferroláns estamos orgullosos da nosa cidade. Por iso tampouco consideramos recomendable que vaian a Ferrol algúns deputados do Partido Socialista dicir que a situación do naval non ten nada que ver cos gobernos, que é o que di textualmente a súa proposición, e, de verdade, que creo que é descoñecer o tractor económico fundamental da nosa comarca que é un estaleiro, Navantia, un estaleiro cen por cento público. Polo tanto, creo que as decisións políticas terán algo que ver co que pasa nun estaleiro cen por cento público, cuxo cliente principal é a Armada española, cen por cento pública. Os acordos da Armada española de impacto económico adóptanse nun Consello de Ministros. Por iso creo que, francamente, os gobernos teñen moito que ver coa situación pola que está pasando a cidade de Ferrol. E por iso dende este grupo o que propoñemos é un pacto de Estado, porque, se a nosa cidade foi unha cidade que naceu por unha decisión do Estado, o Estado nos momentos difíciles o que non pode facer é mirar para outro lado (*Aplausos.*), cando se está perdendo moitísimo emprego. E cando moita xente ten que emigrar como consecuencia de decisións políticas do Estado, governe quen governe. Pero téñolles que lembrar que xa leva gobernando o Partido Socialista tres anos e que nos últimos 40 anos a maior parte do tempo en Madrid gobernou o Partido Socialista.

Porque, mire, falaba da historia en numerosas ocasións. Pero eu quérolle falar da historia de Ferrol, porque hai moitos deputados que estamos aquí que aínda lembramos o Ferrol próspero, o Ferrol con botaduras en Astano ou en Bazán, con rúas cheas de xente, con nenos xogando nas prazas con electrodos, con persoas que pensaban que había moito futuro no naval, pois de xeración en xeración as familias traballaban e vivían do sector naval. E todo cambiou,



iso si que o dixoo, non dixoo o porqué, eu tampouco o vou dicir porque todo o mundo o sabe; e, especialmente, todo o mundo o sabe en Ferrol. Todo cambiou no ano 1982 cunha mal chamada reconversión industrial. Porque a palabra reconversión o que indica é que había unha industria e imos cambiala para outra cousa, e foi un desmantelamento industrial. Porque ese goberno, e os 14 anos que viñeron despois, non crearon absolutamente ningunha industria, ningunha empresa, ningún emprego. Señor Arangüena, enganáronos, e por iso en Ferrol lle temos un pouco de alerxia á palabra plan, á palabra estudo, á palabra diagnose. Porque nos lembramos aínda —eu lémbrome moi ben— do cartel que había á entrada de Ferrol, na ponte das Pías, que puña «ZUR». Non sabiamos moi ben o que era pero quedounos a todos na retina o significado, porque o viamos cada vez que entrabamos na cidade: zona de urxente reindustrialización, Ministerio de Economía del Gobierno de España. Pois ese foi o primeiro plan.

Eu tamén lle podo falar do segundo, tamén un cartel en Astano —ese estaba un pouco antes—, chegando a Ferrol, en Astano, un cartel enorme que puña «Próxima apertura, fábrica de vidro». Mire, eu estudei no colexio Ibáñez Martín, en Recimil, nas casas baratas, en Ferrol, e a moitos dos meus compañeiros de clase dixéranlles os seus pais que se ían ir a Italia porque esa fábrica de vidro era duns italianos. Pois dedicabámonos polas tardes a chapurrear italiano, porque moi pronto se ían ir a Italia, e esa gran fábrica íase instalar en Astano, nos terreos onde toda a nosa vida viramos como se botaban os barcos. Cando iamos aí, a Astano, os sábados, subiamos á grúa pórtico —que era o noso parque de atraccións—, estaba Vargas, Alíquera e o que levaba a grúa pórtico. Pois, si, todo iso foron os plans que nos venderon. Por iso en Ferrol, de verdade, señor Arangüena, non nos gusta moito que nos falen de plans.

Tampouco nos gusta que nos diga «o maior investimento da historia, as fragatas F-110». Mire, eu non vou discutir sobre o que pasou coas fragatas F-110 —se quere tamén, é que algunha información teño—. Pero, mire, é que repetir e repetir o argumentario do maior investimento... mire, antes das F-110 houbo a serie das F-100, e antes das F-100 houbo as F-80, e antes as F-70, e antes as F-30. E antes, incluso, os acorazados *España* en 1912, que foron moi importantes porque permitiron o mesmo que o Goberno do Partido Popular pretendía facer en Navantia, que era construír barcos, e, ao mesmo tempo que se constrúan eses novos barcos para renovar a Armada española —isto sei que a algún deputado igual non lle gusta moito—, pois facíase a transformación, a gran transformación do estaleiro. E 100 anos despois era o que se estaba planificando, o que se aprobou inicialmente no ano 2016 e o que se aprobou, finalmente, no ano 2018.

Miren, eu creo que estamos aquí, ante situacións difíciles, para buscar solucións, non para ver quen o fixo peor. Por iso eu de verdade que lle propoño, señor Arangüena, que falemos de Ferrol, do Ferrol real, non do Ferrol dos partidos. Do Ferrol que leva perdidos no último ano 1.000 empregos no sector naval. Do Ferrol que, se non se toma unha decisión xa, vai perder nas próximas semanas outros 1.000 empregos. Mire, xa pasou co BAM, primeiro abstivéronse, despois todos unanimemente, unha marabilla. Pero, claro, despois en Madrid, pois aquí votamos todos que si e en Madrid que non. Claro, que non facía falta o BAM, pois o BAM estase facendo no sur.

Despois, respecto á iniciativa do BNG —teño que dicilo— votamos todos tamén con moita alegría o buque *Galicia*, vamos transformar o buque *Galicia*. Fíxese, aos sindicatos xa lles



chegaba coa transformación do buque *Galicia*, despois de ter dito algunha cousa sobre algún gran buque. Nós, totalmente de acordo. ¿Pódenos dicir, señor Arangüena, onde está o buque *Galicia*? Eu o último que sei do buque *Galicia* é que hoxe sae do porto de Vigo. Non sei se vos-
tede sabe o rumbo, este é un tema bastante serio. A decisión de para onde vai un buque pú-
blico é unha decisión que toma o Goberno de España, por iso sería moi bo que nolo aclarase;
porque sería gravísimo que, estando en Galicia o buque *Galicia*, fose transformarse a un es-
taleiro, o de Cartaxena, que nin sequera ten dique de reparacións. Por iso creo que isto sería
moi importante que nolo aclarara o Partido Socialista.

E, efectivamente, teño aquí o pacto de Estado por Ferrol. É o que nos demandaron os sindicatos,
é o que nos demandaron os empresarios; o máis importante, é o que nos demandaron os fe-
rroláns. Miren, documento inicial. É que pasou algo despois da folga, e nós queremos agrade-
cerlle a Alberto Núñez Feijóo que dera un paso á fronte, seguramente que o documento é
mellorable. Está neste momento o vicepresidente económico da Xunta reunido con alcaldes,
reunido cos sindicatos, reunido cos empresarios para chegar a un documento definitivo. Por
iso, a nosa proposta é que falemos de Ferrol e que non falemos tanto de partiños, porque toca
facer algo por Ferrol, porque non toca mirar para outro lado como algúns fixeron nos anos 80.

Queremos, de verdade, baixar da rama...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor REY VARELA: ...e estudar no pupitre, porque nacemos para facer barcos e queremos
seguir facendo barcos. Queremos o dique para seguir sendo competitivos. Queremos a mo-
dernización do arsenal. Queremos a rexeneración da ría, señor Arangüena, despois de que a
ría fose saneada. É que vostede descoñece que se investiron 200 millóns de euros e que pasou
dunha clasificación de zona C a zona B nestes momentos e que a Xunta de Galicia está pen-
dente de que lle dea luz alguén á última obra que executou por valor de 7 millóns de euros.
Pero, en todo caso, importantísima.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor REY VARELA: Queremos solo industrial. Queremos, por suposto, que novos proxec-
tos dos Next Generation para diversificar o emprego e que non dependamos só do naval se
asenten na nosa comarca. Queremos apostar polo turismo, pola economía verde, pola inno-
vación, polo emprego e pola igualdade. Esas son as apostas do pacto de Estado por Ferrol e
nós o que desexamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor REY VARELA: ...é que todos poidan remar na dirección de que Ferrol mellore porque
se a Ferrol lle vai ben tamén lle irá mellor a Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



(Aplausos.)

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Alfonso, 25 de febreiro de 2007, titular de *El País*: «El BNG pide el apoyo del Congreso para privatizar Astano». Hai un ano, outro titular —non vou ler o titular—: Nestor Rego pedía recortar o orzamento de Defensa para condonar hipotecas e alugueiros, recortar o orzamento de Defensa, coa implicación que iso, obviamente, ten para a construción de buques militares. Eu o único que lles podo dicir é que non se pode estar na misa e repicando, (Aplausos.) ¡non se pode estar na misa e repicando! (Aplausos.)

Señor Rey, sabe vostede perfectamente —supoño— que a caída drástica que experimentou a industria naval, civil e militar, durante o ano 2020 —¡pero drástica!— algo terá que ver coa pandemia, evidentemente, non co coronavirus, cos efectos económicos da pandemia. Supoño que iso o sabe, dado que procede de Ferrol. Unha caída do PIB sen precedentes provoca a redución conseguinte de pedidos civís e militares; militares tamén, por suposto, porque as prioridades orzamentarias nun momento de pandemia son distintas das da construción de buques militares.

Pero os problemas de Navantia son anteriores. En primeiro lugar —xa llo dixen e repítoo—, 297 millóns de perdas no ano 2017, último ano de Rajoy, as maiores perdas da historia de Navantia. Pero, en segundo lugar, vou ler outro titular: «El Gobierno de Rajoy frenó dos años la construcción de fragatas en Navantia para adaptarlas a los misiles de la empresa de Morenés». Unha acusación moi grave que non foi desmentida, porque eu supoño que, se eu fora o señor Morenés, xa tería demandado a este medio, porque isto é moi grave, moi grave. E, por tanto, non veñan aquí dicir que os problemas de Navantia derivan do novo Goberno progresista, porque saben a herdanza que deixaron vostedes en Navantia.

Di que ofrecen vostedes un pacto de Estado por Ferrol. Eu non teño ningunha dúbida de que van atopar total receptividade da Administración estatal e local para levar a adiante calquera iniciativa positiva para a comarca —non podo dicir máis—. Pero o que non poden é revestir o escapismo e a inacción de oferta de pacto porque quen ten a competencia exclusiva —volvo reiterar— para facer política industrial son vostedes. E quen ten un IGAPE e quen ten unha vicepresidencia económica e Consellería de Economía, Empresa e Innovación son vostedes; e, polo tanto, vostedes teñen a responsabilidade principal, ademais da competencia e o orzamento. E o seu documento para un pacto de Estado por Ferrol dicía o señor Alfonso que é un despropósito. Eu dígollo doutra forma: é unha tomadura de pelo, é unha carta aos Reis Magos. Como os seus listados de proxectos para os fondos Next Generation, outra carta aos Reis Magos, e Galicia non vai saír desta crise con cartas aos Reis Magos. O seu documento é un cúmulo de perogrulladas e inconcrecións. Din que teñen vostedes 100 medidas, o subtítular da portada dese documento. Eu dígolles que son, moitas delas, directamente de risa e vou ler algunhas.



Apoio financeiro e directo ás empresas para o mantemento da súa actividade. ¿Refírense vostedes aos 234 millóns que o goberno lles entregou este ano para empresas e autónomos, que se suman aos 224 que lles entregou en 2020 para compensar a caída da actividade económica? ¿Canto van poñer vostedes?

Capitalización das empresas. Moi ben, digan vostedes canto van aportar para capitalizar as empresas.

Apoiar as estruturas produtivas do sector primario. Moi ben ¿Como o van facer e cantos cartos van poñer?

Impulsar a apertura de novos mercados. Estupendo ¿A que mercados se refiren e como o van facer?

Fomento da agricultura de precisión. Esta é moi boa, moi boa, pero eu preguntolles: ¿como van fomentala?, ¿cantos cartos van poñer?

Impulso da agricultura ecolóxica. Con esta quedaron calvos de tanto pensar. Eu preguntolles: ¿como van impulsala e cantos cartos van poñer?

Potenciar os novos mercados para a produción de froitas e hortalizas. Eu preguntolles: ¿como o van facer?, ¿cantos cartos van poñer?

Desenvolvemento da floricultura. Pois estupendo, pero terán que dicir se optan polas rosas ou polas orquídeas. Eu xa llo digo, decántome polas orquídeas. (*Aplausos.*) Pero preguntolles: ¿cantos cartos van poñer para a floricultura?

Soster e ampliar o apoio ao crecemento económico do rural. Moi brillante. ¿Cantos cartos van poñer para ese propósito?

Miren, sabemos qué están facendo as administracións locais nesta crise: ser a primeira liña na loita contra a pandemia e pola reactivación e atender competencias impropias que son da Xunta, como a limpeza e desinfección dos centros de saúde ou colexios ou a política social.

Sabemos o que está facendo o Estado: coordinar a política sanitaria e económica e crear un escudo social sen precedentes na nosa historia. ¿E vostedes, que teñen competencias plenas de política industrial e política social, e apoio á economía sobre o territorio, que fan á parte de escorrer o vulto e facer propaganda? (*Aplausos.*) Dígnanos que están...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Sobre a emenda, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...—e remato, señor presidente— dígnanos que fan ou que están dispostos a facer por Ferrolterra, Eume e Ortegal hoxe cando nos últimos 11 anos incumpriron a práctica totalidade das súas promesas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: E para rematar, señoría, respecto á emenda do BNG, non a imos aceptar, porque é unha emenda de substitución...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...e é unha emenda que, por certo, xa foi debatida e contou co noso voto afirmativo neste Parlamento.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como respecto da elaboración dun plan específico de loita contra a pobreza infantil en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas. Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Pobreza infantil en Galicia, el indicador de que algo no está bien hecho. Artigo 17.2 da Lei orgánica 1/1996: En situación de riesgo de cualquier índole, la intervención de la Administración pública competente deberá garantizar en todo caso los derechos del menor y se orientará a disminuir los indicadores de riesgo y dificultad que incidan en la situación personal, familiar y social en que se encuentra, y a promover medidas para su protección y preservación del entorno familiar.

Xa con datos precovid, señorías, 1 de cada 4 menores en Galicia atopábase en risco de pobreza. Hoxe sabemos que a Comunidade Autónoma de Galicia está á cola do gasto en servizos sociais por habitante de toda España. *(Aplausos.)* É urxente analizar o contexto actual de xeito exhaustivo para coñecer cal é a realidade nestes momentos, señorías. Somos plenamente conscientes de que persoas que nunca foron usuarias dos servizos sociais ou incluso antes da pandemia colaboraban na loita contra a pobreza, ben como voluntarias ou ben economicamente, hoxe son as que están chamando ás portas dos servizos sociais ou incluso de comedores ou entidades do terceiro sector. Moitas das persoas do noso propio entorno poden estar vivindo situacións moi complexas seguramente sen que o percibamos. E todo isto súmase á pobreza estrutural que xa existía de antemán.

Estamos a vivir unha situación dramática da que aínda non coñecemos o verdadeiro alcance, pero hai unha cousa que sabemos seguro: que a parte máis feble desta crise son eles, os nenos, as nenas damnificados.

As competencias exclusivas no ámbito social ou de servizos sociais corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se deduce do artigo 27.23^o do Estatuto de Autonomía de Galicia.



Hai unhas semanas varias asociacións que loitan polos dereitos da infancia puxéronse en contacto con todos os grupos representativos da cidadanía nesta Cámara alertando dunhas desafortunadas declaracións da máxima responsable do Goberno galego en política social. En concreto, a conselleira asociaba a falta de recursos co aumento de menores tutelados pola Xunta que está a suceder en Galicia. E por iso teñen que empezar rexeitando as verbas da conselleira, cando explicou o incremento de menores tutelados polo incremento da pobreza das familias galegas pola covid. ¿Acaso a política da dereita é permitir que familias perdan a tutela dos seus fillos por motivos económicos? ¿É que non entenden que os dereitos dos nenos e das nenas e das familias se vulneran neste caso en vez de blindalos cun programa contra a pobreza infantil?

É unha asociación perigosa e totalmente errónea, como saben os profesionais especializados en menores, xa que por si só a falta de recursos non é un ítem que determine a perda da tutela dun fillo en ningún caso, xa que para iso ten que estar a administración competente en servizos sociais como é a Xunta para solventar este tipo de situacións. Porque, como competente exclusivo (*Aplausos.*) en materia social, o Goberno galego debe de garantir os dereitos e recursos a todos os menores en Galicia. É urxente complementar, por tanto, os importes das rendas de inclusión tendo en conta o limiar da pobreza relativa.

O 1 de decembro do ano pasado na Comisión sobre presupostos de política social deste ano, xa advertimos dende o Grupo Socialista que era urxente adaptar a normativa vixente da Risga para permitir a complementariedade co ingreso mínimo vital. Adiantámonos ao que está a suceder agora, señorías. Advertimos, por responsabilidade, en varias ocasións a este goberno, que preferiu mirar a outro lado, e agora enviará unha nova misiva burocrática asinada pola Xunta reclamando os cartos de varios meses da Risga a máis de 2.000 usuarios aos que lles concedeu o ingreso mínimo vital, persoas vulnerables e damnificadas desta crise e moitas delas con menores a cargo.

Instamos o Goberno galego aquí e agora a que, por responsabilidade, anule as reclamacións destes miles de euros a todas as familias que teñen menores a cargo. (*Aplausos.*) Non é xusto que, ao concederlles a estas 2.000 familias en risco de exclusión o ingreso mínimo vital, que por lei si permite a complementariedade coa renda galega, sexa o veto galego da Risga o que o impida, sen que o Goberno galego fixera nada por modificar a Lei de inclusión social dende que se aprobou, hai máis dun ano, o ingreso mínimo vital.

Dende as propias asociacións que loitan contra a pobreza e polos dereitos da infancia alertaron, hai máis dun ano, de que esta crise damnificaría sobre todo os menores, nenos, nenas, adolescentes e mulleres, moitas delas nais monomarentais. Os menores que se críen baixo o umbral da pobreza ou con ingresos insuficientes para o seu propio desenvolvemento persoal verán condicionado, inevitablemente, o seu futuro se non facemos nada, señorías. Iso é o que se chama herdanza da pobreza, que condiciona o destino dos nenos de hoxe como adultos en risco de exclusión mañá. E así sucesivamente cos fillos e fillas que teñan. Por iso debemos romper esa inxusta cadea que rompe o principio de igualdade de oportunidades na nosa sociedade. É o momento de que o Goberno galego lles dea a importancia que ten na reconstrución de Galicia ás políticas sociais.



E aquí quero facer un inciso importante nesta cuestión condenando o feito de que Feijóo e o Goberno galego non tiveran en conta a conselleira de Políticas Sociais, dona Fabiola García, entre outras conselleiras e mulleres relevantes, na sociedade creada pola Xunta para a xestión de fondos europeos. (*Aplausos.*) Paréceme un ninguneo e un auténtico desprezo, tanto por ser muller como por ser a máxima dirixente das políticas sociais nun dos piares da reconstrución como son as políticas sociais neste país.

Neste 2021 a Xunta percibiu máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios dende o Estado para os orzamentos da nosa comunidade. E xa recibiu dende o Estado, por parte do Goberno de España, 234 millóns para axudas directas a autónomos e pemes. Moitos recursos para Galicia, máis dos que nunca se recibiron, pero vostedes teñen que xestionalos, señorías do Partido Popular. ¿Que fixeron ata agora? ¿Que medidas adoptaron para protexer a infancia ante os riscos derivados do aumento da desigualdade e da exclusión pola covid? Pouco compromiso do Goberno galego do Partido Popular, falla de medidas e de iniciativa para loitar contra a pobreza infantil, cando máis do 7 % dos fogares non teñen ingresos, cando o desemprego creceu máis en Galicia que en calquera outra comunidade no primeiro trimestre deste ano, e iso que o ingreso mínimo vital sostén a máis de 13.000 fogares galegos, cuns 12.000 menores aproximadamente. Pero a Xunta pode e debe —é o seu deber— reforzar, tomar medidas fronte á pobreza infantil, porque os nenos e nenas son sagrados e temos a obriga de protexelos, defendelos e blindar os seus dereitos, señorías. (*Aplausos.*)

Por iso, as cartas da Xunta a máis de 2.000 persoas reclamándolles os meses da Risga, por manter a incompatibilidade co ingreso mínimo vital, de 2.000, 3.000 e incluso 5.000 euros a familias baixo o umbral da pobreza é inadmisíbel para os casos das familias con menores a cargo. Anulen esas reclamacións e saquen da hucha (*Aplausos.*) os fondos adicionais que recibiron e blinden estas familias con menores en risco.

A pobreza infantil, señorías, combátese de xeito transversal, por iso é urxente combater a pobreza mediante plans de vivenda efectivos e reais. Hai que ter en conta que a vivenda come a maior parte das rendas destas familias, polo que é importante impulsar políticas dirixidas a unha vivenda asequible e digna; e cando falamos de menores é unha obriga, non unha opción.

A conciliación é outra das claves dos recursos das familias con menores a cargo. É lamentable que, no medio dunha pandemia que puxo no centro a importancia de conciliar para as familias, o Goberno galego decidise recortar case á metade para este ano o bono Concilia para aquelas familias que quedan fóra das escolas infantís ou en lista de agarda, como os máis de 2.000 nenos e nenas que nestes momentos están sen praza.

A política de proximidade, esa que mira aos ollos, esa que pon nome e apelidos, que coñece de quen vén sendo cadaquén, é a política municipal, a política local. A finais do ano pasado a Fegamp elaborou un estudo sobre o impacto da covid nos concellos. Tal e como sospeitábamos, detectaron un incremento de case 20.000 novos usuarios dos servizos sociais. Hoxe son máis.

A tradución en termos económicos deste aumento da demanda dos servizos sociais supón case 6 millóns de euros ao mes adicionais respecto ao mensual de base. Unicef, a FEMP e o



Alto Comisionado contra a pobreza infantil destacaron de xeito oficial o papel dos concellos nesta crise. Se os servizos sociais son a porta de acceso, de entrada e cercanía resolutive das persoas vulnerables desta pandemia, se o fomento do emprego é clave para combater a pobreza infantil, ¿por que votan en contra, señorías do Partido Popular, de incrementar a partida consignada para o fomento do emprego nos concellos? ¿Por que votan en contra disto?

Por todo isto, propoñemos ao Goberno galego un plan integral e específico contra a pobreza infantil en Galicia, que impulse os recursos para a vivenda, para o emprego, que permita a complementariedade da Risga con outras rendas de inclusión, tal e como acontece co ingreso mínimo vital. Non podemos obviar que a Galicia chegaron fondos con miles de millóns por parte do Estado e de Europa, e temos que poñer responsabilidade e sensibilidade ao xeito de investir os mesmos. Non esquezamos nunca que os nenos non son só responsabilidade das súas familias, senón do conxunto da comunidade, do conxunto da sociedade.

Hai uns días o Congreso estatal aprobou cun alto consenso a Lei orgánica para protexer os nenos e adolescentes fronte á violencia. Un paso máis do Goberno do estado para avanzar nos dereitos da infancia. Deamos hoxe un paso en Galicia para blindar a igualdade e oportunidades dos menores en Galicia. Hoxe máis que nunca os nenos non só son o futuro, senón que teñen que ser o presente e o centro de toda política ou acción na reconstrución de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Centrándome na cuestión que se formula na proposición non de lei do Partido Socialista, nós coincidimos no que dicía a señora Ortega e tamén se recolle na exposición de motivos, en que é unha irresponsabilidade ligar a perda da tutela ou da garda das fillas e dos fillos a unha situación de dificultade económica e facelo, ademais, enmarcándoa na crise económica e social provocada pola covid-19. Calquera responsable público —cremos desde o BNG—, máis aínda se se é a conselleira de Política Social, debe ser absolutamente escrupulosa e prudente á hora de abordar situacións tan complexas para as crianzas e para as súas familias, que se ven nunha situación de vulnerabilidade e de risco, ademais de exclusión social ou de pobreza.

E debe quedar tamén totalmente claro que a lexislación galega non permite retirar a tutela ou a garda das fillas e dos fillos aos seus proxenitores só por razóns económicas e moito menos que as menores acaben nun centro de acollida por esa razón. Teñen que confluír ou-



tras circunstancias, máis alá das económicas, tamén emocionais, tamén psicolóxicas, e é, ademais, a última opción esa retirada da tutela ou da garda das fillas e dos fillos, que se produce cando non hai outra solución para garantir o benestar e os dereitos das e dos menores e, polo tanto, o interese superior do menor que é o obxectivo central. Éo así, e isto non é unha opinión, está recollido na normativa vixente, no Decreto 42/2000, que refunde toda a normativa reguladora, actualmente en vigor en Galiza, en materia de familia, infancia e adolescencia, e tamén se recolle así na lexislación tanto estatal como no ámbito internacional.

Polo tanto, é moito máis que comprensible a indignación e o malestar que as declaracións da conselleira, nun medio de comunicación, causaron entre as asociacións, especialmente as que traballan con menores, como é o caso de Agamme ou Agafem, que eran ás que facía referencia a señora Ortega, que se puxeron en contacto con todos os grupos parlamentarios pedindo explicacións por esas declaracións, nas que hai que contextualizar tamén as cousas, pois a conselleira ligaba o incremento do 4 % no número de menores tutelados pola Xunta ao incremento da crise provocada pola pandemia e a situación económica de moitas familias. E facíao, ademais, uns días despois de que se producira, como todo o mundo lembrará, uns acontecementos na cidade da Coruña, onde catro menores acabaron sendo postos á disposición da Administración deste país, despois de que se liberase unha nena que estaba retida na cidade da Coruña.

Se iso é así —e eu coincido plenamente co que dicía a señora Ortega—, se é verdade o que a conselleira dicía nesas declaracións públicas, que quen debe asumir responsabilidades é o propio Goberno, a empezar por ela mesma. Porque —insisto moito nisto— non estarían facendo o seu traballo, que é garantir que os ingresos, nunca, e a situación económica das familias, nunca, poden ser motivo para afastar as nenas e os nenos dos seus proxenitores. Cando é así, cando a Xunta ten que asumir a tutela ou a garda das nenas e dos nenos é porque faltan algo máis que cartos nesas casas.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —e quero recalcar moito isto—, cando falamos de menores, especialmente de menores en situación de pobreza, de exclusión social ou risco de padecela, as e os responsables públicos temos o deber de ser extremadamente prudentes nas nosas declaracións. Estamos inmersas nunha enorme crise, iso é indiscutible, está por ver a magnitude e a profundidade das consecuencia sociais e económicas que deixa esta pandemia tras de si, pero o certo é que os datos que xa temos, oficiais e proporcionados, entre outros, polo Instituto Galego de Estatística, o que nos poñen enriba da mesa é, efectivamente, un incremento desa pobreza ou o risco de padecela entre moitísimas persoas traballadoras do noso país. A última oleada ou, digamos, a última enquisa estrutural dos fogares publicada polo IGE sinala ese aumento. Case a metade dos fogares galegos —o 47 %— di chegar con dificultade a final de mes. Sobra mes e falta salario e multiplicáronse por dous os fogares que chegan con moita dificultade a fin de mes a respecto do exercicio anterior, do anterior ano.

Especialmente grave é a situación dos fogares, efectivamente, nos que viven nenas e nenos polo impacto que a pobreza ten na infancia e adolescencia. Nós coincidimos desde o BNG en que é necesario coñecer máis en detalle a situación económica. Así o temos defendido tamén na Comisión de Economía e Facenda nesta cámara: a necesidade de abordar con estudos en



profundidade todas as variables que hai detrás de situacións de risco de pobreza ou de exclusión social, pero, sobre todo, entendemos que hai que atallar a raíz do problema, que ao noso entender —tamén o temos dito moitas veces na Comisión 5ª e neste Pleno—, son tres os elementos que, ao noso entender, están detrás desas situacións de vulnerabilidade, de pobreza ou de exclusión social, que tamén afecta, insisto, as nenas e os nenos.

O primeiro é o dereito ao traballo, que é un dereito fundamental inherente a todas as persoas, polo simple feito de sermos persoas, e esa é a garantía que debemos procurar coa nosa acción política.

O segundo é o dereito á vivenda, toda vez que a vivenda é, precisamente, o que ocupa o primeiro lugar como causa xeradora de exclusión social naquelas familias en situación de dificultade económica, desprazando as tradicionais relacionadas co emprego. O 65 % das persoas en exclusión atópanse afectadas por esa dimensión. O seu principal factor de exclusión social e económica, aquel elemento que as arrastra a unha situación de pobreza, é a incapacidade para soste o pagamento do alugueiro, por exemplo, ou facer fronte a unha hipoteca, no caso de que sexa ese o seu caso. É a vivenda e, polo tanto, a garantía dese dereito un dos elementos centrais nos que se debe traballar, e tamén, falando de nenas e nenos, a situación na que se atopan as familias dentro desas vivendas ou, dito doutra maneira, as condicións nas que se atopan eses fogares.

Temos 140.000 persoas neste país que viven nunha vivenda inadecuada, e máis de 200.000 que viven nunha vivenda declarada insegura. ¿Isto que significa? Que hai moitas casas que non teñen capacidade para manter unha temperatura idónea para ser habitables, e iso está ligado directamente coa saúde, non só da nenas e dos nenos, que por suposto, senón tamén das persoas adultas.

Dereito ao traballo, dereito á vivenda e, en terceiro lugar, a garantía de ingresos suficientes. Dicímolos moitas veces: hoxe, no noso país, a pobreza non é a dos anos 80 ou a dos anos 90. Hoxe ter un contrato de traballo e ir todos os días ao teu posto de traballo non significa que cobres un salario que che permita chegar a fin de mes e cubrir as necesidades básicas da túa casa. E se iso é un drama para unha persoa adulta que vive soa, imaxinemos para unha familia que ten unha ou dúas menores ao seu cargo. Falamos de 130.000 persoas antes da pandemia neste país cuxos ingresos, cuxos salarios, non lles permitían cubrir as necesidades básicas da casa. E isto son datos de Cáritas, que está bastante lonxe de ser un organismo subversivo e filocomunista como eses que nos gustan ás do BNG. *(Aplausos.)*

Pero hai outra cuestión que non quería tampouco deixar pasar e que ten moito a ver co asunto do que se fala nesta iniciativa e que ten a ver con aquelas nenas e aqueles nenos que non poden quedar coas súas nais ou os seus pais polas razóns que dicía con anterioridade, de acordo co que prevé sempre a lexislación galega, que son casos moi excepcionais, insisto moito nisto. E que ten a ver tamén —cremos desde o BNG— coa necesidade de reforzar o acollemento familiar. Hoxe en Galicia hai por volta dunhas 1.300 menores de idade que viven con familias de acollida e outras 1.200 menores que residen —valla a redundancia— en centros de menores. É urxente, e así o demandan, ademais, as entidades sociais, as asociacións que traballan pola defensa dos dereitos dos menores no noso país, incrementar os recursos para apoiar as fami-



lias acolledoras en Galicia, unha rede de familias acolledoras que se sitúa en 730, aproximadamente, familias no noso país e que contan cunha axuda moi pequena e, ademais, con enormes diferenzas en función das características das nenas ou dos nenos que teñen en acollida.

Para ser sintética e crendo que toda a xente aquí nesta cámara coñece mais ou menos a normativa, hoxe a axuda para a inmensa maioría das familias acolledoras que teñen crianzas entre 3 e 18 anos é de 280 euros ao mes. Para unha familia que acolle un bebé ata un ano —dos 0-1 anos— é de 600 euros; de 1-3 son 400; de 3-18, que son a inmensísima maioría —estamos falando de crianzas moi pequenas a persoas adolescentes— son apenas 280 euros ao mes. É necesario reforzar esa axuda tamén, porque é unha responsabilidade social, non só desas familias acolledoras, senón que é unha responsabilidade compartida polo conxunto das galegas e dos galegos.

Na pandemia anunciouse un reforzo desa axuda por parte da administración dun 25 %. Iso son 70 euros, e 70 euros máis non che dan nin sequera para pagar un combo de wifi, teléfono e televisión das que podemos ter calquera de nós na casa, nin moito menos para pagar, por exemplo, un ordenador, como tiveron moitas familias que mercar para poder afrontar o ensino telemático.

Insistimos —e con isto remato—, nós imos apoiar esta iniciativa. Entendemos que o acollemento familiar é e debe seguir sendo o mecanismo prioritario para garantir o benestar das e dos menores, primándoo cando sexa posible, que tamén é certo que non sempre o é ese acollemento por familia extensa. E incrementar as axudas —volvo repetilo—, porque o acollemento familiar é a prioridade, pero é unha responsabilidade compartida, non só desa inmensa rede de familias solidarias, ás que hai que darlles as grazas todos os días, pero que necesitan tamén que arrimemos todas e todos o ombro.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo parlamentario Popular, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

O compromiso do Goberno de Alberto Núñez Feijóo na loita contra a pobreza podería resumirse en dous datos concretos. O primeiro: os fondos adicados a paliar a pobreza pasaron dos 66 millóns de euros que adicaban vostedes no 2009 aos 125 millóns de euros que contempla o orzamento de 2021.

Segundo dato: os fondos adicados á renda de integración social de Galicia multiplicáronse practicamente por tres e pasaron dos 22 millóns de euros que adicaban vostedes no 2009 aos máis de 64 millóns de euros do orzamento do 2021.



E, francamente, con isto pouco máis tería que engadir ao que hoxe se dixo aquí. Porque o certo é que o benestar das familias —de todas as familias, en todas as situacións— é unha das prioridades deste Goberno, e así se reflicte no orzamento do 2021, que é, sen dúbida, o orzamento máis social da nosa historia.

Colaboración con entidades sociais no ámbito da infancia: multiplicáronse os fondos neste orzamento por catro; partidas de acollemento familiar: incrementáronse un 6 %; axudas de inclusión social: incrementáronse nun 35 %; achegas a bancos de alimentos de Galicia: incrementáronse máis do 50 %; ademais de falar da tarxeta básica, que é esa garantía discreta que prové de servizos e produtos básicos as familias máis necesitadas e con maiores dificultades de Galicia.

En definitiva, un orzamento claramente social, que eu, honradamente, pensaba que era satisfactorio para o Partido Socialista de Galicia. E dígoo porque a estas partidas que acabo de relatar e ás que vostede mencionou hoxe o PSdeG non formulou ningunha emenda, ningunha..., bueno, rectifico, unha, unha que detraía 250.000 euros da partida de axudas e subvencións en materia de servizos sociais.

Creceon todas as partidas. Iso si, como vivimos no mundo da manipulación, a señora Ortega recordounos que se rebaixou un 50 % o bono Concilia, e esqueceu contar que é porque este é o primeiro ano no que este goberno —o primeiro de España— declarou a gratuidade das gardarías para todos os segundos fillos e sucesivos de todas as familias galegas. E vostede acúsanos de recortar. É unha cousa certamente sorprendente o grao de manipulación que se pode chegar a escoitar nesta Cámara.

Fala vostede dun plan, señoría, pero o certo que a única medida que expón na súa iniciativa era complementar a Risga a familias con menores a cargo ou con maiores con discapacidade. A Risga —sábeo ben tamén a señora Rodil— xa contempla eses complementos específicos para as familias con menores ou maiores con discapacidade a cargo, como o que solicita o Partido Socialista de Galicia. Uns complementos que pretendemos mellorar, por certo, aproveitando os recursos da Risga, que deberían de quedar liberados coa posta en marcha do ingreso mínimo vital.

A señora Ortega contounos as marabillas do ingreso mínimo vital, pero olvidouse de comentar que o 80 % das risgas seguen en vigor, contra todas as previsións, porque o certo é que o ingreso mínimo vital en Galicia é un fracaso absoluto, que non cubriu aínda nin o 25 % dos beneficiarios que vostedes anunciaron profusamente en renda hai uns meses. Menos do 25 %, señora Ortega, pero iso olvidouse de contalo. Como se olvidou de contar que non se fixo aínda esa compatibilización da Risga co ingreso mínimo vital porque en todos estes meses vostedes non foron capaces de establecer a normativa que regula ese ingreso mínimo vital, e modificárona ata en oito ocasións, ¡en oito!

Convencidos, aínda así, de que é posible mellorar estas axudas, nós, recentemente, impulsamos un acordo na Cámara solicitando o reforzo deses complementos e a mellora na xestión do ingreso mínimo vital. Por certo, iniciativa que transaccionamos entre Partido Popular e BNG, e o único grupo que non a apoiou foi o Partido Socialista de Galicia.



Constaba, a iniciativa, dun acordo de catro puntos que instaba á actuación da Xunta e do Goberno de España, entre os cales se incluía a proposta que hoxe vostede nos fai.

Téñoa aquí: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España

1. Garantir a percepción da prestación por fillo a cargo para aquelas familias que non resulten beneficiarias do ingreso mínimo vital.
2. Apostar polo reforzo da prestación por fillo a cargo dirixida a fogares con fillos menores de idade ou maiores afectados por unha discapacidade igual ou superior ao 65 %.
3. Axilizar a tramitación das solicitudes presentadas ao ingreso mínimo vital e —por certo— solicitar o deseño do transvasamento coordinado co Goberno galego que ofrezca garantías aos beneficiarios das rendas mínimas autonómicas —para evitar, por certo, eses problemas que vostede veu relatarnos aquí—.
4. Reclamar a transferencia a Galicia da xestión do ingreso mínimo vital.»

¿Por que non apoiou este acordo, señoría? Custa entendelo. Talvez porque exixía ao Goberno o mesmo que hoxe vostede pide á Xunta, cunha diferenza: que a Xunta xa o está facendo e o Goberno, non. Pero a vostedes gústalles, gústalles isto de reclamarlle ao seu Goberno o que lles exixen aos demais.

Señoría, en troques de reflexionar sobre a contradición de solicitar no Pleno unha medida que vostede non apoiou en comisión, vostede prefire incorrer nunha nova contradición. E vén hoxe aquí solicitarnos a rectificación dunhas declaracións que nunca tiveron lugar.

A Xunta, como non pode ser doutra maneira, respecta escrupulosamente a legalidade, en todas e cada unha das súas actuacións de apoio a menores. Porque hai que contextualizar as declaracións, e esas que vostede saca de contexto producíronse xusto despois de que se estivera falando, precisamente, da venda, da compra-venda dun menor na Coruña.

Como non leu vostede as declaracións ou, polo menos, non na parte que eu creo que o deixa bastante claro —si, si, escoitou, escoitou, non escoitou ben, porque creo que non escoitou esta parte—. Cito literalmente: «O noso deber é estar a carón de todas as familias que o estean a pasar mal, para dotalas de todos os recursos que necesiten para poder sacar os seus fillos adiante, que todos os pais poidan quedar cos seus fillos, que é o que queremos, pero temos que facer un traballo intenso con todas as entidades sociais, que coñecen moi ben os casos, que nos trasladan cada día eses casos de familias que teñen necesidades, e o noso deber é estar ao seu carón.» Eu creo que deixa pouco lugar á imaxinación, sinceramente, pero é máis fácil manipular.

Mire, eu creo que este compromiso do Goberno galego coas familias en situación de dificultade, que é extensible, por certo, a todas as persoas que viven en situacións de risco de pobreza, permitiu que Galicia fose das poucas comunidades autónomas que ao longo de toda crise reduciu os seus índices de pobreza.



Non é que o diga eu, é que o dixo aquí a presidenta de EAPN Galicia, que situou —abro comiñas— «Galicia como unha das oito comunidades autónomas que conseguiron reducir a taxa de pobreza dende o comezo da crise no 2008, e que seguimos estando por debaixo da media nacional, e moi lonxe doutras comunidades autónomas.»

Como lle dicía, vostede está acostumada a manipular declaracións, e eu enténdoo. De feito, estas declaracións da señora Ingerto, vostede, nunha comisión neste Parlamento, transformounas —ou interpretounas— no seguinte: a señora Ingerto consideraba os datos moi preocupantes, porque seguimos por debaixo da media nacional. Estamos peor que a media nacional respecto aos niveis de pobreza.

Señoría, vostede é capaz de converter un eloxio que sitúa Galicia por debaixo da media en pobreza nun ataque á Xunta de Galicia dicindo que vostede ao que aspira é a que nos poñamos a nivel nacional e fabriquemos máis pobres. É unha cousa certamente sorprendente. E, ¡claro!, despois de escoitar isto, non me sorprende que hoxe veña aquí tamén asegurar que a conselleira dixo exactamente o contrario do que, efectivamente, se produciu nesa entrevista.

A min paréceme que determinados temas, nos que coincido con vostede, creo que deben de ser tratados con escrupulosa lealdade e, sobre todo, temas dunha sensibilidade tan marcada como é a de atender nenos que están en situación de dependencia, deberíamos de xogar cunhas mínimas regras de limpeza —¡non, non, se xa se ve, xa se ve, efectivamente!—.

Repito, que todos os pais poidan quedar cos seus fillos, que é o que queremos. ¿Hai algunha dúbida? ¿Pero ten vostede algunha dúbida sobre o cumprimento da legalidade do Goberno galego? Porque eu invítoos a que vaian aos xulgados se coñecen un só caso, un só, no que se produciran esas ilegalidades que hoxe denuncian aquí. A min gustaríame que dixeran publicamente se ten coñecemento dalgún. Porque o contrario, señoría, é vir aquí facer un discurso tan fácil como perigoso, e a min paréceme que cando estamos falando de menores deberíamos de ser un pouco máis prudentes. E eu pídolle que deixe de manipular

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e pídolle que comparta o diagnóstico, que creo que é realista, que se fai dende este grupo, que é que Galicia, en materia de pobreza, está mellor que a media das comunidades autónomas españolas, pero que, aínda así, entre todos debemos tentar mellorar a situación, porque calquera media será inaceptable mentres quede unha soa familia en situación de dificultade en Galicia. Nós imos traballar lealmente para reverter esta situación. Gustaríame contar co apoio, algunha vez, dos grupos da oposición para o que creo que é un nobre obxectivo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Polo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señoría do Partido Popular, por favor, saque do corpo xa o espírito de Vox, porque cada día é máis radical nas declaracións tratando un tema tan sensible como o que traemos hoxe a esta Cámara. *(Aplausos.)*

Fala das declaracións das conselleira, e entendo que o único que está no acerto é vostede, e o resto, incluídas as propias asociacións, o partido do BNG, o Partido Socialista, estamos todos confundidos. Pero o certo é que discurso fácil e perigoso, como vostede dicía, son as declaracións da conselleira, un aspecto tan sensible como é asociar a retirada da tutela dun menor a unha nai ou pai por falla de recursos, cando é a propia Administración autonómica a que ten as competencias exclusivas en materia de servizos sociais, e que ten que suplir esa falla de recursos para que non sucedan esas carencias *(Aplausos.)*

Falaba de EAPN de Galicia tamén, pero esqueceuse de dicir que foi a primeira que instou o Goberno galego a levar a cabo a complementariedade con outras rendas, como o ingreso mínimo vital, por parte da Risga, que é a propia renda galega a que —se non coñece a Lei de inclusión, xa llo dicimos—, a que impide, a que dá o veto a outras rendas de inclusións. Por iso non se permite neste país, en Galicia, a propia complementariedade de ambas as rendas *(Aplausos.)* e por iso —vostede sábeo perfectamente— non manipule, non manipule. *(Murmurios.)*

Señorías do Partido Popular, para combater a pobreza non hai que inventar solucións máxicas, as solucións veñen da man de impulsar o emprego, de investir en vivenda social —o que non se fai dende o Goberno do Partido Popular en Galicia—, de complementar as rendas de inserción, pero para iso é necesario sensibilidade, é necesario vontade política e é necesario, ¡como non!, recursos. E recursos hai, e moitos, porque, ademais, a Galicia chegaron por parte de Europa e por parte do Estado, polo fondo covid, 735 millóns: 235 millóns para axudas a autónomos e empresas, 17 millóns de axuda extraordinaria covid, máis 17 millóns do fondo social e extraordinario covid, case 2 millóns para becas de comedor, 7.800.000 para programas de atención a familias de pobreza infantil, 45 millóns para dependencia, 10.700.000 para facilitar a conciliación, case 2 millóns para dar resposta ás dificultades dos alumnos de formación profesional nesta crise; máis de 61 millóns na formación profesional para o emprego, 167 millóns para fomentar o emprego na xuventude, 169 millóns para políticas activas de emprego, entre outras moitas transferencias. *(Aplausos.)*

Non pode ser que a Galicia cheguen estes fondos e teñamos que observar como Galicia lidera a caída do paro en España. Non podemos observar como, despois de chegar estes fondos, temos que, unha vez máis, ver como a Xunta deixou sen gastar 2 de cada 3 euros dos fondos para o acceso á vivenda o ano pasado *(Aplausos.)*

E sigo: Galicia está á cola en España en gastos de servizos sociais por habitante. Esta é unha noticia recente. Galicia está á cola en España en gasto de servizos sociais por cada habitante.



Seguimos: despois de tantos fondos, a Xunta reclama a persoas sen recursos que devolvan varios meses da Risga, ao mantela, por decisión do Goberno do Partido Popular de Galicia, incompatible co ingreso mínimo vital. *(Aplausos.)* ¡Pero a que estamos xogando! ¡Incrible!

¿Pero non se dan conta dende o Goberno galego que por aquí tamén pasou a pandemia? ¿Non son conscientes de que é o momento de investir todos os recursos dispoñibles para blindar as persoas máis vulnerables en Galicia? ¿Non se dan conta de que para blindar os dereitos dos menores nun momento tan crítico é preciso investir de xeito significativo superior ao que se viña facendo?

¡Que por aquí pasou a pandemia, non sigan gobernando como se non pasara nada! Galicia non avanzará mentres non fagamos un plan integral contra a pobreza na infancia e na xuventude, un plan que garanta que nesta crise todo fogar con menores a cargo teña os recursos mínimos en base ao limiar da pobreza relativa no noso país, cun estudo previo de afectación da pandemia. Para iso é necesario que o Goberno galego modifique a Lei de inclusión, para que a Risga deixe atrás o veto a outras rendas de inserción que poden complementar, como o caso do ingreso mínimo vital, señorías do Partido Popular, que si é compatible.

Dous: elaborar unha estratexia galega potente para garantir o acceso e mantemento da vivenda ás persoas en situación de vulnerabilidade, especialmente naquelas con menores a cargo, señorías do Partido Popular. É unha obriga que temos.

Terceiro: executar un plan de inserción laboral en plena coordinación cos servizos sociais do ámbito local, incrementando os recursos autonómicos para iso. É preciso analizar o mercado laboral, como xa comentaron en anteriores intervencións, e como está afectando a crise por sectores en Galicia.

A Asociación Española de Pediatría está alertando dun incremento nas consultas por trastornos psicolóxicos en menores, derivado das restricións da pandemia, señorías, e agudizado naqueles fogares que viron reducidos os seus ingresos. Agora máis que nunca, temos que prestar atención aos nenos, nenas e adolescentes, que a sociedade tende moitas veces a invisibilizar, e non é xusto. Non queremos que os nenos e nenas sexan vítimas invisibles da pandemia, poñamos vontade política e solucións inmediatas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.


A señora ORTEGA OTERO: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

Rematado o debate desta iniciativa, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e media do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

